

DEPARTAMENTO DE
LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO 2021-2022

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

IES VIRXE DO MAR – NOIA
(15010812)

ÍNDICE

Composición do Departamento.....	3
CUESTIÓNS PREVIAS.....	4
A. CUESTIÓNS CONCEPTUAIS.....	9
B. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	13
1. LINGUA GALEGA E LITERATURA DE PRIMEIRO CURSO DE ESO.....	14
2. LINGUA GALEGA E LITERATURA DE SEGUNDO CURSO DE ESO.....	44
3. LINGUA GALEGA E LITERATURA DE TERCEIRO CURSO DE ESO.....	91
4. LINGUA GALEGA E LITERATURA DE CUARTO CURSO DE ESO.....	128
C. BACHARELATO.....	164
5. LINGUA GALEGA E LITERATURA DE PRIMEIRO DE BACHARELATO.....	165
6. LINGUA GALEGA E LITERATURA DE SEGUNDO DE BACHARELATO.....	199
7. LITERATURA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE DE SEGUNDO DE BACHARELATO.....	228
D. PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	238

Composición do Departamento de Lingua Galega e Literatura

D. Ignacio Rodiño Caramés, imparte Lingua galega en tres grupos de 1º ESO (12 horas) e dous grupos de 2º ESO (6 horas).
Total de horas de docencia: **18** (Coordinador do Proxecto E-Dixgal)

D. Xavier Castro Rodríguez, imparte Lingua Galega nos tres grupos de 1º BAC (9 horas), e nos tres grupos de 3º ESO (9 horas)
Total de horas de docencia: **18** (Xefe do Departamento)

D.^a Olga Amigo Devesa, imparte Lingua e literatura galegas nos tres grupos de 4º ESO (9 horas), nos dous grupos de 2º BAC (6 horas), Literatura Galega do S. XX en 2º bacharelato (2 horas) e Oratoria en 2º ESO (1 hora).
Total de horas de docencia: **18** (Coordinadora do proxecto interdisciplinar de Innovación Educativa centrado en hábitos de alimentación saudables. Plan Proxecta)

**Total de horas de docencia do Departamento
de Lingua Galega e Literatura..... 54**

CUESTIÓN PREVIAS.

A Programación Didáctica do presente curso académico contempla o

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_covid_curso21_22_2021_07_06.pdf

- A programación didáctica elabórase contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial e/ou non presencial.

Para a elaboración desta Programación Didáctica, e seguindo as directrices establecidas na CCP, consideraranse os seguintes criterios:

a) Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2020/2021.

b) Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial da materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

c) Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar. Recoméndase o seu desenvolvemento dende un enfoque competencial e a través de propostas metodolóxicas activas e axustadas ás necesidades concretas do alumnado e grupo e que fomenten a colaboración e a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

d) Constarán as adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir, identificando de forma expresa aquelas aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo.

e) Revisión dos obxectivos de área ou materia en cada nivel, así como das competencias clave que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación da programación.

Prestarase especial atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención a diversidade que se poidan establecer.

Os plans de reforzo e recuperación forman parte da programación didáctica.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Este Departamento ten activadas as seguintes ferramentas virtuais por se acontecese un proceso de semi presencialidade ou confinamento total:

AULA VIRTUAL do Centro Educativo, PLATAFORMA E-DIXGAL, BLOGUE DE AULA: larapeta.wordpress.com e WIKI Plan Proxecta: larapetecible (Google site)

Todo o alumnado responsabilidade do profesorado deste Departamento didáctico foi informado nos primeiros días de inicio do curso das ferramentas virtuais, -do seu funcionamento e metodoloxía-, activadas para o seu uso permanente.

Neste curso 2021-2022, e seguindo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA

PARA O CURSO 2020-2021 (XUNTA DE GALICIA, Consellería de Cultura, Educación e Universidade e Consellería de Sanidade), considéranse os seguintes apartados do mesmo:

29. Aulas virtuais e ensino a distancia.

29.1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual, a través do enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/XXXXXX/aulavirtual2> onde XXXXX corresponde ao nome do centro. O acceso á mesma estará na páxina web do centro educativo.

29.2. As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo. Nos cursos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou videochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

29.6. Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

29.7. A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que os/as alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual. Crearase tamén un usuario na aula virtual para o/a inspector/a do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dito/a inspector/a o seu usuario e clave.

No caso de que haxa alumnado que careza das ferramentas para levar a cabo a educación non presencial ou semipresencial intentarase prover ao mesmo do material educativo necesario para a realización das tarefas encomendadas e o seguimento do mesmo mediante a comunicación co alumnado e coas familias.

Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse, chegado o caso, de forma que permitan determinar o nivel competencial acadado polo alumnado, sempre adecuándose ás modalidades xa citadas de ensino presencial e non presencial.

AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase durante o inicio deste curso escolar. Este proceso permite identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa na materia. Analizarase:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das competencias clave.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións no Departamento didáctico de actuación por parte do profesorado que conforma o mesmo.

A partir dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2020/2021 e da avaliación inicial reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior coa fin de garantir a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

Na aplicación de reforzos estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, entre outras.

ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)

1. Coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e procurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.
2. Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, ás súas circunstancias.
3. Deséñanse e desenvólvense plans de recuperación dos aspectos curriculares afectados, incluíndo neles as medidas de atención a diversidade en xeral e en particular as referidas ao alumnado con NEAE.

A. CUESTIÓNS CONCEPTUAIS

A.1. Os bloques.

O [currículo da materia de Lingua Galega e Literatura](#) preséntase estruturado en cinco bloques:

- Bloque 1, "**Comunicación oral. escoitar e falar**", atende ao uso oral da lingua. Incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a lingua galega dentro e fóra da aula en contextos formais e informais.
- Bloque 2, "**Comunicación escrita. Ler e escribir**", ocúpase da comprensión lectora e a produción escrita.
- Bloque 3, "**Funcionamento da lingua**", integra contidos relacionados co código e a súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua coa finalidade de capacitar para o seu uso correcto, para concibir os coñecementos lingüísticos non como un fin en si mesmo, senón como medio.
- Bloque 4, "**Lingua e sociedade**", pretende que o alumnado comprenda os procesos sociolingüísticos e históricos que explican a situación actual da lingua e identifique os prexuízos para a súa superación. Tamén ten como obxectivos que recoñeza e empregue termos sociolingüísticos de xeito preciso.

- Bloque 5, "**Educación literaria**", asume o obxectivo de facer do alumnado lectorado competente, que integre a lectura como un mecanismo de comprensión do propio eu e da sociedade ao longo de toda a súa vida, a través do achegamento á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e autoras máis salientables, recoñecendo a vinculación destes produtos literarios coa propia historia de Galiza.

A.2. As competencias clave

As competencias clave directamente relacionadas co currículo de Lingua galega e literatura son:

1. **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** A creación e interpretación de emisións orais, a lectura de textos de diversa índole, así como a composición de producións escritas planificadas sobre os temas propostos, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica e cunha coidada presentación, amais da participación en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e da realización de producións orais planificadas, son todas elas actividades que contribúen a un desenvolvemento activo das competencias en comunicación lingüística.
2. **Competencia para aprender a aprender (CAA):** a interrelación dos contidos conceptuais estudados na clase coa lectura de textos de carácter literario, histórico ou documental reforza as estratexias cognitivas e permite unha adquisición pertinente e contextualizada dos citados contidos. A análise crítica de diferentes discursos contribúe a desenvolver estratexias para a comprensión do sentido literal e o significado implícito de calquera tipo de texto.
3. **Competencia dixital (CD):** A procura de información, non só escrita, senón tamén audiovisual a través da rede, e a elaboración, tratamento e presentación da información en formato dixital permite desenvolver esta competencia. É esencial o manexo dun procesador de textos así como de estratexias para a localización e procesado da información.

4. **Competencia social e cidadá (CSC):** Comprender a situación da propia lingua axuda a apreciar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos e como unha riqueza para a Humanidade. Tomar conciencia do protagonismo social e individual á hora de transformar a realidade, contribuíndo ao proceso de valorización do idioma e da súa normalización social, leva consigo a adquisición dunha posición activa dentro da sociedade e na evolución da mesma.

5. **Conciencia e expresións culturais (CEC).** Favorécese o coñecemento, comprensión e valoración crítica das manifestacións culturais e artísticas e a súa utilización como fonte de enriquecemento persoal e de goce, valorando a súa protección e conservación como parte do patrimonio dos pobos. O estudo da historia da lingua e da literatura contribúe ao coñecemento básico de diferentes obras e manifestacións destacadas do patrimonio cultural, ao mesmo tempo que capacita para identificar as relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade e as persoas que as crearon. Permite coñecer os diferentes estilos artísticos e literarios que se sucederon na ao longo da Historia, nomeadamente nos períodos medieval, moderno e contemporáneo.

6. **Autonomía e Iniciativa Persoal (AIP).** Contribúese a que o alumnado sexa quen de deseñar, artellar, desenvolver e avaliar accións e proxectos, individuais ou colectivos, con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

B. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Os obxectivos pedagóxicos marcados pola Administración educativa para que todo o alumnado acade ao rematar o ensino secundario obrigatorio son:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio

de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1. LINGUA GALEGA E LITERATURA DE PRIMEIRO CURSO DE ESO.

En consonancia coa aposta do Departamento de Lingua Galega e Literatura pola educación dixital, acordouse participar no programa E-Dixgal levado a cabo pola Consellería de Educación.

A materia de Lingua Galega e Literatura de 1º ESO impartirase, desde o curso 2020-2021, dentro do proxecto educativo E-Dixgal: empregaranse tanto a plataforma de aprendizaxe EVA-Edixgal como os materiais que se poñen a disposición do profesorado que a imparte por parte das diferentes editoriais.

1.1.- Obxectivos para 1º ESO:

A transmisión de conceptos non ten como finalidade a memorización polo alumnado senón a adquisición de competencias: apréndese para saber facer algo co aprendido. A **adquisición eficaz dos estándares de aprendizaxe** que a continuación se relacionan é o principal obxectivo en cada curso da ESO.

1.2.- Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe mínimos esixidos (relacionados cos respectivos estándares de aprendizaxe e competencias básicas)

No recadro de estándares de aprendizaxe mínimos esixidos, están recollidos os mínimos esixidos para cada criterio de avaliación.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe mínimos esixidos
B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.	LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	CCL,CAA	Comprender o contido dunha noticia radiofónica. Resumir o seu contido.
B1.2. Extraer a intención	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral,	CCL,CAA23,3,	

comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e académico. LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.		
B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	CCL,CSC,CAA,CSIE	Manter as normas de respecto e cortesía que rexen na comunicación oral. Recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos e dos códigos non verbais.
B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	CCL,CAA,CAS	
B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.	LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.	CD,CAA,CSEI E,CCL	Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais
B1.6. Valorar as producións emitidas cunha	LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de	CCL,CAA,CCE C	

fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.		
B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL,CSC	Producir textos breves, adecuados e correctos en intervencións espontáneas.
B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito académico, respectando as regras de interacción. LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	CCL,CSC	
B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. LGB1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta	CAA,CCL,CSC ,CSIEE	Saber utilizar as técnicas e estratexias para falar en público, tanto en situacións formais coma informais, de forma individual ou en grupo. Planificar os contidos dos textos orais.

	<p>autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con autoconfianza e seguridade</p> <p>LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.</p> <p>LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.</p> <p>LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.</p> <p>LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.</p>		
B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	<p>LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.</p> <p>LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.</p>	CCL,CSC,CSI EE,CCEC	Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.
B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	<p>LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.</p> <p>LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.</p> <p>LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.</p> <p>LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.</p> <p>LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.).</p> <p>LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das</p>	CCL,CCA,CD	Subliñar, esquematizar e resumir diferentes tipos de texto. Utilizar o dicionario para coñecer o significado de termos descoñecidos

	<p>mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.</p> <p>LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.</p>		
<p>B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.</p>	<p>LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.</p>	CCL,CSC	<p>Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.</p>
<p>B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.</p>	<p>LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.</p>	CCL,CSC	<p>Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación: noticias, sucesos.</p>
<p>B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito académico do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.</p>	<p>LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida académica: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.</p> <p>LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.</p>	CCL,CAA,CD, CSC	
<p>B2.5. Utilizar de forma guiada as</p>	<p>LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as</p>	CCL,CAA,CD	<p>Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para</p>

bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.		obter información e consultar modelos de composición escrita.
B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios. LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.	CCL,CSC	
B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego. LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.	CCL,CD	Ler en voz alta fluidamente un texto.
B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto. LGB2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa. LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal. LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas). LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	CCL,CD	Planificar e producir textos con adecuación, coherencia, cohesión, respectando as normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e	LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	CCL,CD,CSC	Producir , en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais: cartas, notas, mensaxes.

das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.			
B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital. LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.	CCL,CD,CSC	Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos tipo noticia.
B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.	CCL,CD	
B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	CCL,	
B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.	LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación. LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.	CCL,CD	Usar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.
B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.	LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas. LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de	CCL,CAA	

	aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.		
B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.	CCL	Empregar o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal e informal da lingua.
B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	CCL,CAA	Pronunciar correctamente os fonemas propios da lingua galega
B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	CCL,CD	Saber utilizar os dicionarios e as tic para consultar e resolver dúbidas.
B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.	CCL	Respectar as normas gramaticais en textos orais e escritos.
B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	CCL	Usar a puntuación de acordo coa cohesión textual
B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.	CCL,CAA	
B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual	LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.	CCL,CAA	Recoñecer a deixe persoal e a súa función de cohesión textual.

como a deíxe persoal.			
B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).	LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.	CCL,CAA	Recoñecer os conectores textuais máis comúns
B3.9. Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia. LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.	CCL,CAA	Usar as regras da concordancia na elaboración de textos. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.
B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	CCL,CAA	
B3.11. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.	CCL,CAA	Recoñecer os erros nas producións orais e escritas propias e alleas.
B.3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes	LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL,CAA,CD	

no centro, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.			
B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL,CAA	
B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.	LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico. LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia. LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona. LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.	CCL	Valorar as linguas como medio de expresión, de relación e como sinal de identidade dun pobo. Recoñecer a importancia da lusofonía
B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado.	LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado. LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos.	CCL	
B4.3. Adquirir	LGB4.3.1. Analiza a súa	CCL,CSC	Valorar a importancia de

vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.		contribuír individualmente á normalización da lingua galega.
B4.4. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.	LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.	CCL,CSC	Coñecer a situación legal das linguas de España.
B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	CCL,CSC	Identificar prexuízos lingüísticos. Dar exemplos da súa contorna.
B4.6. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.	LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural. LGB4.6.2. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.	CCL,CCEC	Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.
B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada	LGLB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	CCL	Ler textos literarios e recoñecer neles trazos literarios. Ler obras literarias, de maneira guiada, e emitir un xuízo ou opinión argumentada.

texto.			
B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	LGLB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes. LGLB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	CCL	Diferenciar e caracterizar os tres xéneros literarios.
B5.3. Ler expresiva e comprensivamente e, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.	LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.	CCL	Ler expresiva e comprensivamente diferentes textos poéticos.
B5.4. Ler expresiva e comprensivamente e textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.	LGLB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.	CCL	Ler expresiva e comprensivamente diferentes textos narrativos.
B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente e, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	LGLB5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	CCL	Ler expresiva e comprensivamente diferentes textos dramáticos.
B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	CCL,CCEC	Escribir textos sinxelos de intención literaria, empregando diferentes recursos retóricos.
B5.7. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic	LGLB5.7.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística.	CCL,CCEC	

e a canción como linguaxes artísticas.	LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios. LGLB5.7.3. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística. LGB5.7.4. Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios.		
B5.8. Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.	LGLB5.8.1. Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.	CCL,CD	

1.3.- Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contidos.-

Bloque	Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	d,e,h,i,o	B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.	Escoita e comprensión de diferentes textos orais dos medios de comunicación audiovisual.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	d,e,h	B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e académico (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).	Escoita, comprensión e análise de textos orais do ámbito académico.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a,c,d,h,	B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.	Organización ordenada das Intervencións e opinións do alumnado, respectando a quenda de palabra e a exposición dos demais membros do grupo.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e	a,c,d,e, h	B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial	Escoita e comprensión de diferentes textos orais dos medios de comunicación

falar		atención aos programas informativos.	audiovisual.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	h,p,	B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.	Elaboración e gravación dunha noticia en soporte dixital.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	h,p	B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	b,e,g,h	B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	Producción de textos orais (diálogos, conversas) a partir da asunción de distintos roles.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a,c,d,h,	B.1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito académico (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).	Preguntas breves dirixidas a manter a atención e o interese sobre os contidos que se traballan na aula.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a,b,c,g, h,p	B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.	Planificación, preparación e exposición dun texto expositivo tendo en conta as técnicas e estratexias necesarias para falar en público.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a,d,h,i,o	B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.	Planificación, preparación e exposición de diferentes textos seguindo uns roles dados.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,f,h	B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	Aplicación de estratexias que facilitan a comprensión de textos (selección e subliñado da información importante e busca do vocabulario descoñecido).
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	d,e,h	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.	Lectura e comprensión de textos relacionados coa vida cotiá (mensaxes electrónicas, normas, instrucións) elaborados polo propio alumnado.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	d,e,h	B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.	Lectura e análise de textos dos medios de comunicación (noticias fundamentalmente)
Bloque 2. Comunicación	d,e,h	B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito académico,	Lectura e análise de distintos textos do ámbito académico.

escrita. Ler e escribir		especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.	
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,e,h	B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	Busca guiada de información na rede e na biblioteca.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	c,d,h	B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.	Análise crítica da linguaxe utilizada en diferentes textos
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	h,o	B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.	Lectura en voz alta de diferentes textos.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,e,h	B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	Revisión dos textos elaborados polo alumnado atendendo ás regras de adecuación, coherencia e cohesión.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,e,h	B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	Producción de distintos textos relacionados coa vida cotiá en soporte papel ou dixital.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,e,h	B2.10. Producción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	Elaboración e gravación dunha noticia en soporte dixital.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,e,h	B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	Producción de diferentes textos relacionados coa vida académica (resumos, exposición e conclusións).
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,e,h	B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	Producción de diferentes textos en soporte impreso ou dixital de distinta tipoloxía (descripción, exposición...)
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,e,h,f	B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.	Aplicación dos correctores informáticos ás propias elaboración dos alumnos en soporte dixital.
Bloque 2. Comunicación	b,f,h	B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha	Enquisa de autoavaliación da aprendizaxe da lingua.

escrita. Ler e escribir		actitude activa e de confianza.	
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e,l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	Estudo de vocabulario a partir de diversos textos.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	a,d,e	B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.	Estudo e análise das características fonéticas e fonolóxicas da lingua e discriminación de interferencias e textos orais
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e,n,l	B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.	Uso de dicionarios e manuais de consulta en soporte impreso ou dixital para a análise e produción dos textos.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e	B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	Revisión dos propios textos e aplicación das normas ortográficas e morfolóxicas.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e	B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	Revisión dos propios textos e aplicación das pautas de cohesión textual.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e	B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.	Análise das categorías gramaticais básicas nos textos traballados.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e,l,n,	B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.	Análise dos mecanismos de cohesión textual e aplicación nas propias producións.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e,h	B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.	Análise dos conectores textuais máis comúns e aplicación nas propias producións.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e,h	B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	Estudo e análise das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e,h	B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	Estudo e análise das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e	B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación,	Revisión dos propios textos elaborados polo alumnado.

		aceptando o erro como parte do proceso.	
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e,h	B.3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	Elaboración grupal dun vídeo sinxelo (dunha temática relacionada con contidos transversais, aínda sen determinar) no que se recollan testemuños de diferentes alumnos e alumnas do centro que coñezan e usen linguas distintas.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e	B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	Elaboración grupal dun vídeo sinxelo (dunha temática relacionada con contidos transversais, aínda sen determinar) no que se recollan testemuños de diferentes alumnos e alumnas do centro que coñezan e usen linguas distintas.
Bloque 4. Lingua e sociedade	o,p	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. B4.2. O plurilingüísmo como expresión da riqueza cultural da humanidade. B4.3. A lusofonía.	Elaboración grupal dun vídeo sinxelo (dunha temática relacionada con contidos transversais, aínda sen determinar) no que se recollan testemuños de diferentes alumnos e alumnas do centro que coñezan e usen linguas distintas.
Bloque 4. Lingua e sociedade	o,p	B4.4. Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.	Elaboración dun traballo de recollida de datos sociolingüísticos no ámbito familiar.
Bloque 4. Lingua e sociedade	o,p	B4.5. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	Escoita e análise crítica de vídeos (aloxados na internet) de contidos relacionados coa utilización da lingua.
Bloque 4. Lingua e sociedade	o,p	B4.6. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	Análise de textos sobre a situación sociolingüística e legal das linguas de España e recollida das conclusións.
Bloque 4. Lingua e sociedade	o,p	B4.7. Prexuízos lingüísticos.	Análise e comentario de textos orais e recollida dos prexuízos detectados.
Bloque 4. Lingua e sociedade	h,o,p	B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.	Escoita e análise de diferentes textos orais e escritos pertencentes a distintas variedades xeográficas.
Bloque 5.	h,l	B5.1. Lectura, con regularidade e	Lectura de distintos textos

Educación literaria		de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.	literarios
Bloque 5. Educación literaria	h,l	B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	Análise de textos literarios e non literarios e de fragmentos pertencentes aos tres grandes xéneros.
Bloque 5. Educación literaria	h,l	B5.3. Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.	Lectura expresiva de textos poéticos e análise das características destacadas en relación co xénero.
Bloque 5. Educación literaria	h,l	B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.	Lectura expresiva de textos narrativos e análise das características destacadas en relación co xénero.
Bloque 5. Educación literaria	h,l	B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	Lectura expresiva de textos dramáticos e análise das características destacadas en relación co xénero.
Bloque 5. Educación literaria	h,l,n	B5.6. Producción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	Elaboración de textos literarios sinxelos (contos, poemas, textos teatrais)
Bloque 5. Educación literaria	h,l,n	B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.	Análise do cómic e dos elementos característicos e elaboración de tiras e viñetas. Análise de cancións e dos elementos característicos.
Bloque 5. Educación literaria	e,h,l	B5.8. Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.	Elaboración de traballos que requiran a consulta dos fondos da biblioteca, tanto manuais dixitais como impresos.

1.4.- Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.-

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	Observación e rexistro. Caderno de aula.

<p>LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e académico.</p> <p>LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.</p>	<p>Observación e rexistro. Caderno de aula.</p>
<p>LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).</p> <p>LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.</p>	<p>Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.</p>
<p>LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.</p> <p>LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.</p> <p>LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.</p>	<p>Observación e rexistro. Caderno de aula.</p>
<p>LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.</p> <p>LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.</p>	<p>Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.</p>
<p>LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.</p> <p>LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.</p> <p>LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>	<p>Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.</p>
<p>LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).</p> <p>LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p>	<p>Observación e rexistro.</p>
<p>LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito académico, respectando as regras de interacción.</p> <p>LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.</p>	<p>Observación e rexistro.</p>
<p>LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.</p> <p>LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade</p> <p>LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.</p> <p>LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.</p>	<p>Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.</p>

LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	
LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	Observación e rexistro.
LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos. LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas. LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto. LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.). LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet. LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	Observación e rexistro. Caderno de aula. Proba escrita.
LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida académica: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes. LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	Observación e rexistro.
LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios. LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.	Observación e rexistro. Proba escrita.
LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego. LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.	Rúbrica de avaliación.
LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto. LGB2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa. LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do	Caderno de aula. Proba escrita.

<p>sintagma verbal.</p> <p>LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).</p> <p>LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.</p>	
LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	Caderno de aula. Proba escrita.
<p>LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.</p> <p>LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.</p>	Observación e rexistro. Caderno de aula. Proba escrita.
LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	Caderno de aula. Proba escrita.
<p>LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.</p> <p>LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.</p>	Observación e rexistro. Caderno de aula. Proba escrita.
<p>LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.</p> <p>LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.</p>	Observación e rexistro.
LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	Observación e rexistro.
LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	Observación e rexistro. Caderno de aula.
<p>LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</p> <p>LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.</p>	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.	Observación e rexistro. Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.	Caderno de aula.

	Proba escrita.
LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.	Observación e rexistro. Proba escrita.
LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Observación e rexistro.
LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	Observación e rexistro.
LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico. LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia. LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona. LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.	Observación e rexistro. Caderno de aula. Proba escrita.
LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado. LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos.	Observación e rexistro. Caderno de aula. Proba escrita.
LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	Observación e rexistro. Proba escrita.
LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.	Proba escrita.
LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno	Proba escrita.
LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural. LGB4.6.2. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.	Proba escrita.
LGLB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	Proba escrita.
LGLB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe	Proba escrita.

as súas diferenzas e similitudes. LGLB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	
LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.	Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro. Proba escrita.
LGLB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.	Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro. Proba escrita.
LGLB5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro. Proba escrita.
LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGLB5.7.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística. LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios. LGLB5.7.3. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística. LGB5.7.4. Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGLB5.8.1. Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.	Observación e rexistro.

1.5.- Metodoloxía.

As competencias que debe adquirir o alumnado obsérvanse como capacidades de resolución de situacións problema da vida real. Estas situacións problema deben ser o punto de partida das distintas secuencias didácticas, deseñadas cun **enfoque comunicativo** que aproxime os contextos de aprendizaxe do alumnado á vida do seu entorno vital.

Esta aprendizaxe require unha proposta didáctica de **actividades integradas**. Por exemplo, para unha exposición oral planificada en grupo precisan integrar a expresión e comprensión orais, a investigación, as ferramentas TIC, a expresión escrita, a técnica do traballo colaborativo e cooperativo...

Procurarase abordar de forma integrada as cinco destrezas lingüísticas: falar, escoitar, ler, escribir e interactuar, así como os cinco bloques de contidos que vertebran o currículo desta materia: comunicación oral, comunicación escrita, reflexión sobre a lingua, sociolingüística e educación literaria.

Trátase, pois, dunha metodoloxía inclusiva, participativa e colaborativa, na que o alumnado comparta fortalezas e supla debilidades coa axuda dos máis compañeiros e compañeiras, dirixidos pola profesora.

O tratamento da información, mediante unha correcta **alfabetización informacional** que facilite a busca, selección, análise e interpretación da

información, é un dos puntais metodolóxicos nesta materia, pois activa estratexias de comprensión e expresión e facilita a aprendizaxe competencial.

1.6.- Procedementos de avaliación.

Utilizaranse procedementos de avaliación variados e coherentes coas actividades de aprendizaxe, para facilitar a avaliación do alumnado e do proceso integral de ensinanza e aprendizaxe (avaliación formativa). Os principais procedementos de avaliación son:

- Observación e rexistro das intervencións na aula.
- Caderno de aula ou tarefas da aula virtual.
- Rúbricas de avaliación.
- Probas escritas.

O conxunto de procedementos de valoración dos estándares de aprendizaxe permiten a comprobación da adquisición de todas as competencias que se adquiren nesta materia nun marco de avaliación coherente que será continua, formativa e sumativa ao finalizar cada trimestre e o curso.

O alumnado que non supere os estándares mínimos de aprendizaxe recibirá as indicacións e recursos, de ser precisos, por parte da profesora para, deste xeito, acadar a capacitación suficiente para superar o curso.

Ao longo do curso a **avaliación será continua**, o que implica que a recuperación dunha avaliación se fai aprobando a seguinte. O alumnado que non acade 5 puntos na avaliación ordinaria deberá superar a proba extraordinaria de xuño, na que se examinará de toda a materia, incluídos os libros de lectura obrigatoria.

O uso de calquera medio fraudulento na realización das distintas probas e tarefas implicará a cualificación nas mesmas con cero puntos.

1.7.- Criterios de cualificación

Os 10 puntos da cualificación final de cada avaliación desagreganse da seguinte forma:

- Probas escritas: **7** puntos
- Probas de lectura: **1** punto pola lectura obrigatoria proposta pola profesora e **0.5** puntos a segunda lectura obrigatoria, elixida polo alumnado.
- Expresión oral: **1** punto: intervencións na aula e exposición oral planificada.
- Observación e rexistro do traballo na aula: **0.5** puntos
- O caderno de aula, así como calquera outra tarefa que o profesorado indique, poderanse utilizar para redondear notas á alza, sobre a cualificación obtida na suma dos rexistros anteriores.

Para aprobar cada avaliación é preciso acadar unha cualificación mínima de **5** puntos. Ningunha cualificación por baixo de 3 puntos será reconsiderada mesmo no caso de que un alumno ou alumna suspenda unicamente esta materia.

A proba extraordinaria de **xuño**, que tamén recolle algunha cuestión sobre as lecturas feitas ao longo do curso, valórase sobre 10 puntos.

1.8.- Directrices e instrumentos para a avaliación inicial.

A comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para comprobar o punto de partida de cada alumno en relación aos estándares de aprendizaxe sobre os que se asenta a aprendizaxe do curso que comeza. Será unha proba competencial, integrada por compoñentes dos cinco bloques de contidos que vertebran o currículo desta materia: comunicación oral, comunicación escrita, reflexión sobre a lingua, sociolingüística e educación literaria e con enfoque comunicativo.

Esta proba presentárase mediante a petición de resolución de diferentes tarefas, que se afrontarán coa metodoloxía e recursos que o profesorado estime oportunos: soporte dixital ou papel, lectura en voz alta, exposición oral individual ao en grupo...de xeito que o conxunto de exercicios se resolvan en sesións diferentes e con metodoloxías diversas.

Esta avaliación inicial servirá para detectar fortalezas e debilidades do alumnado en relación a cada bloque de contidos e, así mesmo, tomar decisións sobre a pertinencia de aplicar determinados procedementos de reforzo en competencia lingüística ou adaptación curricular, se é o caso.

1.9.- Medidas de atención á diversidade.

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o *Decreto 86/2015* debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.
- Se visen obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Os principios básicos para o tratamento do alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios, as **actividades de aprendizaxe integradas** facilitan a gradación da dificultade, para que cada alumno sexa quen de visualizar o seu nivel de partida e ir aumentando pouco a pouco o grao de dificultade na resolución das tarefas.

O **traballo en grupo** tamén constitúe un importante apoio para a aprendizaxe colaborativa e cooperativa, pois as debilidades e fortalezas modifícanse en base ás aportacións dos restantes compañeiros e compañeiras. A ordenación da aula é moi importante para facilitar este tipo de traballos.

No Plan Xeral de Atención á Diversidade do IES Virxe do Mar aparecen concretadas todas as medidas xerais de atención ao alumnado que presenta algunha carencia neste sentido.

1.10.- Accións para a educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.

A través das lecturas recomendadas e da selección de materiais curriculares para cada unidade didáctica, afróntanse distintos aspectos da educación en valores tales como:

- Convivencia democrática e resolución pacífica de conflitos.
- Respecto pola liberdade de conciencia, intimidade e dignidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Coeducación e rexeitamento de calquera manifestación de discriminación e/ou violencia contra as mulleres.
- Alimentación e hábitos de vida saudables (Plan Proxecta).

1.11.- Accións de contribución ao plan Tic do centro.

O artigo 39 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece as pautas a seguir no ámbito da Educación dixital:

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.
3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.
4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.

En virtude do anteriormente disposto, o Departamento de Lingua Galega e Literatura promoverá a aplicación da educación dixital a fin de impulsar novos métodos de ensinanza-aprendizaxe e de construción do coñecemento.

O proxecto dixital do Departamento afondará no traballo iniciado os cursos anteriores:

- Fomentar o uso das TIC como recurso educativo e para a elaboración de materiais de apoio e utilizar portais educativos e foros de debate para a formación permanente e o intercambio de experiencias.
- Cambiar a metodoloxía no proceso de ensino-aprendizaxe que nos distancie dos métodos tradicionais e nos achegue a novos métodos nos que o/a profesor/a sexa un guía para a construción de aprendizaxes estandarizadas, significativas e competencias do propio alumnado.
- Deseñar e empregar os nosos propios recursos educativos dixitais: blog do Departamento: larapeta.wordpress.com, aulas virtuais e obxectos dixitais de aprendizaxe de elaboración propia. Tamén libro de texto dixital.

1.12.- Accións de contribución ao proxecto Lector do centro.

A comprensión lectora e expresión creativa son habilidades esenciais a adquirir e fortalecer nas clases de Lingua galega. A lectura comprensiva é a porta ao coñecemento e sen coñecemento, non existe a cidadanía crítica. É por isto polo que establecemos lecturas obrigatorias, comúns para todo o nivel, e valoradas en 1 punto; e lecturas optativas, a seleccionar polo alumnado de entre varias propostas, e valoradas en 0,5 puntos. Estas lecturas, como se indicou nos apartados 1.5 e 1.6 son puntuadas nun apartado específico co 15% do total da cualificación da avaliación.

As lecturas seleccionadas para **1º ESO** son as seguintes:

1.- <u>Chamádeme Simbad</u> . Francisco Castro. (Galaxia)
2.- <u>O misterio de Portomarín</u> . Antía Yáñez. (Galaxia)
3.- <u>Douche a miña palabra</u> . Fran Alonso (Xerais)

Arredor das obras de lectura obrigatoria organízanse encontros con autores e autoras, visualización de películas baseadas na obra literaria, visitas a lugares relacionados coa trama e debates orais ou virtuais sobre determinados aspectos do libro.

1.13.- Accións de reforzo/recuperación.

O alumnado que suspenda algunha avaliación recibirá as indicacións oportunas por parte do profesorado para mellorar o seu rendemento e acadar unha cualificación satisfactoria en relación aos estándares mínimos de aprendizaxe.

Como se indicou nos apartados 1.6 e 1.7 a avaliación é continua, polo que o alumnado que aprobe unha avaliación recupera a anterior, e viceversa: se hai retroceso e non progreso no proceso de aprendizaxe, a cualificación responderá á nova capacitación na resolución dos estándares de aprendizaxe.

1.14.- Temporalización.

Os materiais que se empregarán son os que figuran dentro do proxecto E-Dixgal. Tomaranse como referencia base os materiais da Editorial Netex-Smart, que ofrece uns contidos máis dinámicos e interactivos, de maior atractivo para o alumnado e de maior versatilidade para o profesorado. Non obstante, estes contidos completaranse e enriqueceranse cos ofertados polas outras editoriais e con contidos propios creados coas ferramentas dixitais propias do proxecto e outras externas.

O material base está secuenciado en 12 unidades didácticas; a distribución das mesmas será inicialmente de catro unidades por avaliación. Unha distribución temporal plausible sería a dun período de dúas a tres semanas ou 6 sesións por unidade didáctica e, a maiores, varias sesións para realizar secuencias de aprendizaxe, revisar e ampliar conceptos e preparar probas de avaliacións.

De todos xeitos, resulta bastante difícil ser precisos na temporalización, pois cada aula pode presentar ritmos e dinámicas diferentes, por iso o tempo de traballo con cada unidade didáctica poderá flexibilizarse en función da rápida ou lenta asimilación, da implicación e capacidade do alumnado, etc.

A temporalización inicial será a seguinte:

Primeira avaliación:

Ler e escribir / escoitar e falar: Lectura, comprensión e actividades de expresión relacionadas con textos diversos.

Léxico: O dicionario e o alfabeto. Sinónimos e antónimos. Palabras monosémicas e palabras polisémicas. A homonimia e a paronimia.

Educación literaria: As modalidades textuais: a narración e o diálogo. As modalidades textuais: a descrición e a exposición.

Comunicación: O texto e as súas clases. Os textos da vida cotiá. Os textos dos medios de comunicación. O xornal e a noticia.

Funcionamento da lingua: Lingua, linguaxes e diversidade. Bilingüismos e plurilingüismo. Os rexistros lingüísticos. A estrutura da palabra. Lexemas e morfemas. A formación de palabras. O substantivo e o artigo. O adxectivo cualificativo. Xénero, número e grao do adxectivo. Clases de adxectivos.

Ortografía: A grafía das letras. O sistema vocálico. Sílabas tónicas e átonas. O acento gráfico nas palabras agudas.

Segunda avaliación

Ler e escribir / escoitar e falar: Lectura, comprensión e actividades de expresión relacionadas con textos diversos.

Léxico: O campo semántico. A abreviación: abreviaturas e siglas. A abreviación: acrónimos e símbolos. A formación de substantivos e adxectivos.

Educación literaria: Os textos literarios. Os recursos estilísticos. Os xéneros literarios. A narrativa. Conto popular e conto literario. As lendas galegas. A banda deseñada. Características.

Funcionamento da lingua: O adxectivo determinativo. Demostrativos e posesivos. Numerais e indefinidos. Os pronomes. Os pronomes tónicos. O pronome persoal átono. Colocacións xerais e usos. Outros pronomes. O verbo. Concepto, raíz verbal e desinencias. Número e persoa. Tempo e modo. Os tempos non verbais.

Ortografía: O acento gráfico nas palabras graves e esdrúxulas. A grafía das letras. Uso de b, v e h. A grafía das letras. Uso de s e x. Uso de c e z. O uso dos dígrafos ch, gu e nh.

Terceira avaliación

Ler e escribir / escoitar e falar: Lectura, comprensión e actividades de expresión relacionadas con textos diversos.

Léxico: A formación de verbos e adverbios. Os conectores. As frases feitas e a fraseoloxía popular. Os refráns. Tabú e eufemismo

Educación literaria: As características da lírica. A métrica e a rima. Poema e estrofa. O romance e o soneto. A literatura popular. As cantigas e as regueifas. A canción en galego. O texto dramático. Diálogo, monólogo e representación teatral. Os subxéneros dramáticos.

Funcionamento da lingua: A conjugación verbal. Os modos do verbo. O infinitivo flexionado. Os verbos irregulares. Os verbos semirregulares. As palabras invariables. Os adverbios. Preposicións, conxuncións e interxeccións. A oración simple. Suxeito e predicado. Características estruturais básicas do suxeito. Estrutura do predicado. As modalidades oracionais.

Ortografía: Uso dos dígrafos ll, qu e rr. O punto. O uso da coma e do punto e coma. A puntuación nos diálogos.

1.16.- Materiais e recursos didácticos.

Os contidos considerados de referencia serán, como xa se indicou, os ofertados pola Editorial Netex-Smart. Completaranse con contidos ofertados polas outras editoriais dentro do proxecto E-Dixgal e con outros de creación propia (fichas de traballo, actividades interactivas, presentacións, material audiovisual da Rede, páxinas web, documentos de actualidade, obras literarias...).

1.17.- Actividades complementarias e extraescolares.

O departamento de Lingua e literatura galegas organiza distintas actividades complementarias e extraescolares destinadas a facilitar a adquisición das competencias clave e os estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.

A literatura, o Plan lector, a situación sociolingüística de Galicia, o autor homenaxeado nas Letras Galegas... son temas que vertebran actividades complementarias e extraescolares de moito interese e que se van organizando ao longo do curso, nalgúns ocasións polo propio Departamento de Lingua, noutras polo IES Virxe do Mar e en ocasións por institucións diversas que nos convidan e ofrecen a posibilidade de participar destes itinerarios que a día de hoxe non están deseñados nin son coñecidos, polo que non podemos concretar neste documento.

2. LINGUA GALEGA E LITERATURA DE SEGUNDO CURSO DE ESO.

2.1.- Obxectivos para 2º ESO.

A transmisión de conceptos non ten como finalidade a memorización polo alumnado senón a adquisición de competencias: apréndese para saber facer algo co aprendido. A **adquisición eficaz dos estándares de aprendizaxe** que a continuación se relacionan é o principal obxectivo en cada curso da ESO.

2.2.- Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe mínimos esixidos (relacionados cos respectivos estándares de aprendizaxe e competencias básicas).

No recadro de estándares de aprendizaxe mínimos esixidos, están recollidos os mínimos esixidos para cada criterio de avaliación.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe mínimos esixidos
B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas	LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de	CCL,CAA	Comprender o sentido global e identificar a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo. Elaborar esquemas ou

principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.	comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos		resumos que recollan a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual.
B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	CCL,CAA	Dar conta dos datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. Comprender e seguir as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatória). LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.	CCL,CSC, CSIE	Coñecer, valorar e usar as normas que rexen a cortesía na comunicación oral. Recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.
B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas	LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	CCL,CAA,CSIE, CSC	Diferenciar as ideas principais e as secundarias en programas de carácter informativo. Recoñecer e rexeitar usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.

<p>B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p>	<p>LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas. LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual</p>	<p>CAA,CCL, CCEC</p>	<p>Recoñecer e rexeitar os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.</p>
<p>B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección</p>	<p>LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado</p>	<p>CCL,CSC</p>	<p>Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación, con coherencia, cohesión e corrección. Participar en intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas da lingua galega. Empregar nas intervencións orais espontáneas fraseoloxía propia da lingua galega Usar nas intervencións orais espontáneas léxico rico e variado.</p>
<p>B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.</p>	<p>LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.</p>	<p>CCL,CSC, CD, CAA, CSIEE</p>	<p>Consultar medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos a diferentes tarefas. Empregar as TIC para facer as presentacións máis claras e atractivas.</p>
<p>B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito</p>	<p>LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de</p>	<p>CCL,CSC, CAA</p>	<p>Intervir en debates e coloquios do ámbito educativo respectando as regras de interacción e as</p>

educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión	interacción e ás opinións alleas. LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.		opinións alleas Cingirse ao tema e non divagar nos debates e coloquios. Expresar a opinión sobre unha obra de lectura e comparala coa doutros compañeiras/os.
B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. LGB1.9.5. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	CAA,CCL,CSC ,CSIEE, CLL	Elaborar guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. Poñer en práctica os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal ao falar en público, así como o autocontrol. Incorporar progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. Axeitar a pronuncia á finalidade da práctica oral. Recoñecer e avaliar erros nos discursos orais propios e alleos e tratar, progresivamente, de evitalos
B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas	CCL,CSC,CSIEE,CCEC, CAA	Participar en conversas informais para intercambiar información e expresar a súa opinión. Desenvolverse correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo. Utilizar as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. Analizar similitudes e diferenzas entre discursos

	<p>ao destinatario e á situación comunicativa.</p> <p>LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.</p>		<p>formais e espontáneos.</p>
LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual. Proba escrita.
LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan	Caderno de aula ou tarefas da aula virtual. Rúbrica de avaliación.

cohesión a un texto. LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna.	Proba escrita.
LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.	Caderno de aula ou tarefa da aula virtual. Proba escrita.
LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.	Observación e rexistro. Rúbrica de avaliación. Caderno de aula ou tarefa da aula virtual. Proba escrita.
LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual. Rúbrica de avaliación.
LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	Observación e rexistro.
LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración. LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía.	Caderno de aula ou tarefa da aula virtual. Proba escrita
LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas. LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefa da aula virtual. Proba escrita.
LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo. LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefa da aula virtual.
LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.	Caderno de aula ou tarefa da aula virtual. Proba escrita
LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno	Caderno de aula ou tarefa da aula virtual. Proba escrita
LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do	Caderno de aula ou tarefa da

<p>galego.</p> <p>LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerxa estudantil.</p> <p>LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.</p> <p>LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona</p>	<p>aula virtual.</p> <p>Proba escrita</p>
<p>LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.</p> <p>LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios</p>	<p>Proba escrita.</p>
<p>LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.</p>	<p>Observación e rexistro.</p> <p>Rúbrica de avaliación.</p> <p>Caderno de aula ou tarefa da aula virtual.</p> <p>Proba escrita</p>
<p>LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.</p>	<p>Observación e rexistro.</p> <p>Rúbrica de avaliación.</p> <p>Caderno de aula ou tarefa da aula virtual.</p> <p>Proba escrita</p>
<p>LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros</p>	<p>Observación e rexistro.</p> <p>Rúbrica de avaliación.</p> <p>Caderno de aula ou tarefa da aula virtual.</p> <p>Proba escrita</p>
<p>LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.</p> <p>LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.</p>	<p>Caderno de aula ou tarefa da aula virtual.</p> <p>Proba escrita</p>
<p>LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.</p>	<p>Observación e rexistro.</p> <p>Caderno de aula ou tarefa da aula virtual.</p> <p>Proba escrita.</p>
<p>LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula</p>	<p>Observación e rexistro.</p> <p>Caderno de aula ou tarefa da aula virtual.</p> <p>Proba escrita.</p>
<p>LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.</p> <p>LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas.</p>	<p>Observación e rexistro.</p>
<p>LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.</p>	<p>Observación e rexistro.</p> <p>Rúbrica de avaliación.</p>

2.5.- Metodoloxía.

As competencias que debe adquirir o alumnado obsérvanse como capacidades de resolución de situacións problema da vida real. Estas situacións problema deben ser o punto de partida das distintas secuencias didácticas, deseñadas cun **enfoque comunicativo** que aproxime os contextos de aprendizaxe do alumnado á vida do seu entorno vital.

Esta aprendizaxe require unha proposta didáctica de **actividades integradas**. Por exemplo, para unha exposición oral planificada en grupo precisan integrar a expresión e comprensión orais, a investigación, as ferramentas TIC, a expresión escrita, a técnica do traballo colaborativo e cooperativo...

Procurarase abordar de forma integrada as cinco destrezas lingüísticas: falar, escoitar, ler, escribir e interactuar, así como os cinco bloques de contidos que vertebran o currículo desta materia: comunicación oral, comunicación escrita, reflexión sobre a lingua, sociolingüística e educación literaria.

Trátase, pois, dunha metodoloxía inclusiva, participativa e colaborativa, na que o alumnado compartira fortalezas e supla debilidades coa axuda dos máis compañeiros e compañeiras, dirixidos pola profesora.

O tratamento da información, mediante unha correcta **alfabetización informacional** que facilite a busca, selección, análise e interpretación da información, é un dos puntais metodolóxicos nesta materia, pois activa estratexias de comprensión e expresión e facilita a aprendizaxe competencial.

O sistema de ensino-aprendizaxe é **híbrido** desde o comezo de curso: combínase presencialidade con traballo na **aula virtual**, na que todo o alumnado deste curso está matriculado desde a primeira semana de setembro.

Este curso, en consonancia coa aposta do Departamento de Lingua Galega e Literatura pola educación dixital, acordouse participar con 2º ESO no programa E-Dixgal levado a cabo pola Consellería de Educación. Este proxecto garante equipamento técnico actualizado ao alumnado, podendo continuar co curso de 2º ESO aloxado no Moodle do IES Virxe do Mar, de autoría propia da profesora que imparte este nivel, sen prexuízo de complementar con outros materiais dixitais, de ser preciso.

2.6.- Procedementos de avaliación.

Utilizaranse procedementos de avaliación variados e coherentes coas actividades de aprendizaxe, para facilitar a avaliación do alumnado e do proceso integral de ensinanza e aprendizaxe (avaliación formativa). Os principais procedementos de avaliación son:

- Observación e rexistro das intervencións na aula.
- Tarefas da aula virtual.
- Rúbricas de avaliación.
- Probas escritas.

O conxunto de procedementos de valoración dos estándares de aprendizaxe permiten a comprobación da adquisición de todas as competencias que se adquiren nesta materia nun marco de avaliación coherente que será continua, formativa e sumativa ao finalizar cada trimestre e o curso.

O alumnado que non supere os estándares mínimos de aprendizaxe recibirá as indicacións e recursos, de ser precisos, por parte da profesora para, deste xeito, acadar a capacitación suficiente para superar o curso.

Ao longo do curso a **avaliación será continua**, o que implica que a recuperación dunha avaliación se fai aprobando a seguinte. O alumnado que non acade 5 puntos na avaliación ordinaria deberá superar a proba extraordinaria de xuño, na que se examinará de toda a materia, incluídos os libros de lectura obrigatoria.

O uso de calquera medio fraudulento na realización das distintas probas e tarefas implicará a cualificación nas mesmas con cero puntos.

2.7.- Criterios de cualificación

Os 10 puntos da cualificación final de cada avaliación desagreganse da seguinte forma:

- Probas escritas: **7** puntos
- probas de lectura: **1** punto pola lectura obrigatoria proposta pola profesora e **0.5** puntos a segunda lectura, elixida polo alumnado.
- Expresión oral: **1** punto: intervencións na aula e exposición oral planificada.
- Observación e rexistro do traballo na aula: **0.5** puntos
- As tarefas de aula, así como calquera outra encomenda que o profesorado indique, poderanse utilizar para redondear notas á alza, sobre a cualificación obtida na suma dos rexistros anteriores.

Para aprobar cada avaliación é preciso acadar unha cualificación mínima de **5** puntos. Ningunha cualificación por baixo de 3 puntos será reconsiderada, mesmo no caso de que un alumno ou alumna suspenda unicamente esta materia.

A proba extraordinaria de **xuño**, que tamén recolle algunha cuestión sobre as lecturas feitas ao longo do curso, valórase sobre 10 puntos.

2.8.- Directrices e instrumentos para a avaliación inicial.

A comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para comprobar o punto de partida de cada alumno en relación aos estándares de aprendizaxe sobre os que se asenta a aprendizaxe do curso que comeza. Será unha proba competencial, integrada, principalmente, por tres compoñentes de bloques de contidos que vertebran o currículo desta materia: comunicación oral, comunicación escrita e sociolingüística e con enfoque comunicativo.

Esta proba presentarase mediante a petición de resolución de diferentes tarefas, que se afrontarán coa metodoloxía e recursos que o profesorado estime oportunos: soporte dixital ou papel, lectura en voz alta, exposición oral individual ao en grupo...de xeito que o conxunto de exercicios se resolvan en sesións diferentes e con metodoloxías diversas.

Esta avaliación inicial servirá para detectar fortalezas e debilidades do alumnado en relación a cada bloque de contidos e, así mesmo, tomar decisións sobre a pertinencia de aplicar determinados procedementos de reforzo en competencia lingüística ou adaptación curricular, se é o caso.

2.9.- Medidas de atención á diversidade.

Cada vez máis contamos nas nosas aulas con diversidade de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o *Decreto 86/2015* debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viran obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Os principios básicos para o tratamento do alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios, as **actividades de aprendizaxe integradas** facilitan a gradación da dificultade, para que cada alumno sexa quen de visualizar o seu nivel de partida e ir aumentando pouco a pouco o grao de dificultade na resolución das tarefas.

O **traballo en grupo** tamén constitúe un importante apoio para a aprendizaxe colaborativa e cooperativa, pois as debilidades e fortalezas modifícanse en base ás aportacións dos restantes compañeiros e compañeiras.

No Plan Xeral de Atención á Diversidade do IES Virxe do Mar aparecen concretadas todas as medidas xerais de atención ao alumnado que presenta algunha carencia formativa.

2.10.- Accións para a educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.

A través das lecturas recomendadas e da selección de materiais curriculares para cada unidade didáctica, afróntanse distintos aspectos da educación en valores tales como:

- Convivencia democrática e resolución pacífica de conflitos.
- Respecto pola liberdade de conciencia, intimidade e dignidade de todos os membros da comunidade educativa.

- Coeducación e rexeitamento de calquera manifestación de discriminación e/ou violencia contra as mulleres.
- Alimentación e hábitos de vida saudables.

2.11.- Accións de contribución ao plan Tic do centro.

O artigo 39 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece as pautas a seguir no ámbito da Educación dixital:

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.

En virtude do anteriormente disposto, o Departamento de Lingua Galega e Literatura promoverá a aplicación da educación dixital a fin de impulsar novos métodos de ensinanza-aprendizaxe e de construción do coñecemento.

O proxecto dixital do Departamento afondará no traballo iniciado os cursos anteriores:

- Fomentar o uso das TIC como recurso educativo e para a elaboración de materiais de apoio e utilizar portais educativos e foros de debate para a formación permanente e o intercambio de experiencias.
- Cambiar a metodoloxía no proceso de ensino-aprendizaxe que nos distancie dos métodos tradicionais e nos achegue a novos métodos nos que o/a profesor/a sexa un guía para a construción de aprendizaxes estandarizadas, significativas e competencias do propio alumnado.
- Deseñar e empregar os nosos propios recursos educativos dixitais: blog do Departamento: [Verbas no tempo](#), plataforma dixital do proxecto E-Dixgal e obxectos dixitais de aprendizaxe de creación propia.

2.12.- Accións de contribución ao proxecto Lector do centro.

A comprensión lectora e expresión creativa son habilidades esenciais a adquirir e fortalecer nas clases de Lingua galega. A lectura comprensiva é a porta ao coñecemento e sen coñecemento non existe a cidadanía crítica. É por isto polo que establecemos lecturas obrigatorias, comúns para todo o nivel, e valoradas en 1 punto; e lecturas optativas, a seleccionar polo alumnado de entre varias propostas, e valoradas en 0,5 puntos. Estas lecturas, como se indicou nos apartados 2.6 e 2.7 son puntuadas nun apartado específico co 15% do total da cualificación da avaliación.

As lecturas seleccionadas para **2º ESO** son as seguintes:

1.- <u>Iridium</u> . Francisco Castro. Ed. Galaxia
2.- <u>O misterio do torque de Burela</u> . Antía Yáñez. Ed. Galaxia
3.- <u>Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta</u> . Leticia Costas. Ed. Xerais

Arredor das obras de lectura obrigatoria organízanse, de ser posible pola situación sanitaria, encontros con autores e autoras, visualización de películas baseadas na obra literaria, visitas a lugares relacionados coa trama e debates presenciais ou virtuais sobre determinados aspectos do libro.

2.13.- Accións de reforzo/recuperación.

O alumnado que suspenda algunha avaliación recibirá as indicacións oportunas por parte do profesorado para mellorar o seu rendemento e acadar unha cualificación satisfactoria en relación aos estándares mínimos de aprendizaxe.

Como se indicou nos apartados 1.6 e 1.7 a avaliación é continua, polo que o alumnado que aprobe unha avaliación recupera a anterior, e viceversa: se hai retroceso e non progreso no proceso de aprendizaxe, a cualificación responderá á nova capacitación na resolución dos estándares de aprendizaxe.

Da materia pendente de 1º curso.

Do seguimento do alumnado pendente (tarefas, exames, cualificacións...) encargarase cada profesor ou profesora que imparte clase ao alumnado no curso académico actual.

O alumnado que realice satisfactoriamente as tarefas encomendadas polo profesor e aprobe as avaliacións do curso no que está matriculado, aproba a

materia pendente cunha cualificación de 5 puntos. Se desexa subir nota, poderá presentarse ao exame, aínda que unha cualificación negativa nese exame en ningún caso provocará o suspenso dese alumno ou alumna.

O alumnado que non realice as tarefas referenciadas no parágrafo anterior, acudirá ás probas convocadas especificamente para o alumnado coa materia pendente onde será examinado dos contidos mínimos dese curso. Debe acadar unha cualificación igual ou superior a 5 puntos para aprobar a materia.

Os contidos esixibles serán os mínimos esixidos para este nivel.

2.14.- Temporalización.

Os materiais que se empregarán son os que figuran dentro do proxecto E-Dixgal. Tomaranse como referencia base os materiais da Editorial Netex-Smart, que ofrece uns contidos máis dinámicos e interactivos, de maior atractivo para o alumnado e de maior versatilidade para o profesorado. Non obstante, estes contidos completaranse e enriqueceranse cos ofertados polas outras editoriais e con contidos propios creados coas ferramentas dixitais propias do proxecto e outras externas.

O material base está secuenciado en 12 unidades didácticas; a distribución das mesmas será inicialmente de catro unidades por avaliación. Unha distribución temporal plausible sería a dun período de dúas a tres semanas ou 6 sesións por unidade didáctica e, a maiores, varias sesións para realizar secuencias de aprendizaxe, revisar e ampliar conceptos e preparar probas de avaliacións.

De todos os xeitos, resulta bastante difícil ser precisos na temporalización, pois cada aula pode presentar ritmos e dinámicas diferentes, por iso o tempo de traballo con cada unidade didáctica poderá flexibilizarse en función da rápida ou lenta asimilación, da implicación e capacidade do alumnado etc.

A temporalización inicial será a seguinte:

Primeira avaliación

Ler e escribir / escoitar e falar: Lectura, comprensión e actividades de expresión relacionadas con textos diversos.

Léxico: Os prexuízos lingüísticos. Os nomes de lugar: a toponimia galega e os xentilicios. As relacións semánticas: a polisemia e a homonimia.

Comunicación: A comunicación, o proceso comunicativo, os elementos da comunicación e as funcións da linguaxe. As modalidades textuais: textos narrativos e descritivos, textos expositivos e instrutivos, textos argumentativos. Textos da vida cotiá e das relacións sociais: o diario, a carta, o correo electrónico, avisos e solicitudes, o blog, o foro de internet e as redes sociais. Textos dos medios de comunicación: a noticia, a reportaxe, a crónica e o artigo xornalístico.

Funcionamento da lingua: O status da lingua galega. As variedades internas, a gheada e o seseo. O substantivo e o adxectivo. Os pronomes persoais e a

colocación do pronome persoal átono. O verbo: as formas verbais, a conxugación verbal e os verbos regulares.

Ortografía: O alfabeto. As grafías j, k, w, y. A división silábica. A acentuación, Acentuación de hiatos, ditongos e tritongos.

Segunda avaliación

Ler e escribir / escoitar e falar: Lectura, comprensión e actividades de expresión relacionadas con textos diversos.

Léxico: A sinonimia e a antonimia. A hiperonimia e a hiponimia. A holonimia e a meronimia. Campo semántico e campo lexical. Palabras simples e complexas. A formación de palabras: a derivación afixal.

Educación literaria: O texto literario: concepto e xéneros. Concepto de linguaxe literaria. Os recursos da linguaxe literaria. A narración literaria. Os elementos da narración. A novela: concepto e tipoloxías.

Comunicación: Textos da vida académica: o cuestionario, o resumo, o esquema, o informe e a presentación dixital.

Funcionamento da lingua: O verbo: verbos semirregulares e irregulares. O infinitivo flexionado. As perífrases verbais. Os sintagmas. A oración simple. Enunciado, frase e oración. O suxeito, o predicado, o complemento directo e indirecto, o atributo.

Ortografía: A acentuación: casos especiais. A escrita do s e do x, do ll e do i. Os grupos consonánticos.

Terceira avaliación

Ler e escribir / escoitar e falar: Lectura, comprensión e actividades de expresión relacionadas con textos diversos.

Léxico: A formación de palabras: a composición e a parasíntese. As familias de palabras. Os prefixos e os sufixos. Os marcadores do discurso. A fraseoloxía popular: as frases feitas e os refráns.

Educación literaria: O cinema e os xéneros cinematográficos. A linguaxe cinematográfica. O guión. A lírica: o cómputo e a medida dos versos, a rima, os tópicos literarios. O teatro: características e subxéneros dramáticos. A literatura de tradición oral.

Funcionamento da lingua: A oración simple: o complemento predicativo, o complemento de réxime, o complemento axente, o complemento circunstancial. As clases de oracións. As modalidades oracionais. As propiedades do texto: a coherencia, a cohesión e a adecuación. A normalización lingüística. A lusofonía.

Ortografía: Palabras xuntas e separadas. Os signos de puntuación: o punto, a coma, o punto e coma, os dous puntos, a raia, as comiñas, os signos de interrogación e exclamación, a barra.

2.15.- Materiais e recursos didácticos.

Os contidos considerados de referencia serán, como xa se indicou, os ofertados pola Editorial Netex-Smart. Completaranse con contidos ofertados polas outras editoriais dentro do proxecto E-Dixgal e con outros de creación propia (fichas de traballo, actividades interactivas, presentacións, material audiovisual da Rede, páxinas web, documentos de actualidade, obras literarias...).

2.16.- Actividades complementarias e extraescolares.

O Departamento de Lingua e literatura galegas organiza distintas actividades complementarias e extraescolares destinadas a facilitar a adquisición das competencias clave e os estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.

A literatura, o Plan lector, a alimentación saudable, a situación sociolingüística de Galicia, o autor homenaxeado nas Letras Galegas...son temas que vertebran actividades complementarias e extraescolares de moito interese e que se van organizando ao longo do curso, nalgunhas ocasións polo propio Departamento de Lingua, noutras polo IES Virxe do Mar e en ocasións por institucións diversas que nos convidan e ofrecen a posibilidade de participar destes itinerarios.

Debido ás medidas de protección persoal e colectiva derivadas da pandemia, este curso reduciranse as actividades complementarias e extraescolares, non podendo concretar no mes de outubro aquelas que será posible levar a cabo.

ORATORIA EN SEGUNDO DE ESO.

1.- Introducción e contextualización.

A arte de falar en público conseguiu en moitas ocasións transformar sociedades e persoas. A nosa é a época histórica que máis recorre á oratoria, pois é a que dispón de máis oportunidades e medios para conseguir transformacións e melloras. Nunca coma hoxe houbo tantas situacións e tantos contextos en que calquera persoa poida ou deba actuar como oradora, e nunca coma hoxe as mensaxes persuasivas chegaron con tanta insistencia a unha audiencia masiva. Pola contra, xamais a oratoria estivo tan pouco presente como disciplina e materia de estudo na vida académica. Esta materia pretende contribuír a equilibrar tal situación.

Empregar a palabra perante o público é unha habilidade cada vez máis necesaria. A participación democrática activa, o desenvolvemento persoal, a consecución dunha carreira académica exitosa e o exercicio de calquera

profesión pasan hoxe en día polo satisfactorio desempeño en situacións moi variadas nas que a oratoria resulta extraordinariamente útil: debates, participacións en órganos de goberno, defensas de teses ou de proxectos de fin de carreira, mesas redondas, breves discursos de inauguración, relatorios, discursos comerciais, comunicacións coa clientela e con outros membros da mesma organización ou empresa, presentacións de ideas ante asociacións e institucións, etc. Todas estas situacións ampliaron o seu alcance grazas a internet e aos medios de comunicación: a oratoria xa non está limitada a determinadas responsabilidades ou profesións, senón que calquera persoa pode comunicarse oralmente ante unha audiencia global só cunha conexión á rede. Xa que logo, necesitamos aprender a falar en público para participarmos na mellora colectiva e democrática da realidade, para configurarmos a nosa traxectoria académica e profesional, e para fortalecermos unha imaxe propia positiva ante nós mesmos/as e ante as demais persoas.

A oratoria, a arte de falar, é inseparable da retórica, a arte de persuadir. Oratoria e retórica presidiron durante séculos a estrutura educativa occidental e constituíronse como disciplinas cunha decidida vocación práctica: influír nas demais persoas mediante o emprego da palabra. É importante recoñecer a finalidade práctica destas disciplinas, pois a principal acusación que historicamente recaeu sobre elas é que proporcionan artificios e estratagemas para influír mediante a invención de interesadas aparencias de verdade. A didáctica da oratoria debe partir dunha base ética sólida: o lexítimo dereito a influír debe asentarse na honestidade, na procura ou na construción compartida da verdade e no diálogo democrático. O traballo coa oratoria implica, de maneira case inevitable e aínda que sexa nun nivel básico, unha reflexión ética sobre os fins que nos propomos os seres humanos e os medios dos que nos valemos para os conseguir, unha valoración das perspectivas coas que nos achegamos a un tema de discusión e unha toma de conciencia respecto á subordinación das ideas e dos intereses propios ao concepto da verdade, aos valores democráticos e aos dereitos fundamentais.

É por iso que esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, das que aquí destacaremos tres: a comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, sobre todo das de carácter oral; as competencias sociais e cívicas, pois a oratoria carece de sentido se non é para participar de xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional; e a competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois a oratoria fomenta a proactividade, o autocoñecemento e a autoestima.

Os contidos da materia distribúense en **catro bloques** nos que é doado advertir a clásica división da oratoria en cinco partes: "inventio" (procura dos materiais necesarios para a conformación do discurso), "dispositio" (elección e estruturación deses materiais), "elocutio" (textualización do discurso), "memoria" (memorización) e "actio" (posta en escena do discurso).

O primeiro bloque, "**O discurso persuasivo**", pretende ofrecerlle ao alumnado un primeiro achegamento a mostras representativas de discursos breves ou de

fragmentos de discurso de índole persuasiva. Trátase de que o alumnado, ademais de pór en práctica as destrezas fundamentais da comprensión de lectura e de escoita comprensiva, se familiarice con discursos persuasivos variados e de que identifique e valore os seus procedementos construtivos e elocutivos. Os exemplos de discursos persuasivos escritos servirán para coñecer os procedementos retóricos e estilísticos, e os exemplos de discursos persuasivos orais permitirán identificar os recursos propios da "actio". Estes exemplos poden constituír modelos para que o alumnado elabore as súas propias creacións.

No segundo bloque, "**Elaboración do discurso persuasivo**", están presentes a "inventio", a "dispositio" e a "elocutio". Entre os elementos deste bloque teñen unha gran presenza as destrezas de procura e tratamento da información, de comprensión lectora e de expresión escrita. Un coñecemento adecuado do tema do discurso, conseguido grazas á investigación e á aplicación de técnicas de traballo intelectual, é fundamental para adquirir a autoconfianza que todas as persoas precisan para falar ante un auditorio; unha estrutura clara e ordenada do discurso e un manexo axeitado da lingua e das técnicas da retórica son atributos necesarios de calquera discurso oral eficaz. O tratamento destes contidos é, xa que logo, imprescindible, xa que sobre eles se asentará todo o traballo posterior coa oralidade. Agora ben, é no tratamento destes contidos cando podemos aproveitar o traballo interdisciplinar. A colaboración e a coordinación con outras materias permitirá que as tarefas de xestión da información, de lectura e de escritura se realicen conxuntamente en actividades ou proxectos compartidos. Trátase de facer máis operativas as estratexias e máis eficaz a xestión do tempo, tendo sempre presente que a temporalización das actividades debe ofrecer un espazo importante para o tratamento da oralidade.

No terceiro bloque, "**A presentación do discurso persuasivo**", están presentes a "memoria" e a "actio". Malia parecer este bloque cuantitativamente menor que o anterior, precisará maiores esforzos e maior tempo de dedicación, pois a oratoria ten como fin último a presentación oral dun discurso ante un auditorio: en oratoria, nada existe ata que é presentado ao público. Ademais, cómpre reforzarmos a presenza da oralidade nas aulas, e esta materia parece un ámbito adecuado para o facer. Debe concedérselles especial importancia aos estándares relacionados coa xestión emocional do/da orador/a. Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado reforce as súas emocións positivas e controle a conduta asociada ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar ante un auditorio as propias ideas e opinións. Por outra banda, neste bloque inclúense contidos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio ao discurso. Os estándares de aprendizaxe vinculados con este contido fan fincapé na necesidade de considerar estes medios como simples apoios á palabra pronunciada. A persoa e o seu discurso deben ser sempre protagonistas.

O cuarto bloque, "**Oratoria, valores e educación emocional**", pretende facer máis visibles os alicerces éticos en que debe basearse a oratoria e os beneficios

que esta produce para o noso sistema democrático e para o desenvolvemento persoal. O alumnado debe aprender a construír os seus discursos desde a honestidade intelectual e desde a vontade de alcanzar o entendemento entre posturas contrarias. Tamén debe aprender a identificar as estratagemas de quen presenta deliberadamente non unha verdade, senón unha aparencia de verdade. Por outra banda, o alumnado debe empregar a palabra e as técnicas da retórica e da oratoria para presentar proxectos, achegas, opinións ou refutacións en foros diversos nos que poida participar (xuntanzas no ámbito escolar, asociativo, etc.) ou en simulacións de foros institucionais ou profesionais (intervencións de tipo político, profesional, académico, etc.), optando por perspectivas innovadoras que transformen positivamente a realidade e defendan os dereitos fundamentais da nosa democracia.

Finalmente, a oratoria contribuirá a desenvolver habilidades persoais e sociais imprescindibles para o diálogo desde o respecto e a convivencia: a autoconfianza, a empatía e a asertividade son elementos emocionais que xeran pontes de entendemento e comprensión entre a persoa oradora e o seu auditorio, e que facilitan un crecemento persoal equilibrado e respectuoso consigo mesmo/a e coas demais persoas.

Estes catro bloques trataranse de forma integrada nas tres avaliacións a través da creación de produtos finais: lectura comunicativa en voz alta (1ª avaliación), exposición con discurso persuasivo (2ª avaliación) e debate (3ª avaliación).

Cómpre pór o acento na orientación metodolóxica do tratamento da oratoria nas aulas. En primeiro lugar, o traballo debe ser fundamentalmente práctico: poucos contidos de carácter conceptual e moitas actividades que permitan desenvolver as destrezas fundamentais vinculadas coa materia, nomeadamente aquelas que teñen que ver coa oralidade, sen perder nunca de vista a necesidade de establecer un clima de confianza e seguridade que favoreza a expresión do alumnado. En segundo lugar, débese fomentar o traballo cooperativo, pois facilita a implicación do alumnado, permite desenvolver as competencias lingüística, social e cívica a través da interacción, e propicia a creación dun clima adecuado para a autoavaliación e a coavaliación. En terceiro lugar, resulta imprescindible a coordinación e o traballo interdisciplinar con outras materias: moitas das habilidades desta materia son comúns a outras (xestión da información, comprensión de lectura, escoita comprensiva, expresión escrita, etc.), polo que o tratamento integrado destes elementos competenciais suporá un mellor aproveitamento do tempo e redundará en beneficio da aprendizaxe do alumnado.

Como peche, cómpre non esquecer a necesidade de que os instrumentos de avaliación sexan variados para poder atender as diversas destrezas e competencias que traballa a materia e mais para valorar a evolución do alumnado. Como ferramenta, serán moi adecuadas as rúbricas ou escalas de valoración para recoller os datos froito da observación sistemática do seu traballo.

2. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe mínimos esixidos

Oratoria. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O discurso persuasivo				
h i	B1.1. Discursos persuasivos escritos (presentacións e debates). Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas.	B.1.1. Ler e comprender discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.	ORB1.1.1. Identifica nos textos escritos os argumentos principais e a tese.	CCL
			ORB1.1.2. Explica a intención do discurso.	CCL
			ORB1.1.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas.	CCL CAA
			ORB1.1.4. Identifica as estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais.	13. CCL
			ORB1.1.5. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe.	15. CCL
			ORB1.1.6. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe.	CCL
h i	B1.2. Discursos persuasivos orais en situacións formais (presentacións e debates) e informais. Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas. B1.3. Pronuncia, voz, mirada, linguaxe corporal e presenza escénica.	B.1.2. escoitar e ver discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.	ORB1.2.1. Identifica nos textos orais os argumentos principais e a tese.	CCL
			ORB1.2.2. Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa.	CCL
			ORB1.2.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón.	CCL CAA
			ORB1.2.4. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe.	CCL
			ORB1.2.5. Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo.	CCL

Oratoria. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2. Elaboración do discurso persuasivo				
h	B2.1. Concreción dunha mensaxe persuasiva. Trazos da mensaxe persuasiva: claridade e brevidade.	B2.1. Elaborar unha mensaxe breve e clara que funcione como núcleo do discurso.	ORB2.1.1. Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva.	CCL
h	B2.2. Adaptación do discurso ao contexto. B2.3. Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. B2.4. Adaptación do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. B2.5. Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.	B2.2. Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	ORB2.2.1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia.	CCL CSC
			ORB2.2.2. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido.	CCL CSC
			ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón.	CCL CAA
b e f h i	B2.6. Documentación e investigación. Alfabetización mediática. B2.7. Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. B2.8. Estratexias de procura.	B2.3. Identificar e manexar fontes documentais.	ORB2.3.1. Identifica as fontes das que pode obter información.	CCL
			ORB2.3.2. Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso.	CCL
b e f h i	B2.9. Xestión da información.	B2.4. Obter e organizar a información para aprofundar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso.	CCL CD CAA
			ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual.	CCL, CMCCT CD, CAA
b e h	B2.10. Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas, etc.) e os emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos, etc.).	B2.5. Seleccionar as ideas máis adecuadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz.	ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para	CCL, CMCCT CAA,, CCEC

			construír unha proposta persoal e orixinal.	
b e h	B2.11 Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.	B2.6. Empregar recursos propios da argumentación.	ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación.	CCL
b e h	B2.12. Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.	B2.7. Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso.	CCL CAA
b h	B2.13. Textualización do discurso. B2.14. Coherencia e cohesión. B2.15. Corrección lingüística. B2.16. Figuras retóricas: metáfora, paralelismo, antítese, interrogación retórica, etc.	B2.8. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística. ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva.	CCL CAA CCL, CAA CCEC
e h	B2.17. Proceso de revisión. Correctores.	B2.9. Realizar o proceso de revisión do texto.	ORB2.9.1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación. ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica.	CCL, CAA CCL, CD CAA

Oratoria. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. A presentación do discurso persuasivo				
b g	B3.1. Memorización do discurso. Regras mnemotécnicas.	B3.1. Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso a partir de secuencias pequenas ata dar co texto completo.	ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto.	CCL CMCCT CAA

b g	B3.2. Interiorización do discurso.	B3.2. Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade.	CCL CAA CSIEE
d g	B3.3. Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza e seguridade).	B3.3. Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público.	ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio.	CCL CAA CSC CSIEE
d g	B3.4. Xestión das emocións negativas.	B3.4. Controlar a conduta asociada ás emocións negativas ante situacións comunicativas con público.	ORB3.4.1. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público.	CSIEE
			ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	CCL CSC
h	B3.5. Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.	B3.5. Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	ORB3.5.1. Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia.	CCL
			ORB3.5.2. Emprega con especial coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade.	CCL CAA
			ORB3.5.3. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso.	CCL CAA
h	B3.6. Kinésica: comunicación corporal. Tics. B3.7. Proxémica: espazo escénico. B3.8. Naturalidade fronte a artificiosidade.	B3.6. Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	ORB3.6.1. Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados.	CCL CAA

			ORB3.6.2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio.	CCL
e h l	B3.9. Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.	B3.7. Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.	CCL CD CAA CCEC

Oratoria. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 4. Oratoria, valores e educación emocional				
a d g l m	B4.1. Oratoria para a construción da veracidade do discurso.	B4.1. Usar a oratoria como un instrumento ético para a construción ou aproximación colectiva á verdade.	ORB4.1.1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo.	CAA CSC CCEC
			ORB4.1.2. Identifica as estratexemas que terxiversan a información.	CAA CSC
a d l m o	B4.2. Oratoria para a participación activa na democracia.	B4.2. Elaborar textos para intervir en ámbitos de participación social, reais ou simulados, con respecto polas normas de convivencia e procurando a resolución pacífica dos conflitos.	ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios.	CSC CSIEE
			ORB4.2.2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos.	CSC CSIEE
d g	B4.3. Representación das habilidades persoais e sociais no discurso. Autoconfianza, empatía e asertividade.	B4.3. Desenvolver as relacións interpersoais e a propia personalidade grazas ao uso cívico da palabra.	ORB4.3.1. Recoñece a manifestación das súas habilidades intrapersoais a través do discurso.	CSC
			ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas.	CAA CSIEE
			ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos.	CAA CSC CSIEE

3. Metodoloxía.

O traballo na aula será fundamentalmente práctico. Na **aula virtual** soporte da materia aloxaranse materiais creados pola profesora que imparte Oratoria, xunto con outros, publicados na Rede en formato aberto, creados por persoas de recoñecido prestixio na didáctica da Oratoria a nivel estatal, como Montserrat Vilà i Santausana, da Universidade Autónoma de Bardelona, especialista na didáctica da lingua oral na educación secundaria. O alumnado debe coñecer as pautas básicas do discurso persuasivo para posteriormente poñelo en práctica. Convencer os demais mediante a argumentación é a finalidade de toda a aprendizaxe deste curso. Falar en público é moi difícil, polo que debemos crear un clima de confianza e seguridade que favoreza a expresión oral.

A aprendizaxe e o traballo deben ser colaborativos, o traballo en grupo aumenta a confianza e permite a autoavaliación e a coavaliación, que se porán en práctica desde a primeira tarefa. Neste curso temos os obstáculos que supoñen as medidas de protección individual e colectiva derivados da pandemia (distancia social e máscara, retos a superar á hora de levar á práctica unha comunicación eficiente e convincente).

O feito de traballar desde o primeiro día nunha aula de informática e no espazo virtual institucional (Moodle) favorece que o alumnado e mesmo as familias teñan acceso desde o primeiro día a todo o material do curso así como á planificación do mesmo (distribuído en 3 bloques correspondentes a cada un dos trimestres)

Este grupo participará no proxecto interdisciplinar do Plan Proxeta sobre alimentación saudable. Colaborará cando lle corresponda no reparto de leite fresco e froita, e creará traballos para expoñer de forma oral na aula sobre a importancia do consumo de froita fresca, verduras, lácteos... así como de levar uns hábitos de vida saudables.

4. Criterios de cualificación.

A aprendizaxe do alumnado debe ser avaliada sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para introducir no proceso educativo cantas sexan precisas se a situación o require.

Se asumimos que as competencias básicas supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumnado as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación, e nesas situacións o común é que a alumna se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas. A avaliación por competencias permite avaliar tanto o cumprimento dos obxectivos do curso, como o grao de adquisición das competencias básicas, integradas nesas obxectivos.

En función do obxectivo que persigamos para avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da avaliación sumativa, realizada en diferentes momentos do curso e que temos que identificar coas finais de avaliación e de curso (ordinaria e extraordinaria, cando sexa o caso). Haberá outras avaliacións, como a inicial (non clasificada) e a final e, sobre todo, continua e formativa, aquela que ocorre durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

Atendendo a diferentes criterios, o currículo proponnos unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso de avaliación formativa, serán a observación e o seguimento sistemático do alumnado, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e auto-avaliación, entre outros.

E na avaliación sumativa, as tarefas trimestrais e a proba extraordinaria de xuño, no caso de obter unha cualificación insuficiente na avaliación ordinaria final de curso. En todo caso, os procesos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación. A observación diaria do traballo e da actitude do alumnado permiten establecer o grao de mellora durante o curso. Se unha alumna acada os contidos mínimos en cada estándar e obtén unha avaliación continua positiva, debe recibir un aprobado.

A avaliación de cada trimestre desagregarase nos seguintes parámetros, pactados co alumnado que cursa a materia:

Expresión oral: avaliarase a calidade das intervencións orais planificadas e espontáneas na aula. Puntuación máxima: **2** puntos. Aparecerá rexistrada no caderno da profesora.

Traballo de aula: Realización adecuada e en tempo das tarefas encomendadas pola profesora. Puntuación máxima: **3** puntos. Aparecerá na avaliación das tarefas feitas na aula virtual e no caderno de aula da profesora.

Exposición, avaliación e análise dun discurso oral con axuda de presentación multimedia: En grupo, realizarase cada avaliación polo menos unha exposición oral persuasiva. Presentarase ante o grupo e será avaliada coa rúbrica correspondente, que forma parte dos materiais curriculares aloxados na Aula Virtual de Oratoria. Cada alumna, coa rúbrica diante, analizará, avaliará e cualificará a exposición de cada compañeira. Puntuación **5** puntos.

A cualificación mínima para aprobar a materia serán **5 puntos**. Ningunha cualificación por baixo de 3 puntos será reconsiderada mesmo no caso de que unha alumna suspenda unicamente esta materia.

O alumnado que non supere o curso na avaliación Ordinaria, deberá presentarse a unha proba en xuño na que exporá oralmente un produto elaborado no verán, que respecte os parámetros da rúbrica para avaliar unha presentación e a súa exposición oral. Se non o fai, a materia quedará pendente para o curso seguinte, no que deberá realizar unha actividade similar.

5.- Directrices e instrumentos para a avaliación inicial.

A avaliación inicial servirá para comprobar as habilidades innatas do alumnado. Non se trata de ver se manexan recursos retóricos ou teñen coñecementos previos sobre a materia. A avaliación inicial permitiranos saber como responde a alumna á hora de recoñecer a estrutura dun texto, como se defende cando ten que falar en público e a súa habilidade para argumentar.

Utilizaremos unha tarefa integrada: ofreceráselles un xornal en galego e en grupos de dúas probas: unha escrita, na que despois de ler un texto breve deberán escribir un título, resumir o texto e posteriormente expoñer en público as teses que defende o mesmo. Posteriormente todas as alumnas avaliarán a exposición das súas compañeiras sinalando un elemento a mellorar (debilidade) e varias fortalezas. A profesora debe intervir posteriormente para transmitir a súa valoración, tanto da exposición das alumnas que están intervindo, como da avaliación que o resto están levando a cabo. Nesta proba valorarase tanto a habilidade lingüística coma a paralingüística.

A partir delas poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débesse ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas específicas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

6.- Medidas de atención á diversidade.

O docente ten que ter presente que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativo, segundo a diversidade do alumnado e o ritmo de aprendizaxe.

Partindo do proxecto curricular, a docente, se for preciso, realizará as adaptacións necesarias, tendo en conta os seguintes puntos:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumna.
- Propoñer actividades de aprendizaxe diferenciadas.

- Organizar grupos de traballo flexibles.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.
- Modificar a temporalización ou a orde dos contidos.

Reforzos:

- Lecturas significativas de determinados fragmentos.
- Elaboración de textos propios para exercitar o traballo de redacción e posterior corrección de posibles erros.
- Lecturas, recitados... de textos propios e alleos.

7. Accións para a educación en valores e de contribución ao plan de convicencia.

O artigo 4 do Decreto 86/2015, que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade, subliña a relevancia dos elementos transversais na Programación. Ademais, desde o tratamento dos contidos, as imaxes e os textos, e desde a propia acción educativa, débense fomentar valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a defensa da liberdade, os dereitos humanos e a paz, a alimentación saudable, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.

Respecto a isto, hai que subliñar que o Decreto 86/2015, destaca de forma significativa a prevención da violencia de xénero, da violencia contra las persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Igualmente, han de evitarse comportamentos e contidos sexistas, e estereotipos que supoñan discriminación contra as persoas galegofalantes.

Incorporaremos tamén elementos relacionados co fomento e uso da lingua galega, co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente, cos riscos de explotación e abuso sexual, e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación enténdese non só como un soporte para toda a materia, senón tamén como unha ferramenta esencial para personalizar a aprendizaxe e facer partícipe dela ás familias, que en todo momento estarán ao tanto do que fan as súas fillas nesta materia.

Boa parte do éxito da oratoria está no control emocional, polo que este ámbito persoal será obxecto de intervención en todas as exposicións espontáneas e planificadas de aula. É un apartado moi difícil da materia, polo que cómpre actuar pedagoxicamente coa maior sensibilidade e tacto.

8. Materiais e recursos didácticos.

Todo o curso de Oratoria desenvolverase nunha **aula virtual** creada e administrada pola profesora que imparte a materia para uso exclusivo do alumnado que a cursa.

Aquí aloxaranse diversos tipos de recursos: pautas teóricas sobre o concepto e características do discurso persuasivo, enlaces a canles de información relevante, distintas tarefas feitas polo alumnado, ensaios de diversas fontes, vídeos que se encontran na rede, textos breves que ilustren os usos lingüísticos propios da oratoria e gráficos que mostren os recursos paralingüísticos máis relevantes. Nesta aula tamén se recollerán os produtos creados polas alumnas, que serán a fonte principal de avaliación. A [wiki Larapetecible](#), que aloxa os materiais do proxecto interdisciplinar “Sabe que alimenta”, do Plan Proxecta, tamén será unha fonte de recursos importante nesta materia.

9.- Actividades complementas e extraescolares.

Este tipo de actividades están destinadas a contribuír á formación integral do alumnado e a servir como complemento do seu traballo propiamente escolar.

Tentarase participar en varias actividades que se vehiculicen mediante a expresión oral en lingua galega e que sexan óptimas e desexadas polo alumnado desta materia: recitais de poesía, concursos de debates e outras actividades relacionadas coa expresión oral...

10.- Lingua vehicular da materia.

A lingua utilizada pola profesora e polas alumnas debe ser a galega. Porén, é imprescindible utilizar o coñecemento do castelán para ler e escoitar moitos materiais que están publicados nesa lingua, como os creados pola nosa especialista de referencia: Montserrat Vilà, da Universidade Autónoma de Barcelona

3. LINGUA GALEGA E LITERATURA DE TERCEIRO CURSO DE ESO

3.1.- Obxectivos para 3º ESO.

A transmisión de conceptos non ten como finalidade a memorización polo alumnado senón a adquisición de competencias: apréndese para saber facer algo co aprendido. A **adquisición eficaz dos estándares de aprendizaxe** que a continuación se relacionan é o principal obxectivo en cada curso da ESO.

3.2.- Criterios de avaliación e concreción dos estándares de aprendizaxe mínimos esixibles.

No recadro de Mínimos esixidos recóllense os estándares de aprendizaxe mínimos esixidos para cada criterio de avaliación.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe mínimos esixidos
<p>B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual.</p>	<p>LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes). LGB1.1.2. Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.</p>	<p>CCL</p>	<p>Recoñecer a definición dos conceptos texto, xénero textual e xéneros do ámbito de comunicación social. Clasificar diferentes xéneros periodísticos orais en función da intención comunicativa que vehiculan indicando, en cada caso, a secuencia discursiva prototípica (diálogo, narración, descrición, exposición, argumentación). Identificar a estrutura textual global dos xéneros noticia e entrevista (seccións, ou partes, que os constitúen) en mostras destes xéneros audiovisuais. Resumir de forma oral o contido dunha noticia e dunha entrevista emitidas por radio ou TV.</p>
<p>B1.2. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.</p>	<p>LGB1.2.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. LGB1.2.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. LGB1.2.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.</p>	<p>CCL,CAA,CSC</p>	<p>Identificar a información fundamental dunha noticia (que?, quen?, cando?, onde?, como?, por que?) emitida por radio ou por TV. Identificar o tema e a información máis relevante nunha entrevista realizada a un persoeiro da cultura galega (escritor, músico, actor, científico, pintor...) e indicar a intención comunicativa do entrevistado. Comparar dúas noticias que tratan o mesmo feito emitidas por distintos medios e indicar as diferenzas que existen en canto á información fundamental que proporcionan. Localizar en noticias e en entrevistas palabras e expresións que manifesten</p>

			de modo implícito ou explícito prexuízos ou discriminacións e explicar cal é o prexuízo ou a discriminación que expresan.
B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.	LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. LGB1.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos. LGB1.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.	CCL,CAA	Recoñecer a definición do concepto de xéneros do ámbito académico. Clasificar diferentes xéneros académicos segundo a canle e segundo a intención comunicativa que vehiculan indicando en cada caso a secuencia discursiva e o rexistro prototípicos. Identificar a estrutura textual global dos xéneros presentación académica oral (PAO) e debate en mostras destes xéneros. Sinalar se o emisor utiliza o galego estándar ou se utiliza unha variedade dialectal indicando os trazos lingüísticos que a caracterizan e identificar o rexistro. Indicar cal é secuencia discursiva dominante nunha mostra dunha PAO e a intención comunicativa do emisor. Identificar nunha mostra dunha PAO as explicacións.
B1.4. Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito académico (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito académico e elabora un esquema ou resumo. LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.	CCL,CCA,CSC	Identificar a modalidade discursiva dunha mostra do xénero debate. Indicar a intención que vehicula a modalidade discursiva argumentativa. Tomar notas durante un debate e explicar cal é a tese defendida e os argumentos de apoio, así como a postura contraria e os seus argumentos correspondentes. Indicar que procedementos lingüísticos se utilizan para manifestar acordo cunha tese e para manifestar a postura en contra dela.

<p>B1.5. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade académica, tanto espontáneas como planificadas.</p>	<p>LGB1.5.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). LGB1.5.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.</p>	<p>CCL,CAA,CSC, CSIEE</p>	<p>Escoitar con atención as intervencións de compañeiros e profesor e respectar as súas ideas: non descualificalas, ridiculizalas ou desvalorizalas. Pedir a palabra con fórmulas e xestos adecuados e respectar a intervención dos demais: non interromper, nin solapar ou roubar a vez para intervir. Non utilizar expresións que manifesten algún tipo de prexuízo ou discriminación e, en caso de que se produzan, amosar rexeitamento ante a súa emisión. Utilizar os elementos paralingüísticos da comunicación (entoación, volume, énfase, ritmo, pausas...) adecuados e eficaces á situación comunicativa.</p>
<p>B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p>	<p>LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para melloralas. LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega. LGB1.6.2. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>	<p>CCL,CAA,CCEC</p>	<p>Identificar erros de pronunciación nos fonemas característicos da lingua galega nas expresións orais tanto propias coma alleas. Autoavaliar a propia produción oral indicando os erros de pronunciación.</p>
<p>B1.7. Participar activamente en situación propias do ámbito académico e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.</p>	<p>LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais. LGB1.7.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios. LGB1.7.3. Avalía as intervencións propias e alleas.</p>	<p>CCL,CSC,CAA</p>	<p>Participar construtivamente nas conversacións e debates, espontáneos ou planificados, que se desenvolven dentro da aula respectando as normas de petición e uso da palabra para expresar a propia opinión e atendendo ás indicacións dun moderador ou do propio profesor. Autoavaliar a propia</p>

	LGB1.7.4. Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.		<p>produción oral indicando os erros de pronunciación. Intervir nas conversacións e debates achegando ideas, opinións ou información pertinentes con respecto ao tema tratado.</p> <p>Escoitar con atención as intervencións dos demais, tomar notas, reflexionar sobre o que se comunica e emitir unha valoración. Respetar o uso da palabra e non xesticular nin elevar a voz para interromper, solapar ou roubar a quenda no uso da palabra, intervir cando corresponda e utilizar as fórmulas de apertura e peche do discurso adecuadas.</p>
B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	<p>LGB1.8.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.</p> <p>LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>LGB1.8.3. Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.</p> <p>LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.</p> <p>LGB1.8.5. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p> <p>LGB1.8.6. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da</p>	CAA,CCL,CSC, CSIEE	

	<p>práctica oral.</p> <p>LGB1.8.7. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.</p>		
<p>B1.9. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou académica.</p>	<p>LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.</p> <p>LGB1.9.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.</p> <p>LGB1.9.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.</p> <p>LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións académicas sinxelas.</p>	<p>CCL,CSC,CSIE E,CCEC,CD,CA A</p>	
<p>B1.10. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.</p>	<p>LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.</p> <p>LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.</p>	<p>CD,CAA,CSEIE, CD,CCL,CSC</p>	<p>Utilizar as TIC para buscar e seleccionar información. Empregar as TIC para realizar traballos académicos utilizando diversos recursos para presentalos de forma visualmente atractiva.</p>
<p>B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.</p>	<p>LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.</p> <p>LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.</p> <p>LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.</p> <p>LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.</p>	<p>CCL,CAA</p>	<p>Subliñar a idea principal de cada un dos parágrafos do texto e resumir textos escritos incluíndo a información relevante. Organizar nun esquema ou nun cadro as ideas principais e as ideas secundarias dun texto. Utilizar dicionarios para buscar o significado de palabras. Identificar o significado literal de determinadas expresións e o sentido que posúen no contexto concreto en que se utilizan.</p>
<p>B2.2. Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e</p>	<p>LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.</p> <p>LGB2.2.2. Identifica os trazos</p>	<p>CCL,CSC</p>	

regulamentos.	característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos).		
B2.3. Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes.	LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes. LGB2.3.2. Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.	CCL,CSC	Identificar a estrutura (ou esquema) textual dos xéneros noticia e entrevista xornalísticas en mostras destes xéneros. Recoñecer a modalidade discursiva dominante nos xéneros noticia e entrevista xornalísticas e indicar a intención que vehiculan. Resumir o contido dunha mostra dos xéneros noticia e entrevista xornalísticas incluíndo a información fundamental. Identificar as marcas lingüísticas características e a forma prototípica de organizar as ideas da modalidade discursiva narrativa. Identificar en textos xornalísticos os trazos lingüísticos característicos da expresión da opinión e da transmisión de información.
B2.4. Comprender e interpretar textos de carácter académico, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta.	LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito académico, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas. LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe. LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.	CCL,CAA,CD	Resumir o contido de entradas de enciclopedias e de fragmentos de manuais de diferentes áreas de coñecemento. Identificar as marcas lingüísticas características e a forma de organizar as ideas da modalidade discursiva descritiva. Identificar as marcas lingüísticas características da modalidade discursiva expositiva Identificar as marcas lingüísticas características da modalidade discursiva argumentativa. Utilizar dicionarios enciclopédicos, manuais e webs para aclarar dúbidas sobre o contido dos textos. Interpretar a información expresada en gráficas e diagramas e explicala

B2.5. Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos.	LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos. LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.	CCL,CAA	
B2.6. Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.	LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.	CCL,CAA,CD	
B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.	LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	CCL,CSC	
B2.8. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego.	LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto. LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.	CCL	Ler en voz alta con fluidez utilizando o volume, a entoación, o ritmo e as pausas adecuadas e acentuando correctamente as palabras. Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos da lingua galega.
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.	LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros.	CCL,CSC,CD	Redactar en soporte papel ou dixital unha mostra dos xéneros acta e convocatoria reproducindo o esquema textual destes xéneros así como o seu rexistro.
B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente	LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.	CCL,CD	Reproducir por escrito en soporte papel ou dixital os xéneros noticia e entrevista xornalísticas seguindo o esquema textual destes xéneros, o modo de desenvolver o contido e o seu rexistro

, entrevistas, crónicas e reportaxes.			prototípicos.
B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito académico: informes e proxectos sobre tarefas académicas das materias curriculares.	LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información. LGB2.11.2. Usa correctamente elementos formais nos traballos académicos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc.	CCL,CD	Reproducir por escrito o xénero PAO seguindo o esquema textual deste xénero e o seu rexistro prototípico. Usar correctamente títulos, índice, paxinación e citas bibliográficas na presentación escrita dunha PAO.
B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados. LGB2.12.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos. LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito. LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso. LGB2.12.5. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais). LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).	CCL,CAA,CD	Utilizar o rexistro adecuado en función dos factores presentes na situación comunicativa, e o xénero adecuado segundo o ámbito de uso. Producir textos coherentes mantendo a unidade temática e seleccionando a información precisa e pertinente para o desenvolvemento do tema, e utilizar marcadores discursivos para cohesionar o texto. Revisar os textos e corrixir, se fose preciso, a secuenciación das ideas, as contradicións, as repeticións innecesarias, os erros tipográficos, os gramaticais e os ortográficos.
B2.13. Utilizar as TIC para organizar os contidos,	LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para	CCL,CD	Utilizar as TIC para realizar unha primeira corrección ortográfica das producións

mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.	organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.		textuais
B2.14. Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.	LGB2.14.1. Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.	CCL,CSC,CCE C,CD	
B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía.	LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.	CCL,CAA	Recoñecer o significado de terminoloxía específica das diferentes materias curriculares e utilízala nos propios escritos.
B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.	LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.	CCL,CCA	Recoñecer a definición do concepto de palabra. Definir as diferentes categorías gramaticais de palabras (ou clase de palabras). Identificar a categoría gramatical das palabras e, dentro delas, a clase. Definir e recoñecer as diferentes categorías de grupos de palabras (sintagmas ou frases). Identificar en cada modalidade discursiva a clase de palabras que as caracterizan.
B.3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras para crear novos elementos léxicos.	LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación.	CCL,CCA	
B.3.4. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.	LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.	CCL,CAA	
B.3.5. Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de	LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.	CCL,CD	

consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.			
B.3.6. Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.	CCL,CAA	Recoñecer e utilizar correctamente as regras de acentuación de palabras. Utilizar correctamente a acentuación diacrítica. Escribir correctamente palabras con b/v; c/qu/z; g/ gu.
B.3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación.	LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente.	CCL	Utilizar correctamente a coma, o punto e seguido, o punto e á parte e o punto e coma nos propios escritos para facilitar a comprensión do contido e cohesionar o texto.
B.3.8. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.	LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferenza os elementos que as desempeñan.	CCL,CAA	Identificar o concepto de oración. Indicar cales son, segundo a actitude do emisor, as modalidades oracionais básicas. Clasificar as oracións simples como declarativas, interrogativas, imperativas e exclamativas. Identificar os constituíntes inmediatos da oración e defínilos. Indicar que clase de palabras ou de grupo de palabras (sintagma) poden funcionar como suxeito e como predicado. Identificar o suxeito e o predicado en oracións simples e indicar a palabra que funciona como núcleo do SN e do SV. Recoñecer os complementos do predicado e indicar as clases de palabras que cumpren as funcións de OD, OI e atributo. Clasificar oracións simples en función da natureza do predicado como transitivas, intransitivas, pasivas e impersoais.
B.3.9. Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións	LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.	CCL	Recoñecer e utilizar a repetición da mesma palabra ou dun lexema e o uso de sinónimos, hiperónimos e hipónimos

propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión.			como procedementos de cohesión textual. Recoñecer nos textos e utilizar nos propios escritos marcadores discursivos.
B.3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.	LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.	CCL	Identificar o tema desenvolvido nun texto e indicar se o texto presenta unidade e progresión temáticas.
B.3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos.	LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor.	CLC,CSC	Interpretar o sentido dunha mensaxe en función do contexto de produción e identificar a intención comunicativa do emisor
B.3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL,CAA,CD	
B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción	LGB13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL,CAA	

de textos.			
B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.	<p>LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.</p> <p>LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.</p> <p>LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.</p> <p>LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.</p> <p>LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.</p> <p>LGB4.1.6. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).</p>	CCL,CSC,CD	<p>Recoñecer a lingua como o instrumento de comunicación máis eficaz para o intercambio comunicativo entre individuos.</p> <p>Recoñecer a lingua como elemento fundamental da identidade sociocultural e histórica dos grupos humanos, e identificar o galego como a lingua propia de Galicia.</p> <p>Diferenciar os conceptos de bilingüismo social, de bilingüismo individual e de diglosia.</p> <p>Identificar o concepto de bilingüismo, ou plurilingüismo, inclusivo.</p> <p>Recoñecer a competencia lingüística en dúas ou máis linguas como un beneficio intelectual para os individuos que a posúen.</p> <p>Recoñecer a lingua romance da que proceden o portugués e o galego, e indicar a partir de que momento histórico son consideradas como dúas linguas diferentes.</p> <p>Definir que é a lusofonía e identificar os territorios que forman parte da comunidade lusófona así como o número de falantes que a integran.</p>
B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega.	<p>LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.</p> <p>LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.</p> <p>LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.</p>	CCL,CSC,CD	<p>Explicar, fundamentándose en datos extraídos da realidade social, se o galego e o castelán son utilizados de forma equilibrada nos mesmos ámbitos e situacións de intercambio comunicativo.</p> <p>Aplicar os conceptos de bilingüismo e de diglosia á situación sociolingüística galega e explicar que conclusión se pode extraer.</p> <p>Analizar gráficas sobre o uso do galego en función da idade das persoas e explicar se nun determinado rango de idades o uso do galego e</p>

			do castelán é equilibrado. Identificar os castelanismos na fraseoloxía utilizada na lingua oral e corrixilos no propio discurso.
B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega. LGB4.3.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego. LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	CCL,CSC	Identificar o concepto de normalización lingüística e diferencialo do concepto de normalización. Recoñecer a necesidade da normativización dunha lingua como un elemento fundamental para a súa normalización Explicar que é o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. Relacionar o feito de usar a lingua galega en todos os ámbitos de interacción comunicativa coa normalización do idioma galego. Comprender que a contribución individual ao proceso de normalización lingüística é usando o galego en todos os ámbitos e situacións de comunicación
B4.4. Recoñecer os principios elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.	LGB4.4.1. Recoñece os principios elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	CCL,CSC,CD	Indicar cal é a lingua base na formación do galego e cales son as linguas de substrato e superestrato que contribuíron á súa conformación. Identificar e poñer exemplos de léxico común, antroponimos e topónimos de orixe preindoeuropea, celta, xermánica e árabe. Indicar cales son os grandes períodos e, dentro deles, as etapas da historia social da lingua galega comprendidos entre os séculos IX e 1916. Situalos tanto cronoloxicamente coma nas distintas idades nas que se enmarcan. Explicar a situación sociolingüística do galego nos diferentes períodos e etapas que se poden diferenciar na historia social desta lingua, indicando os seus ámbitos

			<p>de uso.</p> <p>Describir os feitos políticos e económicos que determinan a situación sociolingüística do galego en cada período e etapa da historia da lingua dende o século IX ata 1916.</p> <p>Describir as consecuencias dos feitos políticos e económicos para o uso, a normativización e a valoración social do galego en cada período e etapa da historia da lingua.</p> <p>Buscar nas TIC e ler textos sobre a historia social da lingua galega e extraer información relacionada cos acontecementos políticos e económicos de cada período e coas súas consecuencias.</p>
B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.	LGB4.5.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.	CCL,CSC	Coñecer a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.
B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	CCL,CSC	Definir que é un prexuízo lingüístico, poñer exemplos de prexuízos lingüísticos con respecto á lingua galega e explicar a propia postura con respecto a eses prexuízos.
B4.7. Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia.	LGB4.7.1. Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego. LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. LGB4.7.3. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	CCL,CSC	Utilizar a terminoloxía lingüística con rigor e precisión conceptuais diferenciando os conceptos variante e variedade lingüísticas. Recoñecer as variedades xeográficas (dialecto, ou xeolectos) e as variedades socioculturais (nivel de lingua, ou sociolecto) do galego identificando os trazos lingüísticos (conxunto homoxéneo de variantes) que as caracterizan. Recoñecer a variedade estándar galega como unha variedade supradialectal común a todos os falantes galegos.

			<p>Identificar e utilizar nos propios escritos académicos os trazos lingüísticos característicos da variedade estándar galega.</p> <p>Identificar os trazos lingüísticos característicos da variedade dialectal propia da súa zona xeográfica e utilízalos na interacción oral.</p>
<p>B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.</p>	<p>LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.</p> <p>LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.</p>	CCL	<p>Recoñecer as definicións de literatura, de xéneros literarios e das súas clases.</p> <p>Identificar os principais subxéneros dentro de cada xénero.</p> <p>Identificar os principais recursos estilísticos da linguaxe literaria.</p> <p>Recoñecer os grandes períodos (Lírica Medieval, Séculos Escuros, Ilustración, Rexurdimento) da historia da literatura galega desde o século IX ata 1916, e situalos cronoloxicamente indicando idade histórica e século(s).</p> <p>Identificar os xéneros, subxéneros e autores máis representativos de cada período desde o século IX ata 1916.</p>
<p>B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.</p>	<p>LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura.</p> <p>LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</p> <p>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala</p>	CCL	<p>Seleccionar para ler e comentar, dunha escolma de poemas medievais, dúas cantigas de amor, dúas de amigo, dúas de escarnio e maldicir e dúas de Santa María.</p> <p>Seleccionar para ler e analizar, dunha escolma de poesía popular dos Séculos Escuros, un conto popular, unha lenda, unha cantiga de berce e unha cantiga de festa.</p> <p>Seleccionar para ler e analizar, dunha escolma de textos do Prerexurdimento, un fragmento da obra A gaita gallega, de Xoán Manuel Pintos.</p> <p>Seleccionar para ler e</p>

	<p>os seus trazos característicos definitorios e relacións co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</p> <p>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).</p>		<p>analizar, dunha escolma de textos poéticos do Rexurdimento: dous poemas de Cantares gallegos e outros dous de Follas novas, de Rosalía de Castro; dous poemas de Queixumes dos pinos, de Eduardo Pondal, e dous poemas de Aires da miña terra e outros dous de O divino sainete, de Manuel Curros Enríquez.</p> <p>Ler os textos seleccionados e analizar o contexto de produción indicando: idade histórica e século da súa produción, así como o período da historia social da lingua galega e a época ou movemento literario nos que se inclúen.</p> <p>Analizar o contido e a forma dos textos literarios poéticos lidos indicando: tema e idea principal; rima, metro e estrofa; recursos literarios e características lingüísticas...</p> <p>Analizar os textos narrativos lidos indicando o seu esquema textual, o tema e o argumento e o modo de desenvolver o seu contido. Comparar textos dunha mesma época ou movemento literario e establecer semellanzas e diferenzas.</p>
<p>B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</p>	<p>LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</p> <p>LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.</p>	<p>CCL</p>	<p>Ler de forma expresiva poemas, contos, lendas e diálogos teatrais da literatura galega comprendidos entre o século IX e o ano 1916. escoitar textos da literatura galega, comprendidos entre o século IX e o ano 1916, resumir o seu contido e indicar tema e idea principal (ou argumento nos textos narrativos).</p>

B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	CCL	Realizar un traballo en equipo sobre a Lírica medieval ou sobre a poesía do Rexurdimento.
B5.5. Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas. LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.	CCL,CD	Utilizar bibliografía específica para documentarse. Presentar un índice bibliográfico do material utilizado na realización do traballo. Utilizar as TIC para obter datos e material para elaborar o traballo e citar as fontes consultadas.
Libro de texto: [Lingua e Literatura 3 ESO](#) Baía Edicións

O libro de texto será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas de traballo.
- Presentacións dixitais preparadas polo profesorado ou polo propio

alumnado.

- Vídeos e outros materiais audiovisuais aloxados na Rede.
- Páxinas Web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise.

3.16.- Actividades complementarias e extraescolares.

O departamento de Lingua e literatura galegas organiza distintas actividades complementarias e extraescolares destinadas a facilitar a adquisición das competencias clave e os estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.

A literatura, o Plan lector, a situación sociolingüística de Galicia, o autor homenaxeado nas Letras Galegas...son temas que vertebran actividades complementarias e extraescolares de moito interese e que se van organizando ao longo do curso, nalgúns ocasións polo propio Departamento de Lingua, noutras polo IES Virxe do Mar e en ocasións por institucións diversas que nos convidan e ofrecen a posibilidade de participar destes itinerarios que a día de hoxe non están deseñados nin son coñecidos, polo que non podemos concretar neste documento.

4.- LINGUA GALEGA E LITERATURA DE CUARTO CURSO DE ESO.

4.1.- Obxectivos para 4º ESO.

A transmisión de conceptos non ten como finalidade a memorización polo alumnado senón a adquisición de competencias: apréndese para saber facer algo co aprendido. A **adquisición eficaz dos estándares de aprendizaxe** que a continuación se relacionan é o principal obxectivo en cada curso da ESO.

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe mínimos esixidos (relacionados cos respectivos estándares de aprendizaxe e competencias básicas)

No recadro de estándares de aprendizaxe mínimos esixidos, están recollidos os mínimos esixidos para cada criterio de avaliación.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe mínimos esixidos
-------------------------	---------------------------	--------------------	--

<p>B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual</p>	<p>LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias. LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.</p>	<p>CCL,CAA</p>	<p>Identificar a estrutura dun texto de carácter oral. Identificar e comprender textos propios dos medios de comunicación audiovisual. Analizar a estrutura e o contido.</p>
<p>B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión.</p>	<p>LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización. LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor) LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.</p>	<p>CCL,CAA, CSEIEE, CCEC</p>	<p>Comprender e analizar o contido e a forma dun texto expositivo e dunha mensaxe publicitaria oral</p>
<p>B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en</p>	<p>LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos</p>	<p>CCL,CSC, CAA</p>	<p>Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos: intención, tese e argumentos. Elaborar un esquema ou resumo.</p>

mesas redondas).	para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.		
B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CCL	Obter información relevante dun texto oral formal ou informal, escrito en galego estándar ou nunha variante dialectal.
B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas	LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL, CSC, CSIEE	Elaborar unha breve exposición oral seguindo as pautas que deben rexela e tendo presentes os aspectos máis relevantes á hora de presentala en público.
B1.6. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto	CCL, CSC, CAA, CCEC	Ler un texto coa pronuncia e a entoación axeitadas, atendendo ao contido e aos signos de puntuación.
B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e	CCL, CSC, CLL	Participar en intervencións orais espontáneas con fluidez, cun léxico rico e variado e cunha fonética, morfoloxía e sintaxe propias do galego

<p>intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p>	<p>corrección. LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, as como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p>		
<p>B1.8. Manifesta una actitude crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias</p>	<p>LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación. LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.</p>	<p>CCL,CSC, CAA</p>	
<p>B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC</p>	<p>LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas progresivamente, de evitalos. LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e</p>	<p>CAA,CCL,CSC , CSIEE, CLL</p>	<p>Planificar a presentación dun proxecto seguindo unhas pautas e empregando as TIC. Presentar unha proposta de proxecto na que organice os contidos de xeito ordenado e claro.</p>

	elaborar unha presentación atractiva e innovadora.		
B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas	LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	CCL, CAA	
B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. LGB1.11.2 Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	CCL, CAA, CSC	
B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.	LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	CSC, CCL, CSIEE, CCEC	Participar e desenvolverse con soltura en diferentes situacións cotiás e de estudo
B1.13. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.	LGB2.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CSC, CCL, CSIEE, CAA	
B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión. LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.	CCL, CCA	Resumir o contido dun texto e/ou elaborar un esquema no que se recollen as ideas principais. Buscar información nun texto para responder a determinadas cuestións. Obter información relativa a un tema a partir da lectura dun texto nun rexistro culto e comprender o significado do léxico presente nel.

	<p>LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.</p> <p>LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.</p>		
<p>B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.</p>	<p>LGB2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.</p> <p>LGB2 2.2. Comprende, interpreta valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).</p>	CCL,CSC	<p>Diferenciar o esquema textual dun xénero do seu contido.</p> <p>Comprender e interpretar distintos tipos de textos do ámbito laboral, administrativo e comercial.</p>
<p>B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet</p>	<p>LGB2 3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.</p> <p>LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.</p>	CCL,CD	<p>Comprender e interpretar textos do ámbito educativo.</p>
<p>B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos</p>	<p>LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.</p> <p>LGB2.4.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.</p>	CCL	<p>Interpretar a intención do autor dun texto argumentativo e reflexionar sobre determinadas cuestións que lle suxire a súa lectura.4</p> <p>Ser quen de interpretar o significado de dúas</p>

			afirmacións contidas nun texto..
B2.5. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión	LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	CCL,CSC	Indicar como se relaciona o título dun artigo co contido dese mesmo artigo. Diferenciar e explicar as diferenzas que existen entre un texto expositivo argumentativo e un artigo de opinión. Diferenciar entre noticia e reportaxe. Baseándose no contido, estrutura, ton e linguaxe dun texto xornalístico, explicar por que non é unha noticia. Recoñecer a intención comunicativa dun texto xornalístico en determinadas secuencias textuais.
B2.6. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios). LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.	CCL,CSC	Analizar criticamente mensaxes persuasivas contidas en anuncios publicitarios.
B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias	LGB2 7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias. LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.	CCL,CSC	Reflexionar sobre o uso de termos ofensivos e politicamente incorrectos para referirse a determinados pobos ou colectivos sociais.
B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.	LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes. LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.	CCL,CD, CAA, CSC	Buscar información sobre temas e personaxes relevantes na historia de Galicia.
B2.9. Empregar estratexias e técnicas	LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu	CCL,CD,	Planificar unha proposta de proxecto definindo en primeiro termo os obxectivos,

<p>axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión)</p>	<p>discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais). LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión. LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sévese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente. LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.</p>		<p>os medios dos que se dispón e o plan de traballo. Redactar a proposta de proxecto seguindo unha estrutura proposta. Revisar o texto para comprobar que empregou os trazos lingüísticos e formais dos textos expositivos.</p>
<p>B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións</p>	<p>LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega. LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc. LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións</p>	<p>CCL,CD,CAA, CSC</p>	<p>Empregar as TIC para mellorar a presentación de traballos e facilitar a corrección de textos escritos.</p>
<p>B2.11. Producir, respectando as súas características formais e de</p>	<p>LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos</p>	<p>CCL,CD, CSC</p>	<p>Producir en formato papel ou dixital textos do ámbito laboral, administrativo e comercial.</p>

contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, administrativos e comerciais.	proprios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).		
B2.12. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	CCL, CD, CSC	
B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes	LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes. LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa. LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida.	CCL, CD, CSC	Producir textos argumentativos elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información. Resumir un texto sen parafrasealo.
B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo	LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL, CSC, CCEC	
B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	CCL, CAA	Recoñecer e explicar o significado de léxico variado relacionado con determinados temas. •Explicar o significado de diversos refráns e sinalar en que contextos se poden aplicar. •Recoñecer o significado de diferentes expresións propias da lingua galega e facer un uso correcto

B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.	CCL,CAA	Recoñecer e usar correctamente perífrases e formas verbais.
B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.	LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica. LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras. LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	CCL,CAA	Recoñecer e usar os procedementos de creación de novas palabras. Identifica prefixos e sufixos e empregar a prefixación e a sufixación. Identificar a procedencia dalgunhas palabras do noso léxico.
B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega	LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar	CCL,CD	Expresarse empregando os patróns fonéticos do galego.
B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.	LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.	CCL, CD	Saber usar os dicionarios e as TIC para resolver dúbidas e ampliar o léxico
3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega	LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos. LGB3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL, CAA	Respectar as normas gramáticas en textos orais e escritos e recoñecer o valor funcional e social das mesmas
B3.7. Analizar e usar	LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación,	CCL	Usar correctamente a puntuación.

correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	de acordo coa cohesión sintáctica.		
B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos	LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	CCL,CAA	Recoñecer e clasificar enunciados. Recoñecer os complementos dunha oración. Clasificar oracións segundo a modalidade e a natureza do predicado.
B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna	LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	CCL, CAA	Localizar os conectores dun texto e explicar o seu valor.
B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.	LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas. LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos. LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos. LGB3.10.4. Elaboro textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	CCL,CAA	Identificar a estrutura dun texto. Elaborar textos cunha estrutura apropiada de acordo a uns parámetros.
B3.11. Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e	LGB3.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos	CCL	

clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.	argumentativos, e aplícaos nas producións propias. LGB3.11.2. Recoñece nun exto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade.		
B3.12. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada	LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual. LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	CCL,CAA	Xustificar a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual e ser quen de elaboralas correctamente.
B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL,CAA	
B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos	LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras	CCL,CAA	

<p>B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas no mundo do século XX.</p>	<p>LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura. LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI. LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).</p>	<p>CCL, CSC, CD, CCEC</p>	<p>Valorar as linguas como medio de expresión, de relación interpersonal e como sinal de identidade. Coñecer os territorios lusófonos e a importancia da lusofonía.</p>
<p>B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución</p>	<p>LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística. LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual. LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos. LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada. LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.</p>	<p>CCL, CSC, CD</p>	<p>Coñecer a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística. Coñecer a situación sociolingüística de Galicia. Analizar a situación da lingua a partir da súa situación actual.</p>
<p>B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a</p>	<p>LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega. LGB4.3.2. Distingue</p>	<p>CCL, CSC</p>	<p>Valorar a contribución individual no proceso de normalización da lingua. Diferenciar claramente entre normalización e normativización. Coñecer os factores que contribúen á normalización.</p>

<p>importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.</p>	<p>normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno. LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. LGB.4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.</p>		
<p>B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.</p>	<p>LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas. LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.</p>	<p>CCL, CCEC, CD</p>	<p>Recoñecer a importancia das Irmandades da Fala na evolución social do galego. Coñecer os acontecementos máis importantes da historia social do galego e as distintas etapas desde 1916 ata a actualidade. Identificar as causas e as consecuencias deses feitos.</p>
<p>B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España</p>	<p>LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.</p>	<p>CCL,CD</p>	<p>Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analizar criticamente textos</p>
<p>B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.</p>	<p>LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. LGB4.6.2. Analiza a opinión</p>	<p>CCL,CSC</p>	<p>Coñecer o que é un prexuízo. Detectar e analizar a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno e rebatelos argumentalmente.</p>

	propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente		
B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.	LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica. LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas	CCL,CSC	Coñecer a situación socio lingüística de Galicia e recoñecer e valorar as distintas variedades lingüísticas e os principais fenómenos que as caracterizan. Recoñecer as características da lingua estándar e valorar a súa función como variedade unificadora.
B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.	CCL	Identificar e coñecer as etapas e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade e coñecer as súas principais características.
B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura. LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega	CCL	Lectura e comentario de textos representativos das principais etapas e xeracións desde 1916 ata a actualidade. Comparar textos literarios, distinguindo os trazos característicos.

	<p>correspondente.</p> <p>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definatorios e relacións co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</p> <p>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definatorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.</p>		
<p>B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente e textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade</p>	<p>LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</p> <p>LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.</p>	CCL	<p>Lectura expresiva e/ou dramatización de distintos tipos de textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</p> <p>Audicións de textos literarios.</p>
<p>B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</p>	<p>LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</p>	CCL	<p>Elabora traballos individual e/ou colectivamente analizando textos representativos dalgúns dos autores.</p>
<p>B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización</p>	<p>LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.</p> <p>LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC</p>	CCL, CD	<p>Emprego de recursos das TIC e consulta doutras fontes de información para a realización de traballos.</p>

de traballos e cita axeitada destes	para a realización de traballos e cita axeitada destes.		
B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos	LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula. LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos	CCL, CCEC	

4.3.- Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contidos.

Bloque	Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	d,e,h	B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo	Visionado e escoita para a análise das características lingüísticas e non lingüísticas dun debate
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	d,e,h	B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual.	Visionado e análise de anuncios publicitarios
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	d,e,h,	B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	Lectura, comprensión e análise de textos expositivos do ámbito educativo
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	d,e,h	B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.	Escoita e análise de textos orais de diversa natureza, tendo en conta as características propias de cada modalidade e xénero
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a, c, d, h	B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	Organización ordenada das intervencións e opinións do alumnado, respectando a quenda de palabra e a exposición dos demais membros do grupo.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	h,o	B1.6. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	Reflexión sobre as intervencións realizadas nas distintas actividades, valorando a calidade fonética e prosódica
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	h,o	B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con	Reflexión sobre as intervencións realizadas nas distintas actividades, valorando a calidade fonética

		coherencia, cohesión e corrección	e prosódica
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a,c,d,h,	B1.8. escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.	Reflexión sobre as intervencións realizadas nas distintas actividades para identificar e evitar prexuízos e mensaxes discriminatorias
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a, b, e, g, h,o	B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC	Exposición oral sobre un tema preparado previamente con axuda das TIC
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	b,h	B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas	Reflexión e avaliación das exposicións orais realizadas polo alumnado
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a, c, d, h	B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	Organización de pequenos debates en pequenos grupos con preparación previa
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a, d, h, l, ñ	B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.	Intervencións orais dirixidas preparadas seguindo uns roles previos
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	h, o	B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.	Reflexión e valoración sobre a lingua oral das intervencións feitas polo alumnado
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b, f, h	B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	Análise de textos escritos, baseándose na busca de palabras clave e ideas principais
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	d, e, h	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial	Análise e comprensión de textos escritos propios da vida cotiá
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	d, e, h	B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	Análise e comprensión de textos escritos relacionados co ámbito educativo
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	d, e, h	B2.4. Comprensión e interpretación de textos argumentativos.	Comprensión de textos argumentativos e análise das características lingüísticas e estruturais
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	d, e, h	B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	Comprensión de textos xornalísticos de opinión e análise das características lingüísticas e estruturais

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	d, e, h	B2.6. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	Comprensión e análise de textos publicitarios extraídos dos medios de comunicación
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	c, d, h	B2.7. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorias	Reflexión sobre a lingua utilizada nas distintas actividades para identificar e evitar prexuízos e mensaxes discriminatorias
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,e,f, h	B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.	Busca dirixida de información a través das TIC e das bibliotecas
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,f, h	B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión.	Elaboración de textos escritos seguindo unhas pautas dadas
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,e,h,f	B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	Elaboración e corrección dos propios textos do alumnado utilizando as TIC e as ferramentas de corrección ortográfica
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b, e, h	B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.	Redacción e elaboración de textos escritos propios da vida cotiá
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b, e, h	B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión.	Redacción e elaboración de textos xornalísticos de opinión
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b, e, h	B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	Redacción e elaboración de textos argumentativos
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	d, h	B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.	Reflexión e análise sobre a lingua utilizada nos textos elaborados polo propio alumnado
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e,l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.	Análise dun texto, atendendo ao vocabulario e a fraseoloxía utilizada.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e,l	B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das erífrases.	Revisión das formas verbais e análise de exemplos extraídos dos textos traballados
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e,i	B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.	Revisión dos procedementos de creación de palabras e exemplificación con palabras extraídas dos textos

			traballados.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	a, d, e	B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).	Intervencións orais espontáneas ou planificadas.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e, n, l	B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.	Procura do vocabulario descoñecido que aparece nos textos traballados usando dicionarios en papel e soporte electrónico
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b, e	B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	Análise e corrección da lingua utilizada nos textos elaborados polo propio alumnado
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e	B3.7. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.	Análise e corrección da lingua utilizada nos textos elaborados polo propio alumnado tendo en conta os mecanismos de cohesión
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b, e	B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado	Análise e corrección da lingua utilizada nos textos elaborados polo propio alumnado
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e,h	B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e máis dos mecanismos de cohesión textual.	Análise e corrección da lingua utilizada nos textos elaborados polo propio alumnado tendo en conta os mecanismos de cohesión
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e	B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.	Comprensión e elaboración de textos tendo en conta as regras de coherencia
Bloque 3. Funcionamento da lingua	a, b, e	B3.11. Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.	Comprensión e análise de textos argumentativos
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e	B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.	Análise de textos tendo en conta as regras de adecuación
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e, h	B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente,	Elaboración de materias multimedia, coa presenza de varias linguas, relacionados cos elementos transversais

		relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b, e	B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	Reflexión e análise sobre aspectos gramaticais utilizando terminoloxía común a outras linguas do currículo.
Bloque 4. Lingua e sociedade	ñ, o	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. B4.3. A lusofonía.	Elaboración e exposición sobre o plurilingüismo no mundo, a lusofonía e o plurilingüismo no Estado Español
Bloque 4. Lingua e sociedade	ñ, o	B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.	Elaboración e exposición sobre a situación sociolingüística de Galicia
Bloque 4. Lingua e sociedade	ñ, o	B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	Elaboración dun traballo sobre o proceso de normalización
Bloque 4. Lingua e sociedade	ñ, o	B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.	Análise e reflexión sobre a historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Elaboración dun mapa conceptual
Bloque 4. Lingua e sociedade	ñ, o	B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	Elaboración e exposición sobre o plurilingüismo no mundo, a lusofonía e o plurilingüismo no Estado Español
Bloque 4. Lingua e sociedade	ñ, o	B4.8. Prexuízos lingüísticos.	Identificación dos prexuízos lingüísticos a partir de textos e viñetas
Bloque 4. Lingua e sociedade	ñ, o	B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante	Escoita e análise de diferentes textos orais e escritos pertencentes a distintas variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas. Traballo grupal de recollida e rexistro de textos orais e análise das características.

		estándar da lingua en situacións de carácter formal.	
Bloque 5. Educación literaria	h,l	B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	Elaboración de esquemas que sintetizen a creación literaria desde 1916 ata a actualidade
Bloque 5. Educación literaria	h,l	B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	Lectura e análise literaria de diferentes texto pertencentes a cada período literario estudado.
Bloque 5. Educación literaria	h,l	B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	Lecturas expresivas, recitais e dramatizacións de diferentes textos representativos de cada período literario estudado, individuais e en grupo.
Bloque 5. Educación literaria	b,h, l	B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	Comentario de textos literarios
Bloque 5. Educación literaria	e, h, l	B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	Busca na Internet de información sobre autores e obras e elaboración de textos expositivos orais e escritos.
Bloque 5. Educación literaria	h,l, n	B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	Actividades de escrita literaria seguindo as distintas técnicas de obradoiros de literatura

4 4.- Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<p>LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.</p> <p>LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias.</p> <p>LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.</p>	Proba escrita
<p>LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.</p> <p>LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o</p>	Caderno de aula observación e rexistro

receptor) LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.	
LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.	Observación e rexistro
LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	Proba escrita
LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	Proba escrita
LGB1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto	Observación e rexistro
LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, as como a fonética galega (pronuncia as sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	Rúbrica de avaliación
LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación. LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	Observación e rexistro
LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas progresivamente, de evitalos. LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse	Rúbrica de avaliación

bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.	
LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	Observación e rexistro
LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. LGB1.11.2 Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	Observación e rexistro
LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	Observación e rexistro
LGB2.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	Observación e rexistro
LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión. LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos. LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	Caderno de aula Observación e rexistro
LGB2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial. LGB2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).	Proba escrita
LGB2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas	Proba escrita Caderno de aula
LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos. LGB2.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.	Proba escrita
LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	Proba escrita caderno de aula
LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e	Proba escrita

<p>implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).</p> <p>LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.</p>	<p>caderno de aula</p>
<p>LGB2.7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.</p> <p>LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.</p>	<p>Observación e rexistro</p>
<p>LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.</p> <p>LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.</p>	<p>Observación e rexistro</p>
<p>LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).</p> <p>LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.</p> <p>LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.</p> <p>LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.</p> <p>LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación</p>	<p>Observación e rexistro</p>
<p>LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.</p> <p>LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc.</p> <p>LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións</p>	<p>Observación e rexistro</p>
<p>LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).</p>	<p>Proba escrita Observación e rexistro</p>
<p>LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.</p>	<p>Proba escrita Observación e rexistro</p>
<p>LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.</p> <p>LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen</p>	<p>Proba escrita Observación e rexistro</p>

documentación previa. LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida	
LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	Observación e rexistro
LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	Proba escrita Caderno de aula
LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.	Proba escrita Caderno de aula
LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica. LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras. LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	Proba escrita Caderno de aula
LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.	Observación e rexistro
LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.	Observación e rexistro
LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos. LGB3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	Caderno de aula
LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	Proba escrita
LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	Proba escrita
LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	Proba escrita
LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas. LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos. LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos. LGB3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos	Proba escrita

en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	
LGB3.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícaos nas producións propias. LGB3.11.2. Recoñece nun texto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade	Caderno de aula
LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual. LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	Caderno de aula
LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Observación e rexistro
LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras	Observación e rexistro
LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura. LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI. LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).	Observación e rexistro
LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística. LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual. LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos. LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada. LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual	Caderno de aula
LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega. LGB4.3.2. Distingue normalización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno. LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. LGB4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora	Caderno de aula Observación e rexistro

<p>LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.</p> <p>LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.</p> <p>LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.</p> <p>LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.</p> <p>LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.</p>	Caderno de aula
<p>LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.</p>	Caderno de aula
<p>LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.</p> <p>LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente</p>	Caderno de aula
<p>LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.</p> <p>LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.</p> <p>LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora.</p> <p>LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentalmente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.</p> <p>LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas</p>	Proba escrita Observación e rexistro
<p>LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</p> <p>LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.</p>	Proba escrita caderno de aula
<p>LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.</p> <p>LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</p> <p>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</p> <p>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.</p>	Proba escrita Observación e rexistro
<p>LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente</p>	Observación e rexistro

textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.	
LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	Proba escrita
LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes	Observación e rexistro
LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos	Caderno de aula

4.5.- Metodoloxía.

As competencias que debe adquirir o alumnado obsérvanse como capacidades de resolución de situacións problema da vida real. Estas situacións problema deben ser o punto de partida das distintas secuencias didácticas, deseñadas cun **enfoque comunicativo** que aproxime os contextos de aprendizaxe do alumnado á vida do seu entorno vital.

Esta aprendizaxe require unha proposta didáctica de **actividades integradas**. Por exemplo, para unha exposición oral planificada en grupo precisan integrar a expresión e comprensión orais, a investigación, as ferramentas TIC, a expresión escrita, a técnica do traballo colaborativo e cooperativo,...

Procurarase abordar de forma integrada as cinco destrezas lingüísticas: falar, escoitar, ler, escribir e interactuar, así como os cinco bloques de contidos que vertebran o currículo desta materia: comunicación oral, comunicación escrita, reflexión sobre a lingua, sociolingüística e educación literaria.

Trátase, pois, dunha metodoloxía inclusiva, participativa e colaborativa, na que o alumnado comparta fortalezas e supla debilidades coa axuda dos máis compañeiros e compañeiras, dirixidos pola profesora.

O tratamento da información, mediante unha correcta **alfabetización informacional** que facilite a busca, selección, análise e interpretación da información, é un dos puntais metodolóxicos nesta materia, pois activa estratexias de comprensión e expresión e facilita a aprendizaxe competencial.

O sistema de ensino-aprendizaxe é **híbrido** desde o comezo de curso: combínase presencialidade en aula convencional con traballo na **aula virtual**, accedendo desde unha aula de informática cun ordenador para cada persoa. Procurarase que polo menos unha sesión semanal será na aula de informática para que todo o alumnado teña ocasión de realizar as tarefas dirixidas desde a aula virtual.

Este grupo participará no proxecto interdisciplinar do Plan Proxeta sobre alimentación saudable. Colaborará cando lle corresponda no reparto de leite fresco e froita, e creará traballos para expoñer de forma oral na aula sobre a importancia do consumo de froita fresca, verduras, lácteos... así como de levar uns hábitos de vida saudables.

4.6.- Procedementos de avaliación.

Utilizaranse procedementos de avaliación variados e coherentes coas actividades de aprendizaxe, para facilitar a avaliación do alumnado e do proceso integral de ensinanza e aprendizaxe (avaliación formativa). Os principais procedementos de avaliación son:

- Observación e rexistro das intervencións na aula.
Tarefas da aula virtual.
- Rúbricas de avaliación.
- Probas escritas.
- Probas orais de lectura.
- Exposicións orais planificadas.

O conxunto de procedementos de valoración dos estándares de aprendizaxe permiten a comprobación da adquisición de todas as competencias que se adquiren nesta materia nun marco de avaliación coherente que será continua, formativa e sumativa ao finalizar cada trimestre e o curso.

O alumnado que non supere os estándares mínimos de aprendizaxe recibirá as indicacións e recursos, de ser precisos, por parte da profesora para, deste xeito, acadar a capacitación suficiente para superar o curso.

Ao longo do curso a **avaliación será continua**, o que implica que a recuperación dunha avaliación se fai aprobando a seguinte. O alumnado que non acade 5 puntos na avaliación ordinaria deberá superar a proba extraordinaria de xuño, na que se examinará de toda a materia, incluídos os libros de lectura obrigatoria.

O uso de calquera medio fraudulento na realización das distintas probas e tarefas implicará a cualificación nas mesmas con cero puntos.

4.7.- Criterios de cualificación.

Os 10 puntos da cualificación final de cada avaliación desagreganse da seguinte forma:

- Probas escritas: **7** puntos
- probas de lectura: **1** punto pola lectura obrigatoria proposta pola profesora e **0.5** puntos a segunda lectura, elixida polo alumnado.
- Expresión oral: **1** punto: intervencións na aula e exposición oral planificada.
- Observación e rexistro do traballo na aula: **0.5** puntos

- O caderno de aula, así como calquera outra tarefa que o profesorado indique, poderanse utilizar para redondear notas á alza, sobre a cualificación obtida na suma dos rexistros anteriores.

Para aprobar cada avaliación é preciso acadar unha cualificación mínima de **5** puntos. Ningunha cualificación por baixo de 3 puntos será reconsiderada, mesmo no caso de que un alumno ou alumna suspenda unicamente esta materia.

A proba extraordinaria de **xuño**, que tamén recolle algunha cuestión sobre as lecturas feitas ao longo do curso, valórase sobre 10 puntos.

4.8.- Directrices e instrumentos para a avaliación inicial.

A comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para comprobar o punto de partida de cada alumno en relación aos estándares de aprendizaxe sobre os que se asenta a aprendizaxe do curso que comeza.

Será unha proba competencial, integrada por compoñentes dos cinco bloques de contidos que vertebran o currículo desta materia: comunicación oral, comunicación escrita, reflexión sobre a lingua, sociolingüística e educación literaria e con enfoque comunicativo.

Esta proba presentárase mediante a petición de resolución de diferentes tarefas, que se afrontarán coa metodoloxía e recursos que o profesorado estime oportunos: soporte dixital ou papel, lectura en voz alta, exposición oral individual ao en grupo...de xeito que o conxunto de exercicios se resolvan en sesións diferentes e con metodoloxías diversas.

Esta avaliación inicial servirá para detectar fortalezas e debilidades do alumnado en relación a cada bloque de contidos e, así mesmo, tomar decisións sobre a pertinencia de aplicar determinados procedementos de reforzo en competencia lingüística ou adaptación curricular, se é o caso.

4.9.- Medidas de atención á diversidade.

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o *Decreto 86/2015* debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viran obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Os principios básicos para o tratamento do alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios, as **actividades de aprendizaxe integradas** facilitan a gradación da dificultade, para que cada alumno sexa quen de

visualizar o seu nivel de partida e ir aumentando pouco a pouco o grao de dificultade na resolución das tarefas.

O **traballo en grupo** tamén constitúe un importante apoio para a aprendizaxe colaborativa e cooperativa, pois as debilidades e fortalezas modifícanse en base ás aportacións dos restantes compañeiros e compañeiras.

No Plan Xeral de Atención á Diversidade do IES Virxe do Mar aparecen concretadas todas as medidas xerais de atención ao alumnado que presenta algunha carencia neste sentido.

4.10.- Accións para a educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.

A través das lecturas recomendadas e da selección de materiais curriculares para cada unidade didáctica, afróntanse distintos aspectos da educación en valores tales como:

- Convivencia democrática e resolución pacífica de conflitos.
- Respecto pola liberdade de conciencia, intimidade e dignidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Coeducación e rexeitamento de calquera manifestación de discriminación e/ou violencia contra as mulleres.
- Alimentación e hábitos de vida saudables.

4.11.- Accións de contribución ao plan Tic do Centro.

O artigo 39 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece as pautas a seguir no ámbito da Educación dixital:

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.
3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.
4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.

En virtude do anteriormente disposto, o Departamento de Lingua Galega e Literatura promoverá a aplicación da educación dixital a fin de impulsar novos métodos de ensinanza-aprendizaxe e de construción do coñecemento.

O proxecto dixital do Departamento afondará no traballo iniciado os cursos anteriores:

- Fomentar o uso das TIC como recurso educativo e para a elaboración de materiais de apoio e utilizar portais educativos e foros de debate para a formación permanente e o intercambio de experiencias.
- Cambiar a metodoloxía no proceso de ensino-aprendizaxe que nos distancie dos métodos tradicionais e nos achegue a novos métodos nos que o/a profesor/a sexa un guía para a construción de aprendizaxes estandarizadas, significativas e competencias do propio alumnado.
- Deseñar e empregar os nosos propios recursos educativos dixitais: blog do Departamento: [Verbas no tempo](#), e alleos: obxectos dixitais de aprendizaxe de licenza aberta.

4.12.- Accións de contribución ao proxecto Lector do Centro.

A comprensión lectora e expresión creativa son habilidades esenciais a adquirir e fortalecer nas clases de Lingua galega. A lectura comprensiva é a porta ao coñecemento e sen coñecemento non existe a cidadanía crítica.

É por isto polo que establecemos lecturas obrigatorias, comúns para todo o nivel, e valoradas en 1 punto; e lecturas optativas, a seleccionar polo alumnado de entre varias propostas, e valoradas en 0,5 puntos. Estas lecturas, como se indicou nos apartados 4.6 e 4.7 son puntuadas nun apartado específico co 15% do total da cualificación da avaliación.

As lecturas seleccionadas para **4º ESO** son as seguintes:

1.- <u>O mal querer</u> . Natalia Carou. Baía Edicións. <u>Cartas de amor</u> . Fran Alonso. Ed. Xerais
2.- <u>Futuro imperfecto</u> . Xulia Alonso Díaz. Ed. Galaxia <u>Made in Galiza</u> . Sechu Sende. Ed. Galaxia
3.- <u>Un animal chamado néboa</u> . Leticia Costas. Ed. Xerais <u>Remexido de patacas</u> . Eli Ríos. Baía Edicións

No curso de 4º ESO da Aula Virtual hai no apartado “Biblioteca” unha relación das lecturas obrigatorias e optativas recomendadas pola profesora, entre as que deberá elixir o alumnado.

Arredor das obras de lectura obrigatoria poderán organizarse encontros con autores e autoras, visualización de películas baseadas na obra literaria, visitas a

lugares relacionados coa trama e debates orais ou virtuais sobre determinados aspectos do libro.

4.13.- Accións de reforzo/recuperación.

O alumnado que suspenda algunha avaliación recibirá as indicacións oportunas por parte da profesora para mellorar o seu rendemento e acadar unha cualificación satisfactoria en relación aos estándares mínimos de aprendizaxe.

Como se indicou nos apartados 1.6 e 1.7 a avaliación é continua, polo que o alumnado que aprobe unha avaliación recupera a anterior, e viceversa: se hai retroceso e non progreso no proceso de aprendizaxe, a cualificación responderá á nova capacitación na resolución dos estándares de aprendizaxe.

Da materia pendente de 3º curso.

Do seguimento do alumnado pendente (tarefas, exames, cualificacións...) encargarase cada profesor do curso académico actual.

O alumnado que realice satisfactoriamente as tarefas encomendadas pola profesora e aprobe as avaliacións de 4º, aproba a materia pendente cunha cualificación de 5 puntos. Se desexa subir nota, poderá presentarse ao exame, aínda que unha cualificación negativa nese exame en ningún caso provocará o suspenso dese alumno ou alumna.

O alumnado que non realice as tarefas referenciadas no parágrafo anterior, acudirá ás probas convocadas especificamente para o alumnado coa materia pendente nas que será examinado dos contidos mínimos dese curso, onde debe acadar unha cualificación igual ou superior a 5 puntos para aprobar a materia.

Os contidos esixibles serán os mínimos esixidos para este nivel.

4.14.- Temporalización.

O libro de texto que imos empregar é o de Lingua e Literatura 4º ESO (Bahía Edicións) está secuenciado en 12 unidades didácticas, a distribución das mesmas será inicialmente de catro unidades por avaliación.

Unha distribución temporal plausible sería a dun período de dúas a tres semanas ou 6 sesións por unidade didáctica e, a maiores, varias sesións para realizar secuencias de aprendizaxe, revisar e ampliar conceptos e preparar probas de avaliacións.

De todos xeitos, resulta bastante difícil ser precisos na temporalización, pois cada aula pode presentar ritmos e dinámicas diferentes, por iso o tempo de traballo con cada unidade didáctica poderá flexibilizarse en función da rápida ou lenta asimilación, da implicación e capacidade do alumnado, etc.

A temporalización inicial será a seguinte:

Primeira avaliación

LECTURA: Lectura, comprensión e actividades de expresión relacionadas con textos diversos.

EXPRESIÓN ESCRITA: adecuación, coherencia e cohesión.

LÉXICO: polisemia, homonimia, antonimia, hiperonimia, hiponimia e cohiponimia.

GRAMÁTICA: a comunicación; o nome, os pronomes (persoal, demostrativo, identificador, posesivo, numeral, interrogativo e exclamativo).

EXPRESIÓN ORAL: actividades de expresión oral relacionadas coa suxestión, o remarque dunha idea, a seguranza e reformulación.

ORTOGRAFÍA: a acentuación e a puntuación.

LITERATURA: a literatura do 1º terzo do século XX..

LINGUA E SOCIEDADE: Plurilingüismo, diversidade lingüística na Península Ibérica, o galego e a lusofonía e a lingua nas leis.

Segunda avaliación

LECTURA: Lectura, comprensión e actividades de expresión relacionadas con textos diversos.

EXPRESIÓN ESCRITA: estrutura dialogada e monologada, narrativa, descritiva e argumentativa.

LÉXICO: abreviaturas e símbolo, composición e derivación.

GRAMÁTICA: o adverbio, a preposición e a conxunción. Sintaxe: unidades e funcións sintácticas, a frase.

EXPRESIÓN ORAL: actividades de expresión oral relacionadas coa expresión da dúbida, da realización de conxeturas, da xeneralización e do consenso.

ORTOGRAFÍA: uso de b e v, de h, de s e x; uso doutras consoantes.

LITERATURA: a literatura desde 1936 até a Xeración dos 50.

LINGUA E SOCIEDADE: situación sociolingüística, conflito lingüístico e diglosia, preconceptos lingüísticos e variedades lingüísticas diatópicas.

Terceira avaliación

LECTURA: Lectura, comprensión e actividades de expresión relacionadas con textos diversos.

EXPRESIÓN ESCRITA: estrutura argumentativa, expositivo-explicativa e obrigatoria-instrucional.

LÉXICO: neocomposición; siglas, acrónimos e amálgamas; estranxeirismos, cultismos e lantanismos; onomatopeas, palabras tabús e eufemismo.

GRAMÁTICA: sintaxe: cláusulas, funcións sintácticas na cláusula, tipos de cláusula, oración composta e bipolar.

EXPRESIÓN ORAL: actividades de expresión oral relacionadas coa improvisación dun discurso, o resumo, a presentación do currículo e a participación nunha entrevista de traballo.

ORTOGRAFÍA: grupos consonánticos, palabras que comezan por: (ca-, co-, cua-, ante- e anti-, ex- es-, extra-, estra-, intra- e intro-, pos- post, trans- tras-) palabras que terminan por: (-cio, -zo, -ncia, -nza, -zón e -ción; -dade e -tade, -mento e -nte; -aría).

LITERATURA: a literatura desde os anos 50 até a actualidade.

LINGUA E SOCIEDADE: variedades lingüísticas sociais; a historia da lingua desde 1916 até a actualidade.

4.15.- Materiais e recursos didácticos.

Blog de aula: [Verbas no tempo](#)

Aula virtual de Lingua: [Aula virtual](#) de 4º ESO

Rúbricas: [rúbricas de avaliación](#), aloxadas no blog de aula.

Libro de texto: [Lingua e Literatura](#) 4º ESO. Baía Edicións

Wiki co proxecto interdisciplinar sobre alimentación saudable: [Larapetecible](#)

O libro de texto será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas de traballo
- Presentacións dixitais preparadas polo profesorado ou polo propio alumnado.
- Vídeos e outros materiais audiovisuais aloxados na Rede.
- Páxinas Web e blogues sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise.

4.16.- Actividades complementarias e extraescolares.

O departamento de Lingua e literatura galegas organiza distintas actividades complementarias e extraescolares destinadas a facilitar a adquisición das competencias clave e os estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.

A literatura, o Plan lector, a situación sociolingüística de Galicia, o autor homenaxeado nas Letras Galegas...son temas que vertebran actividades complementarias e extraescolares de moito interese e que se van organizando ao longo do curso, nalgunhas ocasións polo propio Departamento de Lingua, noutras polo IES Virxe do Mar e en ocasións por institucións diversas que nos convidan e ofrecen a posibilidade de participar destes itinerarios que a día de hoxe non están deseñados nin son coñecidos, polo que non podemos concretar neste documento.

B. BACHARELATO

Os obxectivos pedagóxicos marcados pola Administración educativa para que todo o alumnado acade ao rematar o ensino secundario obrigatorio son:

- a) Exercer a cidadanía democrática desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da

Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galiza, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma, desenvolver o seu espírito crítico e ser quen de prever e resolver pacífica e dialogadamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina intelectual, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- j) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- k) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galiza e contribuír activamente á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

5. LINGUA GALEGA E LITERATURA DE PRIMEIRO DE BACHARELATO.

5. 1. Obxectivos para primeiro de bacharelato.

1. Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
2. Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rico e rigoroso.
3. Respetar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
4. Ler comprensivamente.
5. Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.
6. Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.
7. Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
8. Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de enriquecemento e satisfacción persoais.
9. Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
10. Comprender e reflexionar sobre os principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.
11. Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións

lingüísticas.

12. Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analizalos en producións alleas.
13. Recoñecer a presentación e a corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias.
14. Repasar casos de ortografía dubidosa.
15. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos.
16. Recoñecer e identificar os trazos característicos de outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores), así como a súa tipoloxía.
17. Recoñecer e identificar as características lingüísticas do verbo e os seus usos (a conxugación verbal regular e irregular, as perífrases verbais, o infinitivo conxugado).
18. Caracterizar (intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas), identificar e producir textos descritivos, narrativos, argumentativos, expositivos e dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.
19. Identificar as características lingüísticas e a tipoloxía dos conectores (preposicións, conxuncións e locucións prepositivas).
20. Empregar adecuadamente conectores para dotar de coherencia as propias producións.
21. Recoñecer e identificar as características lingüísticas dos adverbios e conxuncións adverbiais, a súa tipoloxía e os seus usos.
22. Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
23. Comprender e describir o proceso de formación do idioma galego e das demais linguas romances a partir do latín.

24. Identificar os elementos constitutivos do galego procedentes do substrato e do superestrato, así como do estrato latino.
25. Recoñecer as principais evolucións fonéticas que se producen no proceso de transformación do latín ao galego.
26. Distinguir e empregar adecuadamente os cultismos, semicultismos e as palabras patrimoniais.
27. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX) e ser quen de localizalas e analizalas en textos.
28. Identificar e describir os principais factores relativos ao contexto histórico, social, político, filosófico, relixioso, etc. que condicionan e determinan a evolución social e de usos do idioma galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX).
29. Coñecer e valorar a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.
30. Comprender e empregar adecuadamente nas análises os conceptos básicos da sociolingüística.
31. Definir con rigor os conceptos de “literatura” e “texto literario”.
32. Caracterizar os diferentes xéneros literarios e analizar os seus principais recursos.
33. Describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
34. Contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente textos literarios das diferentes etapas.
35. Recoñecer e analizar textos da literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María) e a prosa medieval.
36. Recoñecer e analizar textos da literatura dos chamados Séculos Escuros e da Ilustración, así como da literatura popular oral.

37. Recoñecer e analizar textos literarios do século XIX, correspondentes ás fases do Pre-Rexurdimento e do Rexurdimento, en particular das principais figuras dese período: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Pondal.

5.2.- Criterios de avaliación e concreción dos estándares de aprendizaxe mínimos esixibles.

No recadro de Mínimos esixidos, están recollidos os mínimos esixidos para cada criterio de avaliación.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
<p>LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaíos).</p>	<p>Caderno de aula. Proba escrita.</p>
<p>LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>LGB2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito académico.</p> <p>LGB2.3.4. Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual.</p> <p>LGB2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.</p> <p>LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p>	<p>Caderno de aula. Proba escrita.</p>
<p>LGB2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.</p> <p>LGB2.4.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e recoñece os elementos de persuasión dos anuncios.</p> <p>LGB2.4.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios.</p>	<p>Caderno de aula. Proba escrita.</p>

LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB2.10.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo. LGB2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais.	Observación e rexistro.
LGB2.10.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.
LGB3.1.1. Emprega os principais coñecementos de Lingüística Xeral para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos e para producir, compor e revisar textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe. LGB3.1.2. Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa. LGB3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas.	Observación e rexistro. Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.4.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.5.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.7.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB3.9.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e	Caderno de aula.

relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	Proba escrita.
LGB3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Observación e rexistro.
LGB3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	Observación e rexistro.
LGB4.1.1. Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB4.2.1. Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. LGB4.2.2. Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia cultural e económica desde a perspectiva galega. LGB4.2.3. Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describe os fundamentos do ecolingüismo.	Observación e rexistro. Caderno de aula. Proba escrita.
LGB4.3.1. Describe a romanización e o nacemento das linguas romances. LGB4.3.2. Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato).	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB4.4.1. Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo. LGB4.4.2. Distingue as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB4.5.1. Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego antigo. LGB4.5.2. Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística. LGB4.5.3. Identifica o galego antigo en documentos non literarios e literarios.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB4.6.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describe o seu contexto e identifícao en textos. LGB4.6.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística. LGB4.6.3. Analiza a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego. LGB4.6.4. Identifica o galego medio en documentos non literarios e literarios.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB4.7.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916). LGB4.7.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística. LGB4.7.3. Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no desenvolvemento posterior da lingua. LGB4.7.4. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos non literarios e literarios. LGB4.7.5. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan textos anteriores a 1916.	Caderno de aula. Proba escrita.

LGB5.1.1. Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega. LGB5.1.2. Compara textos de diferentes xéneros, caracterizándoos a partir dos seus trazos formais e estruturais definitorios. LGB5.1.3. Adscribe á súa época autores/as e textos destacados da historia da literatura galega.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB5.2.1. Define "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, concreta a historia da súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade. LGB5.2.2. Le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura galega de tradición oral e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da literatura do galego medio, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB5.7.1. Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.	Caderno de aula. Proba escrita.
LGB5.8.1. Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Caderno de aula. Proba escrita.

5.5.- Metodoloxía.

As competencias que debe adquirir o alumnado obsérvanse como capacidades de resolución de situacións problema da vida real. Estas situacións problema deben ser o punto de partida das distintas secuencias didácticas, deseñadas cun **enfoque comunicativo** que aproxime os contextos de aprendizaxe do alumnado á vida do seu entorno vital.

Esta aprendizaxe require unha proposta didáctica de **actividades integradas**. Por exemplo, para unha exposición oral planificada en grupo precisan integrar a expresión e comprensión orais, a investigación, as ferramentas TIC, a expresión escrita, a técnica do traballo colaborativo e cooperativo,...

Procurarase abordar de forma integrada as cinco destrezas lingüísticas: falar, escoitar, ler, escribir e interactuar, así como os cinco bloques de contidos que vertebran o currículo desta materia: comunicación oral, comunicación escrita, reflexión sobre a lingua, sociolingüística e educación literaria.

Trátase, pois, dunha metodoloxía inclusiva, participativa e colaborativa, na que o alumnado comparta fortalezas e supla debilidades coa axuda dos máis compañeiros e compañeiras, dirixidos pola profesora.

O tratamento da información, mediante unha correcta **alfabetización informacional** que facilite a busca, selección, análise e interpretación da información, é un dos puntais metodolóxicos nesta materia, pois activa estratexias de comprensión e expresión e facilita a aprendizaxe competencial.

5.6.- Procedementos de avaliación.

Utilizaranse procedementos de avaliación variados e coherentes coas actividades de aprendizaxe, para facilitar a avaliación do alumnado e do proceso integral de ensinanza e aprendizaxe (avaliación formativa). Os principais procedementos de avaliación son:

- Observación e rexistro das intervencións na aula.
- Caderno de aula ou tarefas da aula virtual.
- Rúbricas de avaliación.
- Probas escritas.

O conxunto de procedementos de valoración dos estándares de aprendizaxe permiten a comprobación da adquisición de todas as competencias que se adquiren nesta materia nun marco de avaliación coherente que será continua, formativa e sumativa ao finalizar cada trimestre e o curso.

O alumnado que non supere os estándares mínimos de aprendizaxe recibirá as indicacións e recursos, de ser precisos, por parte da profesora para, deste xeito, acadar a capacitación suficiente para superar o curso.

Ao longo do curso a **avaliación será continua**, o que implica que a recuperación dunha avaliación se fai aprobando a seguinte. O alumnado que non acade 5 puntos na avaliación ordinaria deberá superar a proba extraordinaria de xuño, na que se examinará de toda a materia, incluídos os libros de lectura obrigatoria.

O uso de calquera medio fraudulento na realización das distintas probas e tarefas implicará a cualificación nas mesmas con cero puntos.

5.7.- Criterios de cualificación.

Os 10 puntos da cualificación final de cada avaliación desagreganse da seguinte forma:

- Probas escritas: **7 puntos**

- probas de lectura: **1** punto pola lectura obrigatoria proposta pola profesora e **0.5** puntos a segunda lectura, elixida polo alumnado.
- Expresión oral: **1** punto: intervencións na aula e exposición oral planificada.
- Observación e rexistro do traballo na aula: **0.5** puntos
- O caderno de aula, así como calquera outra tarefa que o profesorado indique, poderanse utilizar para redondear notas á alza, sobre a cualificación obtida na suma dos rexistros anteriores.

Para aprobar cada avaliación é preciso acadar unha cualificación mínima de **5** puntos. Ningunha cualificación por baixo de 3 puntos será reconsiderada, mesmo no caso de que un alumno ou alumna suspenda unicamente esta materia.

A proba extraordinaria de **xuño**, que tamén recolle algunha cuestión sobre as lecturas feitas ao longo do curso, valórase sobre 10 puntos.

5.8.- Directrices e instrumentos para a avaliación inicial.

A comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para comprobar o punto de partida de cada alumno en relación aos estándares de aprendizaxe sobre os que se asenta a aprendizaxe do curso que comeza.

Será unha proba competencial, integrada por compoñentes dos cinco bloques de contidos que vertebran o currículo desta materia: comunicación oral, comunicación escrita, reflexión sobre a lingua, sociolingüística e educación literaria e con enfoque comunicativo.

Esta proba presentarase mediante a petición de resolución de diferentes tarefas, que se afrontarán coa metodoloxía e recursos que o profesorado estime oportunos: soporte dixital ou papel, lectura en voz alta, exposición oral individual ao en grupo...de xeito que o conxunto de exercicios se resolvan en sesións diferentes e con metodoloxías diversas.

Esta avaliación inicial servirá para detectar fortalezas e debilidades do alumnado en relación a cada bloque de contidos e, así mesmo, tomar decisións sobre a pertinencia de aplicar determinados procedementos de reforzo en competencia lingüística ou adaptación curricular, se é o caso.

5.9.- Medidas de atención á diversidade.

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o *Decreto 86/2015* debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.

- Se viran obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Os principios básicos para o tratamento do alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios, as **actividades de aprendizaxe integradas** facilitan a gradación da dificultade, para que cada alumno sexa quen de visualizar o seu nivel de partida e ir aumentando pouco a pouco o grao de dificultade na resolución das tarefas.

O **traballo en grupo** tamén constitúe un importante apoio para a aprendizaxe colaborativa e cooperativa, pois as debilidades e fortalezas modifícanse en base ás aportacións dos restantes compañeiros e compañeiras.

No Plan Xeral de Atención á Diversidade do IES Virxe do Mar aparecen concretadas todas as medidas xerais de atención ao alumnado que presenta algunha carencia neste sentido.

5.10.- Accións para a educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.

A través das lecturas recomendadas e da selección de materiais curriculares para cada unidade didáctica, afróntanse distintos aspectos da educación en valores tales como:

- Convivencia democrática e resolución pacífica de conflitos.
- Respecto pola liberdade de conciencia, intimidade e dignidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Coeducación e rexeitamento de calquera manifestación de discriminación e/ou violencia contra as mulleres.
- Alimentación e hábitos de vida saudables.

5.11.- Accións de contribución ao plan Tic do Centro.

O artigo 39 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece as pautas a seguir no ámbito da Educación dixital:

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.

En virtude do anteriormente disposto, o Departamento de Lingua Galega e Literatura promoverá a aplicación da educación dixital a fin de impulsar novos métodos de ensinanza-aprendizaxe e de construción do coñecemento.

O proxecto dixital do Departamento afondará no traballo iniciado os cursos anteriores:

- Fomentar o uso das TIC como recurso educativo e para a elaboración de materiais de apoio e utilizar portais educativos e foros de debate para a formación permanente e o intercambio de experiencias.
- Cambiar a metodoloxía no proceso de ensino-aprendizaxe que nos distancie dos métodos tradicionais e nos achegue a novos métodos nos que o/a profesor/a sexa un guía para a construción de aprendizaxes estandarizadas, significativas e competencias do propio alumnado.
- Diseñar e empregar os nosos propios recursos educativos dixitais: blog do Departamento: [Verbas no tempo](#), e obxectos dixitais de aprendizaxe de elaboración propia ou con licenza aberta.

5.12.- Accións de contribución ao proxecto Lector do Centro.

A comprensión lectora e expresión creativa son habilidades esenciais a adquirir e fortalecer nas clases de Lingua galega. A lectura comprensiva é a porta ao coñecemento e sen coñecemento non existe a cidadanía crítica.

É por isto polo que establecemos lecturas obrigatorias, comúns para todo o nivel, e valoradas en 1 punto; e lecturas optativas, a seleccionar polo alumnado de entre varias propostas, e valoradas en 0,5 puntos. Estas lecturas, como se indicou nos apartados 5.6 e 5.7 son puntuadas nun apartado específico co 15% do total da cualificación da avaliación.

As seleccionadas como obrigatorias (aparecen en 1º lugar) e optativas recomendadas (aparecen en 2º lugar) para **1º bacharelato** son:

1.- O espello do mundo. Ramón Nicolás. Xerais
A esmorga. Eduardo Blanco Amor Ed. Galaxia

2.- A arte de trovar. Santiago Lopo. Ed. Xerais
O lapis do carpinteiro. Manuel Rivas. Ed. Xerais

3.- Mulleres. M^a Carmen Rey. Ed. Toxosoutos
Vento ferido. Carlos Casares. Ed. Galaxia

Arredor das obras de lectura obrigatoria organizaranse encontros con autores e autoras, visualización de películas baseadas na obra literaria, visitas a lugares relacionados coa trama e debates orais ou virtuais sobre determinados aspectos dos libros.

5.13.- Accións de reforzo/recuperación.

O alumnado que suspenda algunha avaliación recibirá as indicacións oportunas por parte do profesorado para mellorar o seu rendemento e acadar unha cualificación satisfactoria en relación aos estándares mínimos de aprendizaxe.

Como se indicou nos apartados 3.6 e 3.7 a avaliación é continua, polo que o alumnado que aprobe unha avaliación recupera a anterior, e viceversa: se hai retroceso e non progreso no proceso de aprendizaxe, a cualificación responderá á nova capacitación na resolución dos estándares de aprendizaxe.

5.14.- Temporalización.

O libro de texto que imos empregar é o de Lingua e Literatura 1º BACH (Baía Edicións) está secuenciado en 16 unidades didácticas, a distribución das mesmas será inicialmente de cinco unidades nas dúas primeiras avaliacións e seis na terceira.

Unha distribución temporal plausible sería a dun período de dúas semanas ou 6 sesións por unidade didáctica e, a maiores, varias sesións para realizar secuencias de aprendizaxe, revisar e ampliar conceptos e preparar probas de avaliacións.

De todos xeitos, resulta bastante difícil ser precisos na temporalización, pois cada aula pode presentar ritmos e dinámicas diferentes, por iso o tempo de traballo con cada unidade didáctica poderá flexibilizarse en función da rápida ou lenta asimilación, da implicación e capacidade do alumnado, etc.

A temporalización inicial será a seguinte:

Primeira avaliación

1. BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS

Análise e comentario de textos. Elaboración de textos argumentativos e artigos.

Actitude sociolingüística.

Desenvolvemento das Competencias Básicas.

2. BLOQUE 2: LINGUA E TEXTO

O signo lingüístico. A lingua. As disciplinas lingüísticas.

Unidade e Variedade das linguas. Os rexistros. Os desvíos normativos.

Tipos de textos. Textos expositivos e argumentativos. Textos xornalísticos.

3. BLOQUE 3: A SOCIOLINGÜÍSTICA e A HISTORIA da LINGUA

Un mundo de linguas. O Plurilingüismo.

As orixes do galego.

4. BLOQUE 4: LITERATURA

Introdución á Literatura Galega.

Cronoloxía da Literatura Galega. A Literatura Medieval

Segunda avaliación

1. BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS

Análise e comentario de textos. Elaboración de textos argumentativos e comentarios críticos.

Actitude sociolingüística.

Desenvolvemento das Competencias Básicas.

2. BLOQUE 2: LINGUA E TEXTO

O signo lingüístico. A lingua. As disciplinas lingüísticas. A Morfoloxía.

Unidade e Variedade das linguas. Os rexistros. Os desvíos normativos.

Tipos de textos. Textos dramáticos. Textos poéticos.

3. BLOQUE 3: A SOCIOLINGÜÍSTICA e A HISTORIA da LINGUA

Un mundo de linguas. O Plurilingüismo.

A situación da Lingua na Idade Media.

Os Séculos Escuros.

Dúas linguas nunha sociedade.

4. BLOQUE 4: LITERATURA

Cronoloxía da Literatura Galega. A Literatura Medieval

A Literatura dos Séculos Escuros e a Ilustración.

Terceira avaliación

1. BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS

Análise e comentario de textos. Elaboración de textos argumentativos e comentarios críticos.

Actitude sociolingüística.

Desenvolvemento das Competencias Básicas.

2. BLOQUE 2: LINGUA E TEXTO

A Morfoloxía. Tipos de palabras.

Os rexistros. Os desvíos normativos.

Tipos de textos. Textos dramáticos. Textos narrativos.

3. BLOQUE 3: A SOCIOLINGÜÍSTICA e A HISTORIA da LINGUA

A situación da Lingua no Séc. XIX. O nacemento do Galeguismo.

A diglosia.

4. BLOQUE 4: LITERATURA

A Literatura do séc. XIX. Precusores e Rexurdimento. Rosalía, Curros e Pondal.

5.15.- Materiais e recursos didácticos.

Blog de aula: [Verbas no tempo](#)

Rúbricas: [rúbricas de avaliación](#), aloxadas no blog de aula.

Libro de texto: [Lingua e Literatura 1 Bacharelato](#). Baía Edicións

O libro de texto será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas de traballo
- Presentacións dixitais preparadas polo profesorado ou polo propio alumnado.
- Vídeos e outros materiais audiovisuais aloxados na Rede.
- Páxinas Web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise.

6. LINGUA GALEGA E LITERATURA DE SEGUNDO DE BACHARELATO.

6. 1. Obxectivos para segundo de bacharelato.

Os principais obxectivos deste curso son os seguintes:

1. Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica, que facilitan a comunicación lingüística.
2. Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rico e rigoroso.
3. Respetar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
4. Ler comprensivamente.
5. Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.
6. Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes

bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.

7. Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
8. Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de enriquecemento e satisfacción persoais.
9. Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
10. Comprender e reflexionar sobre os principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.
11. Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións lingüísticas.
12. Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analizalos en producións alleas.
13. Recoñecer a presentación e a corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias.
14. Repasar casos de ortografía dubidosa.
15. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos.
16. Recoñecer e identificar os trazos característicos de outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores), así como a súa tipoloxía.
17. Recoñecer e identificar as características lingüísticas do verbo e os seus usos (a conxugación verbal regular e irregular, as perífrases verbais, o infinitivo conxugado).
18. Caracterizar (intención comunicativa, estrutura formal e de contido e

características lingüísticas), identificar e producir textos descritivos, narrativos, argumentativos, expositivos e dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.

19. Identificar as características lingüísticas e a tipoloxía dos conectores (preposicións, conxuncións e locucións prepositivas).
20. Empregar adecuadamente conectores para dotar de coherencia as propias producións.
21. Recoñecer e identificar as características lingüísticas dos adverbios e conxuncións adverbiais, a súa tipoloxía e os seus usos.
22. Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
23. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego no S.XX e XXI e ser quen de localizalas e analizalas en textos.
24. Identificar e describir os principais factores relativos ao contexto histórico, social, político, filosófico, relixioso, etc. que condicionan e determinan a evolución social e de usos do idioma galego no S.XX e XXI
25. Comprender e empregar adecuadamente nas análises os conceptos básicos da sociolingüística.
26. Definir con rigor os conceptos de “literatura” e “texto literario”.
27. Caracterizar os diferentes xéneros literarios e analizar os seus principais recursos.
28. Contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente textos literarios das diferentes etapas.
29. Recoñecer e analizar textos literarios do século XIX, correspondentes ás fases do Pre-Rexurdimento e do Rexurdimento, en particular das principais figuras dese período: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Pondal.

6.2.- Criterios de avaliación e concreción dos estándares de aprendizaxe mínimos esixibles.

No recadro de Mínimos esixidos, están recollidos os mínimos esixidos para cada criterio de avaliación.

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixidos
B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.	LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	CLL, CAA	Identificar a intención de diferentes textos orais, a idea principal e as secundarias. Recoller as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. Interpretar e emitir xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.
B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia).	LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo). LGB1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. LGB1.2.3. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.	CCL,CAA	Identificar as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia. Escoitar de maneira activa, tomar notas e formular preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.
B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios	LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais. LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias. LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios.	CCL,CSC, CAA	Interpretar e identificar a intención comunicativa, o tema e a estrutura en textos publicitarios. Identificar as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. Analizar os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer aos destinatarios ou destinatarias. Analizar de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evitar usos lingüísticos discriminatorios.
B1.4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a	LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao	CSC,CCL, CAA, CSIEE	Aplicar as normas de cortesía nas intervencións orais. Manexar a prosodia e a linguaxe

<p>cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas</p>	<p>discurso. LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p>		<p>corporal nas exposicións da aula.</p>
<p>B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público</p>	<p>LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas. LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga. LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. LGB1.5.5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa. LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. LGB1.5.7. Tenta buscar a complicidade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio. LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p>	<p>CAA,CCL,CDC SIEE,CSC</p>	<p>Planificar textos orais e producir discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. Consultar fontes de información diversas e revisar os borradores e esquemas. Presentar os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, e cinguíndose ao tema. Empregar axeitadamente os elementos prosódicos, a linguaxe corporal adecuada, así como o autocontrol das emocións ao falar en público. Expresarse con facilidade e recorrer a paráfrases ou circunloquios cando non se encontra a expresión precisa. Utilizar o rexistro adecuado á situación comunicativa. Empregar as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada.</p>
<p>B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á</p>	<p>LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia,</p>	<p>CCL</p>	<p>Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia,</p>

situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	cohesión e corrección. LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.		cohesión e corrección. Participar con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas e fonéticas da lingua galega. Empregar nas intervencións orais espontáneas un léxico variado.
B1.7. Expor oralmente, con rigor e claridade, un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética. LGB1.7.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	CCL	Desenvolver un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética. Empregar léxico preciso e especializado e evitar o uso de coloquialismos e palabras comodín.
B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade	LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	CCL,CAA, CSC	Desenvolver argumentos de forma comprensible e convincente. Aplicar as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respectar as quendas e as opinións alleas e empregar unha linguaxe non discriminatoria.
B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.	LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	CSC,CCL, CSIEE	Desenvolverse con eficacia en situacións que xorden na vida diaria, tanto formais coma informais.
B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.	LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	CCL,CAA	Recoñecer en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas e identificar interferencias lingüísticas e desviacións da norma.

<p>B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p>	<p>LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>	<p>CCL,CAA,CSC</p>	<p>Recoñecer a emisión dunha pronuncia galega correcta, identificar os erros na produción oral allea e producir discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. Recoñecer e rexeitar argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.</p>
<p>B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.</p>	<p>LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións.</p>	<p>CCL,CAA, CD</p>	<p>Sintetizar as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. Interpretar o sentido global e identificar a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. Diferenciar as ideas principais e as secundarias e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. Utilizar recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións.</p>
<p>B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.</p>	<p>LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.</p>	<p>CCL,CSC</p>	<p>Planificar os traballos seguindo unha orde predefinida e revisar o proceso de escritura para mellorar a produción final. Producir textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.</p>
<p>B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.</p>	<p>LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do</p>	<p>CCL,CSC</p>	<p>Desenvolver un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. Adecurar a expresión ás condicións da situación comunicativa e empregar os recursos expresivos propios do rexistro formal. Empregar léxico preciso e evitar</p>

	<p>registro formal.</p> <p>LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín.</p> <p>LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos</p>		<p>o uso de coloquialismos ou palabras comodín.</p> <p>Organizar os contidos dos traballos en función duns obxectivos fixados previamente e defender a súa opinión con argumentos.</p>
<p>B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.</p>	<p>LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.</p> <p>LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta</p>	CCL	
<p>B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final.</p>	<p>LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo.</p> <p>LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.</p> <p>LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos.</p>	CCL, CAA, CD	<p>Consultar información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo.</p> <p>Respectar as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita e bibliografía.</p> <p>Utilizar procesadores de texto e correctores ortográficos</p>
<p>B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.</p>	<p>LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos.</p> <p>LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.</p>	CCL, CAA	<p>Recoñecer, describir e utilizar recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos.</p>
<p>B3.1. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz</p>	<p>LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega.</p> <p>LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.</p>	CCL, CAA, CCEC	<p>Pronunciar correctamente, definir e identificar os fonemas e grupos consonánticos da lingua galega.</p>
<p>B3.2. Coñecer as</p>	<p>LGB3.2.1. Explica as principais</p>	CCL, CCEC	<p>Explicar as principais variedades</p>

variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.	variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural.		dialectais e valorar a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural.
B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.	LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica	CCL, CAA	Explicar os procedementos de formación das palabras. Recoñecer e explicar os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.
B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.	LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.	CAA	Recoñecer as diferentes estruturas sintácticas, explicar as relacións que se establecen e empregar a terminoloxía axeitada
B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas	LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas.	CCL, CAA	Identificar e explicar as relacións e unidades semánticas.
B3.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL, CAA, CD	
B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas,	LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra,	CCL, CAA	

mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.		
B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas	LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas.	CCL,CSC	Coñecer o que é un prexuízo. Detectar e analizar a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. Elaborar traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas.
B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.	LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.	CCL,CCEC	Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. Recoñecer as interferencias lingüísticas no galego, sobre todo castelanismos, e tratar de evitalos no discurso oral e escrito.
B4.3. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificarlo en textos.	LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978). LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios.	CCL,CSC	Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego e o seu contexto histórico, así como as súas etapas.

<p>B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.</p>	<p>LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego. LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade</p>	<p>CCL, CSC</p>	<p>Recoñecer os principais elementos da evolución da lingua galega e da súa historia desde 1978 ata a actualidade, identificando os seus feitos máis relevantes.</p>
<p>B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.</p>	<p>LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.</p>	<p>CSC</p>	<p>Identificar as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.</p>
<p>B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.</p>	<p>LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.</p>	<p>CCL,CSC</p>	
<p>B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936: – Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. – Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. – Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.</p>	<p>LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.</p>	<p>CCL</p>	<p>Ler autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega, sabendo relacionalos co seu contexto histórico. Comparar textos literarios, distinguindo os trazos característicos.</p>
<p>B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936,</p>	<p>LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural</p>	<p>CCL</p>	<p>Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática</p>

<p>identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p>	<p>e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p>		<p>ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos</p>
<p>B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975: – Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. – Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70. – Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p>	<p>LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p>	<p>CCL</p>	<p>Ler autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega, sabendo relacionalos co seu contexto histórico. Comparar textos literarios, distinguindo os trazos característicos.</p>
<p>B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p>	<p>LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.4.3. Le e comenta textos</p>	<p>CCL</p>	<p>Ler e comentar textos representativos da literatura, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p>

	representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.		
B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade: – Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. – Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. – Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	CCL	Identificar obras ou textos representativos da literatura galega, sabendo relacionalos co seu contexto histórico.
B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen	LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Ler e comentar obras ou textos representativos da literatura galega, sabendo relacionalos co seu contexto sociohistórico e sociolingüístico
B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra	LGB5.7.1. Le, analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios	CCL	Ler, analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

completa de cada un dos períodos literarios referidos.	referidos		
--	-----------	--	--

6.3.- Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contidos.

Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	d,e,g , h	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.	Escoita e visualización de documentos audiovisuais de natureza diversa.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	d,e,h , i	B1.2. Comprensión interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.	Escoita de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	d,e,g , h	B1.3. Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).	Escoita de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (entrevistas, documentais, series e películas).
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a,b,e	B1.4. Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	Escoita de audicións diversas.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	d,e,g ,h,i, m	B1.5. Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público	Exposición oral planificada.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	e	B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	Intervención oral espontánea
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	e,g,h , i	B1.7. Exposición oral de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural.	Exposición oral planificada.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a,b,e	B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	Intervención oral en debates.

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	a,b,c ,e,m	B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.	Intervención oral en interaccións con diferentes rexistros.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	b,d,e	B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	Intervención oral e crítica construtiva doutras intervencións.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar	e	B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	Intervención oral en debate ou discusión planificada.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,d,f, h,	B2.1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos.	Análise e comentario de textos escritos.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,f,h	B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados.	Redacción de textos planificados.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,d,f, h	B2.3. Produción de traballos educativos individuais e en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural.	Análise e produción dun texto planificado.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	d,f,h	B2.4. Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	Análise de textos e resposta a cuestionarios e preguntas abertas sobre os mesmos.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	b,e,f, h	B2.5. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas e dixitais e posterior organización e revisión das producións cos recursos que ofrecen as TIC.	Elaboración de traballos escritos sobre temas curriculares.
Bloque 2.	b,f,h	B2.6. Descrición das	Análise de textos escritos.

Comunicación escrita. Ler e escribir		propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión.	
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e	B3.1. Pronuncia correcta dos fonemas propios do galego e das transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada.	Intervencións orais espontáneas ou planificadas.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	d,e	B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia	Análise de textos dialectais e resposta a cuestións formuladas sobre o tema.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e	B3.3. Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación	Segmentación, análise e xustificación dos compoñentes de distintos elementos léxicos.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e	B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas	Análise xustificativa de distintas estruturas sintácticas.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	e	B3.5. Reflexión e explicación das relacións e unidades semánticas.	Análise de distintas unidades semánticas.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e,h	B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	Elaboración de presentacións ou vídeos, consultando distintas fontes en linguas diversas.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	b,e	B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	Reflexión e análise sobre aspectos gramaticais utilizando terminoloxía común a outras linguas do currículo.
Bloque 4. Lingua e sociedade	p	B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos. B4.2. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.	Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.
Bloque 4. Lingua e sociedade	h,p	B4.3. Construción da variante estándar da lingua galega. B4.4. Interferencias lingüísticas: castelanismos.	Actividades de análise e caracterización da variedade estándar e identificación de desviacións do estándar e castelanismos.
Bloque 4. Lingua e sociedade	p	B4.5. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978);	Lectura e análise de textos sobre o contexto histórico e a situación da

		contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas	lingua desde 1916 ata 1978.
Bloque 4. Lingua e sociedade	p	B4.6. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas.	Lectura e análise de textos sobre o contexto histórico e a situación da lingua desde 1978 ata a actualidade.
Bloque 4. Lingua e sociedade	p	B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	Análise e reflexión sobre un esquema ou mapa conceptual coas etapas e trazos máis destacados da historia da lingua galega.
Bloque 4. Lingua e sociedade	p	B4.8. A evolución da conciencia lingüística.	Análise e reflexión de textos sociolingüísticos e xurídicos sobre dereitos e obrigas no plano lingüístico.
Bloque 5. A literatura.	e,n	B5.1. Literatura galega de 1916 a 1936: – Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. – Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. – Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	Lectura e procesamento de información (libro de texto, explicación da profesora, presentacións multimedia...) sobre características, autores, obras e contexto histórico da produción literaria (poesía, narrativa e teatro) entre 1916 e 1936.
Bloque 5. A literatura.	e,d,n	B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	Análise de textos literarios (poesía, narrativa e teatro) e localización de trazos distintivos da literatura galega producida entre 1916 e 1936.
Bloque 5. A literatura.	e,n	B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975: – Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. – Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70. – Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	Lectura e procesamento de información (libro de texto, explicación da profesora, presentacións multimedia...) sobre características, autores, obras e contexto histórico da produción literaria (poesía, narrativa e teatro) entre 1936 e 1975.
Bloque 5. A	e,d,n	B5.4. Lectura e comentario de	Análise de textos literarios (poesía,

literatura.		textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. Análise de textos literarios (poesía, narrativa e teatro) e localización de trazos distintivos da literatura galega producida entre 1936 e 1975.	narrativa e teatro) e localización de trazos distintivos da literatura galega producida entre 1936 e 1975.
Bloque 5. A literatura.	e,n	B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade: – Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. – Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. – Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	Lectura e procesamento de información (libro de texto, explicación da profesora, presentacións multimedia...) sobre características, autores, obras e contexto histórico da produción literaria (poesía, narrativa e teatro) entre 1975 e a actualidade.
Bloque 5. A literatura.	e,d,n	B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertence	Análise de textos literarios (poesía, narrativa e teatro) e localización de trazos distintivos da literatura galega producida entre 1975 e a actualidade..
Bloque 5. A literatura.	e,n	B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	Lectura dunha obra de cada un dos tres períodos literarios estudados e exposición oral planificada sobre a época, contexto histórico, autor e obra.

6.4.- Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	Observación e rexistro. Caderno de aula.
LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo).	Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.

<p>LGB1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>LGB1.2.3. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.</p>	
<p>LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais.</p> <p>LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social.</p> <p>LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias.</p> <p>LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios</p>	<p>Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.</p>
<p>LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.</p> <p>LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.</p> <p>LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p>	<p>Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.</p>
<p>LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.</p> <p>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínquese ao tema e non divaga.</p> <p>LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.5.5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa.</p> <p>LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p> <p>LGB1.5.7. Tenta buscar a complicitade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio.</p> <p>LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p>	<p>Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.</p>
<p>LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.</p> <p>LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p>	<p>Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.</p>
<p>LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética.</p> <p>LGB1.7.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p>	<p>Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.</p>
<p>LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e</p>	<p>Observación e rexistro.</p>

convicente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	
LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	Observación e rexistro.
LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	Rúbrica de avaliación. Observación e rexistro.
LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	Observación e rexistro. Caderno de aula.
LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.
LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.	Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.
LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical). LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal. LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín. LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos.	Observación e rexistro. Rúbrica de avaliación.
LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos. LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta	Observación e rexistro Caderno de aula ou tarefas da aula virtual. Proba escrita.
LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo. LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Rúbrica de avaliación

LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais léxico-semánticos. LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.
LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega. LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.
LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.
LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica	Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.
LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e empregaa terminoloxía axeitada.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.
LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.
LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Observación e rexistro. Rúbrica de avaliación.
LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras	Observación e rexistro.
LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.
LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.
LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978). LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.
LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual

<p>desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística.</p> <p>LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego.</p> <p>LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades.</p> <p>LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade.</p>	<p>Proba escrita.</p>
<p>LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.</p>	<p>Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.</p>
<p>LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.</p>	<p>Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita.</p>
<p>LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.</p> <p>LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.</p> <p>LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.</p>	<p>Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita. Rúbrica de avaliación</p>
<p>LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p> <p>LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p> <p>LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p>	<p>Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita. Rúbrica de avaliación.</p>
<p>LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.</p> <p>LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70.</p> <p>LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p>	<p>Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita. Rúbrica de avaliación</p>
<p>LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p> <p>LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p> <p>LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p>	<p>Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita. Rúbrica de avaliación</p>
<p>LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p> <p>LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p>	<p>Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita. Rúbrica de avaliación</p>

LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século	
LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Observación e rexistro. Caderno de aula ou tarefas da aula virtual Proba escrita. Rúbrica de avaliación
LGB5.7.1. Le, analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos	Observación e rexistro. Rúbrica de avaliación Proba escrita.

6.5. Metodoloxía.-

As competencias que debe adquirir o alumnado obsérvanse como capacidades de resolución de situacións problema da vida real. Estas situacións problema deben ser o punto de partida das distintas secuencias didácticas, deseñadas cun **enfoque comunicativo** que aproxime os contextos de aprendizaxe do alumnado á vida do seu entorno vital.

Esta aprendizaxe require unha proposta didáctica de **actividades integradas**. Por exemplo, para unha exposición oral planificada en grupo precisan integrar a expresión e comprensión orais, a investigación, as ferramentas TIC, a expresión escrita, a técnica do traballo colaborativo e cooperativo,...

Procurarase abordar de forma integrada as cinco destrezas lingüísticas: falar, escoitar, ler, escribir e interactuar, así como os cinco bloques de contidos que vertebran o currículo desta materia: comunicación oral, comunicación escrita, reflexión sobre a lingua, sociolingüística e educación literaria.

Trátase, pois, dunha metodoloxía inclusiva, participativa e colaborativa, na que o alumnado compartira fortalezas e supla debilidades coa axuda dos máis compañeiros e compañeiras, dirixidos pola profesora.

O tratamento da información, mediante unha correcta **alfabetización informacional** que facilite a busca, selección, análise e interpretación da información, é un dos puntais metodolóxicos nesta materia, pois activa estratexias de comprensión e expresión e facilita a aprendizaxe competencial.

O sistema de ensino-aprendizaxe é **híbrido** desde o comezo de curso: combínase presencialidade en aula convencional con traballo na **aula virtual**, accedendo desde unha aula de informática cun ordenador para cada persoa. Polo menos unha sesión semanal será na aula de informática para que todo o alumnado teña ocasión de realizar as tarefas dirixidas desde a aula virtual.

6.6.- Procedementos de avaliación.

Utilizaranse procedementos de avaliación variados e coherentes coas actividades de aprendizaxe, para facilitar a avaliación do alumnado e do proceso integral de ensinanza e aprendizaxe (avaliación formativa). Os principais procedementos de avaliación son:

- Observación e rexistro das intervencións na aula.
Tarefas da aula virtual.
- Rúbricas de avaliación.
- Probas escritas.
- Probas orais de lectura.
- Exposicións orais planificadas.

O conxunto de procedementos de valoración dos estándares de aprendizaxe permiten a comprobación da adquisición de todas as competencias que se adquiren nesta materia nun marco de avaliación coherente que será continua, formativa e sumativa ao finalizar cada trimestre e o curso.

O alumnado que non supere os estándares mínimos de aprendizaxe recibirá as indicacións e recursos, de ser precisos, por parte da profesora para, deste xeito, acadar a capacitación suficiente para superar o curso.

Ao longo do curso a **avaliación será continua**, o que implica que a recuperación dunha avaliación se fai aprobando a seguinte. O alumnado que non acade 5 puntos na avaliación ordinaria deberá superar a proba extraordinaria de xuño, na que se examinará de toda a materia, incluídos os libros de lectura obrigatoria.

O uso de calquera medio fraudulento na realización das distintas probas e tarefas implicará a cualificación nas mesmas con cero puntos.

6.7.- Criterios de cualificación.

Os 10 puntos da cualificación final de cada avaliación desagreganse da seguinte forma:

- Probas escritas: **7** puntos
- probas de lectura: **1** punto pola lectura obrigatoria proposta pola profesora e **0.5** puntos a segunda lectura, elixida polo alumnado co plácet da profesora.
- Expresión oral: **1** punto: exposición oral planificada sobre un tema de literatura ou sociolingüística entre os estudados no trimestre, e intervencións orais espontáneas na aula.
- Observación, rexistro e cualificación do traballo nas aulas física e virtual **0.5** puntos
- O traballo na aula, así como as tarefas que a profesora indique, poderanse utilizar para redondear notas á alza, sobre a cualificación obtida na suma dos rexistros anteriores.

Para aprobar cada avaliación é preciso acadar unha cualificación mínima de **5** puntos. Ningunha cualificación por baixo de 3 puntos será reconsiderada, mesmo no caso de que un alumno ou alumna suspenda unicamente esta materia.

A proba extraordinaria de xuño, que tamén recolle algunha cuestión sobre as lecturas feitas ao longo do curso, valórase sobre 10 puntos.

Por **faltas de ortografía e outros erros de expresión escrita**, poderanse restar ata 2 puntos no conxunto do exame de cada avaliación, excluindo a pregunta de expresión escrita, cuxa puntuación xa leva incorporada a correspondente penalización por este concepto.

6.8.- Directrices e instrumentos para a avaliación inicial.

A comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para comprobar o punto de partida de cada alumno en relación aos estándares de aprendizaxe sobre os que se asenta a aprendizaxe do curso que comeza.

Será unha proba competencial, integrada por compoñentes dos cinco bloques de contidos que vertebran o currículo desta materia: comunicación oral, comunicación escrita, reflexión sobre a lingua, sociolingüística e educación literaria e con enfoque comunicativo.

Esta proba presentárase mediante a petición de resolución de diferentes tarefas, que se afrontarán coa metodoloxía e recursos que a profesora estime oportunos: soporte dixital ou papel, lectura en voz alta, exposición oral individual ou en grupo...de xeito que o conxunto de exercicios se resolvan en sesións diferentes e con metodoloxías diversas.

Esta avaliación inicial servirá para detectar fortalezas e debilidades do alumnado en relación a cada bloque de contidos e, así mesmo, tomar decisións sobre a pertinencia de aplicar determinados procedementos de reforzo en competencia lingüística ou adaptación curricular, se é o caso.

6.9.- Medidas de atención á diversidade.

Con frecuencia contamos nas nosas aulas con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o *Decreto 86/2015* debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viran obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Os principios básicos para o tratamento do alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer

o cumprimento destes principios, as **actividades de aprendizaxe integradas** facilitan a gradación da dificultade, para que cada alumno sexa quen de visualizar o seu nivel de partida e ir aumentando pouco a pouco o grao de dificultade na resolución das tarefas.

O **traballo en grupo** tamén constitúe un importante apoio para a aprendizaxe colaborativa e cooperativa, pois as debilidades e fortalezas modifícanse en base ás aportacións dos restantes compañeiros e compañeiras.

No Plan Xeral de Atención á Diversidade do IES Virxe do Mar aparecen concretadas todas as medidas xerais de atención ao alumnado que presenta algunha carencia neste sentido.

6.10.- Accións para a educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.

A través das lecturas recomendadas e da selección de materiais curriculares para cada unidade didáctica, afróntanse distintos aspectos da educación en valores tales como:

- Convivencia democrática e resolución pacífica de conflitos.
- Respecto pola liberdade de conciencia, intimidade e dignidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Coeducación e rexeitamento de calquera manifestación de discriminación e/ou violencia contra as mulleres.
- Alimentación e hábitos de vida saudables.

6.11.- Accións de contribución ao plan Tic do Centro.

O artigo 39 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece as pautas a seguir no ámbito da Educación dixital:

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto

educativo e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.

En virtude do anteriormente disposto, o Departamento de Lingua Galega e Literatura promoverá a aplicación da educación dixital a fin de impulsar novos métodos de ensinanza-aprendizaxe e de construción do coñecemento.

O proxecto dixital do Departamento afondará no traballo iniciado os cursos anteriores:

- Fomentar o uso das TIC como recurso educativo e para a elaboración de materiais de apoio e utilizar portais educativos e foros de debate para a formación permanente e o intercambio de experiencias.
- Cambiar a metodoloxía no proceso de ensino-aprendizaxe que nos distancie dos métodos tradicionais e nos achegue a novos métodos nos que o/a profesor/a sexa un guía para a construción de aprendizaxes estandarizadas, significativas e competencias do propio alumnado.
- Deseñar e empregar os nosos propios recursos educativos dixitais: blog do Departamento: [Verbas no tempo](#), aulas virtuais e obxectos dixitais de aprendizaxe de elaboración propia.

6.12.- Accións de contribución ao proxecto Lector do Centro.

A comprensión lectora e expresión creativa son habilidades esenciais a adquirir e fortalecer nas clases de Lingua galega. A lectura comprensiva é a porta ao coñecemento e sen coñecemento non existe a cidadanía crítica. É por isto polo que establecemos lecturas obrigatorias, comúns para todo o nivel, e valoradas en 1 punto; e lecturas optativas, a seleccionar polo alumnado de entre varias propostas, e valoradas en 0,5 puntos. Estas lecturas, como se indicou nos apartados 6.6 e 6.7 son puntuadas nun apartado específico co 15% do total da cualificación da avaliación.

As seleccionadas para **2º bacharelato** son:

1.- <u>Tantos anos de silencio</u> . Francisco Castro. Ed. Galaxia
2.- <u>A vida secreta de Úrsula Bas</u> . Arantza Portabales. Galaxia.
3.- <u>Senlleiras</u> . Antía Yáñez. Ed. Galaxia

No curso de 2º bacharelato da Aula Virtual hai no apartado “Información básica” unha relación das lecturas obrigatorias e optativas recomendadas pola profesora, entre as que deberá elixir o alumnado.

Arredor das obras de lectura obrigatoria organizaranse encontros con autores e autoras, visualización de películas baseadas na obra literaria, visitas a lugares relacionados coa trama e debates orais ou virtuais sobre determinados aspectos do libro.

6.13.- Accións de reforzo/recuperación.

O alumnado que suspenda algunha avaliación recibirá as indicacións oportunas por parte da profesora para mellorar o seu rendemento e acadar unha cualificación satisfactoria en relación aos estándares mínimos de aprendizaxe.

Como se indicou nos apartados 6.6 e 6.7 a avaliación é continua, polo que o alumnado que aprrobe unha avaliación recupera a anterior, e viceversa: se hai retroceso e non progreso no proceso de aprendizaxe, a cualificación responderá á nova capacitación na resolución dos estándares de aprendizaxe.

6.14.- Temporalización.

O libro de texto que imos empregar é o de Lingua e Literatura 2º BACH (Bahía Edicións). Está secuenciado en 16 unidades didácticas cuxa distribución será inicialmente de cinco unidades nas dúas primeiras avaliacións e seis na terceira.

Unha distribución temporal plausible sería a dun período de dúas semanas ou 6 sesións por unidade didáctica e, a maiores, varias sesións para realizar secuencias de aprendizaxe, revisar e ampliar conceptos e preparar probas de avaliacións.

De todos xeitos, resulta bastante difícil ser precisos na temporalización, pois cada aula pode presentar ritmos e dinámicas diferentes, por iso o tempo de traballo con cada unidade didáctica poderá flexibilizarse en función da rápida ou lenta asimilación, da implicación e capacidade do alumnado, etc.

A temporalización inicial será a seguinte:

Primeira avaliación

1. BLOQUE 2: FUNCIONAMENTO DA LINGUA

A gramática do texto: propiedades textuais.

Fonética e fonoloxía: trazos distintivos dos fonemas.

O sistema vocálico e consonántico

O substantivo e o adxectivo: formación de xénero, formación do plural e acentuación.

2. BLOQUE 3: A SOCIOLINGÜÍSTICA e A HISTORIA da LINGUA

Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

Unidade e diversidade das linguas: variedades diatópicas, diafásicas e diastráticas.

3. BLOQUE 4: LITERATURA

A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.

A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).

O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.

Segunda avaliación

1. BLOQUE 2: FUNCIONAMENTO DA LINGUA

O pronome persoal: posición e reflexividade.

O verbo: vogais semiabertas e semipechadas. O futuro de subxuntivo e o infinitivo persoal.

2. BLOQUE 3: A SOCIOLINGÜÍSTICA e A HISTORIA da LINGUA

O galego, lingua en vías de normalización.

O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais.

Contexto histórico e situación sociolingüística.

3. BLOQUE 4: LITERATURA

A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.

A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).

A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

O teatro galego entre 1936 e 1975: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

Terceira avaliación

1. BLOQUE 2: FUNCIONAMENTO DA LINGUA

Semántica: o lexema, o campo semántico e as relacións entre significante e significado.

As conxuncións comparativas, a palabra “se” e a palabra “que”.

2. BLOQUE 3: A SOCIOLINGÜÍSTICA e A HISTORIA da LINGUA

O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais.

Contexto histórico e situación sociolingüística.

O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas

fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística

3. BLOQUE 4: LITERATURA

A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro.

A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

6.15.- Materiais e recursos didácticos.

Blog de aula: [Verbas no tempo](#)

Aula virtual de Lingua: [Aula virtual](#) de 2º bacharelato

Rúbricas: [rúbricas de avaliación](#), aloxadas no blog de aula.

Libro de texto: [Lingua e Literatura 2 Bacharelato](#). Baía Edicións

O libro de texto será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas de traballo
- Presentacións dixitais preparadas polo profesorado ou polo propio alumnado.
- Vídeos e outros materiais audiovisuais aloxados na Rede.
- Páxinas Web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise.

6.16.- Actividades complementarias e extraescolares.

O departamento de Lingua e literatura galegas organiza distintas actividades complementarias e extraescolares destinadas a facilitar a adquisición das competencias clave e os estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.

A literatura, o Plan lector, a situación sociolingüística de Galicia, o autor homenaxeado nas Letras Galegas...son temas que vertebran actividades complementarias e extraescolares de moito interese e que se van organizando ao longo do curso, nalgunhas ocasións polo propio Departamento de Lingua, noutras polo IES Virxe do Mar e en ocasións por institucións diversas que nos convidan e ofrecen a posibilidade de participar destes itinerarios que a día de hoxe non están deseñados nin son coñecidos, polo que non podemos concretar neste documento.

7. LITERATURA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE DE SEGUNDO DE BACHARELATO.

7.1.- Introducción.

A literatura constitúe un feito cultural e social que debe impregnar todos os ámbitos da vida dos alumnos e das alumnas, que, entre outras virtualidades,

facilita a súa inserción na tradición cultural.

Como complemento á de Lingua galega e literatura, esta materia pretende que o alumnado galego poida ampliar o seu coñecemento da cultura da comunidade da que forman parte, aumentar o seu coñecemento do mundo, analizar de forma crítica a realidade e, así, mellorar as súas posibilidades comunicativas e estéticas. Nesta materia de literatura galega preséntanse contidos referentes á literatura do século XX e da actualidade por estaren próximos á sensibilidade da xuventude, proximidade que facilitará a relación coa obra literaria a **nivel contextual, textual e estético**.

Todo o alumnado cursa Lingua galega e literatura, co cal adquire unha visión xeral da creación literaria. Por tanto, para o desenvolvemento desta materia débese partir da materia común, de forma que non se produza unha redundancia de contidos e se favoreza o afondamento na formación literaria do alumnado.

Esta materia permitiralle ao alumnado, ademais da ampliación de coñecementos literarios, a mellora na utilización de procedementos, técnicas, habilidades e estratexias que axudarán na **análise, na investigación, no desenvolvemento do xuízo crítico e na reutilización da información**, aplicables non só no campo literario senón tamén noutros campos do saber e en situacións da súa vida cotiá.

A **lectura** será actividade fundamental nesta materia, entendida como acción complexa que **implica comprender, explicar, analizar, interpretar e valorar a obra literaria**, de forma que se perciba como algo vivo, creativo e lúdico, que conforme lectores/as sensibles, curiosos/as, reflexivos/as e respectuosos/as cara a todas as manifestacións literarias, artísticas e de pensamento ou opinión.

É fundamental propiciar o traballo da aula que estimule as inquedanzas literarias do alumnado e no que se fomente o espírito crítico, a escoita e o respecto polas distintas ideas e opinións sobre unha obra, a autoría ou un tema. O desenvolvemento destas actitudes conseguirá non só que os alumnos e as alumnas afonden nos seus coñecementos literarios, senón tamén que completen a súa personalidade como persoas responsables, críticas e tolerantes, que sexan quen de **expor as súas opinións de xeito argumentado** e de captar e aceptar as opinións das outras persoas.

Os contidos desta materia preséntanse agrupados en seis bloques: o primeiro "Aspectos comúns", que estarán presentes no tratamento dos contidos dos restantes bloques; o segundo "Narrativa"; o terceiro "Poesía"; o cuarto "Teatro"; o quinto "Ensaio", e o sexto "A literatura e outras artes".

Mais tendo en conta que a carga horaria desta materia, agora materia de libre configuración na LOMCE, se reduciu a dúas sesións semanais, o cumprimento da programación (contidos e estándares de aprendizaxe) vaise ver seriamente afectado, polo que cómpre facer unha **selección de autores e textos**, procurando que sexan o máis representativos posibles dos períodos e correntes da literatura do s. XX e XXI.

7.2.- Obxectivos.

Para alén dos obxectivos xerais de 2º de Bacharelato que xa constan nesta programación, son obxectivos específicos desta materia:

1. Coñecer a creación literaria do s. XX e da actualidade e utilizar de forma crítica as fontes bibliográficas e documentais adecuadas para o seu estudo, apreciando a obra literaria como fonte de enriquecemento persoal.
2. Ler obras literarias, identificar nelas os aspectos formais e temáticos que as individualizan e valoralas como expresión da sensibilidade do ser humano e da identidade cultural de Galicia.
3. Comprender a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural no que foi creada e recoñecer nela as influencias literarias e non literarias.
4. Valorar a riqueza temática da creación literaria do s. XX e a actual a través da análise do seu tratamento por diversos autores e mostrar interese pola actividade cultural desenvolvida por eles.
5. Establecer relacións entre textos da Literatura Galega do s. XX e a actual e textos doutras literaturas, explicando as conexións formais e temáticas existentes entre eles.
6. Elaborar sinxelos traballos de investigación sobre algunha obra ou aspecto salientable da mesma, utilizando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal argumentada.

7.3.- Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe mínimos esixidos.

Literatura Galega do Século XX e da Actualidade. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Aspectos comúns				
b d e p	B1.1. Lectura e interpretación de textos significativos do século XX e da actualidade, descrición neles dos aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoración destes como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.	B1.1. Ler e interpretar textos significativos do século XX e da actualidade, identificar neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoralos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.	LGSXX1.1.1. Le e interpreta textos significativos do século XX e da actualidade, identifica neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valóraos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.	CCL CCEC
n e p	B1.2. Análise dos elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como da estrutura e a técnica que os sustentan.	B1.2. Analizar os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan.	LGSXX1.2.1. Analiza e describe os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan.	CCL CCEC
e h p	B1.3. Estudo da relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecemento das influen-	B1.3. Estudar a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecer as influencias literarias e non literarias	LGSXX1.3.1. Estuda e describe a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñece as influencias literarias e non literarias presentes nela.	CCL CCEC

Literatura Galega do Século XX e da Actualidade. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	cias literarias e non literarias presentes nela.	presentes nela.		
ehp	B1.4. Valoración da pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores.	B1.4. Valorar a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores.	LGSXX1.4.1. Valora e describe a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores.	CCL CCEC
ehp	B1.5. Análise da relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e descrición das conexións formais e temáticas existentes entre eles.	B1.5. Analizar a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e explicar as conexións formais e temáticas existentes entre eles.	LGSXX1.5.1. Analiza e describe a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e explica as conexións formais e temáticas existentes entre eles.	CCL CCEC
ehp	B1.6. Estudo da relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e descrición de influencias e hibridacións.	B1.6. Estudar a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e describir influencias e hibridacións.	LGSXX1.6.1. Estuda e describe a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e describe influencias e hibridacións.	CCL CCEC
ehlp	B1.7. Elaboración de traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias e cunha opinión persoal argumentada.	B1.7. Elaborar traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal argumentada.	LGSXX1.7.1. Elabora traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emite unha opinión persoal argumentada.	CCL CCEC
ehp	B1.8. Creación de textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade.	B1.8. Crear textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade.	LGSXX1.8.1. Crea textos de intención literaria nos que ten presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade.	CCL CCEC
Bloque 2. Narrativa				
dehp	B2.1. Análise da narrativa galega do século XX e da actualidade, e descrición dos seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	B2.1. Analizar a narrativa galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os contextos e as influencias.	LGSXX2.1.1. Analiza a narrativa galega do século XX e da actualidade, e determina os seus paradigmas, os contextos e as influencias.	CCL CCEC
			LGSXX2.1.2. Comenta e compara textos narrativos da literatura galega do século XX e da	CCL CCEC

Literatura Galega do Século XX e da Actualidade. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			actualidade, e describe a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	
d e h p	B2.2. Estudo do relato e descrición das súas principais características: estrutura, técnicas e extensión.	B2.2. Estudar o relato e sinalar as súas principais características: estrutura, técnicas e extensión.	LGSXX2.2.1. Analiza o relato e sinala as súas principais características: estrutura, técnicas e extensión.	CCL CCEC
d e h p	B2.3. Estudo da novela e descrición dos seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo.	B2.3. Estudar a novela e describir os seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo.	LGSXX2.3.1. Analiza a novela e describe os seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo.	CCL CCEC
Bloque 3. Poesía				
d e h p	B3.1. Análise da poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	B3.1. Analizar a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	LGSXX3.1.1. Analiza a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	CCL CCEC
			LGSXX3.1.2. Comenta e compara textos poéticos da literatura galega do século XX e da actualidade e describe a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	CCL CCEC
d e h p	B3.2. Estudo do fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos.	B3.2. Estudar o fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos.	LGSXX3.2.1. Describe o fondo ou contido dos principais textos poéticos do período e describe temas e motivos.	CCL CCEC
d e h p	B3.3. Estudo da forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento).	B3.3. Estudar a forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento).	LGSXX3.3.1. Analiza a forma ou expresión dos principais textos poéticos do período e describe o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento).	CCL CCEC
Bloque 4. Teatro				
d e h p	B4.1. Análise do teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	B4.1. Analizar o teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	LGSXX4.1.1. Analiza o teatro galego do século XX e da actualidade e determina os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	CCL CCEC
			LGSXX4.1.2. Comenta e compara textos teatrais da literatu-	CCL

Literatura Galega do Século XX e da Actualidade. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			ra galega do século XX e da actualidade, e describe a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	CCEC
d e h p	B4.2. Análise do teatro desde a súa compoñente literaria e caracterización da traxedia, a comedia e o drama do período.	B4.2. Analizar o teatro desde a súa compoñente literaria e caracterizar a traxedia, a comedia e o drama do período.	LGSXX4.2.1. Analiza o teatro desde a súa compoñente literaria e caracteriza a traxedia, a comedia e o drama do período.	CCL CCEC
d e h p	B4.3. Análise do teatro como espectáculo e descrición do funcionamento dos elementos e axentes escénicos.	B4.3. Analizar o teatro como espectáculo e describir o funcionamento dos elementos e axentes escénicos.	LGSXX4.3.1. Analiza o teatro como espectáculo e describe o funcionamento dos elementos e axentes escénicos.	CCL CCEC
Bloque 5. Ensaio				
d e h p	B5.1. Análise do ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	B5.1. Analizar o ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	LGSXX5.1.1. Analiza o ensaio galego do século XX e da actualidade e determina os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	CCL CCEC
d e h p	B5.2. Análise de diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias.	B5.2. Analizar diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias.	LGSXX5.2.1. Analiza diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias.	CCL CCEC
d e h p	B5.3. Análise de diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas.	B5.3. Analizar diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas.	LGSXX5.3.1. Analiza diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas.	CCL CCEC
Bloque 6. A literatura e outras artes				
d e h p	B6.1. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine.	B6.1. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine.	LGSXX6.1.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine.	CCL CCEC
d e h p	B6.2. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música.	B6.2. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música.	LGSXX6.2.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música.	CCL CCEC
d e h p	B6.3. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas.	B6.3. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas.	LGSXX6.3.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas.	CCL CCEC
d e	B6.4. Análise das relacións, influencias e	B6.4. Analizar as relacións, influencias e pro-	LGSXX6.4.1. Analiza e describe as relacións, influencias e	CCL CCEC

Literatura Galega do Século XX e da Actualidade. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h p	produccións hibridadas da literatura e a fotografía.	ducións hibridadas da literatura e a fotografía.	produccións hibridadas da literatura e a fotografía.	
d e h p	B6.5. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada.	B6.5. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada.	LGSXX6.5.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada.	CCL CCEC
d e h p	B6.6. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías.	B6.6. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías.	LGSXX6.6.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías.	CCL CCEC

Esta materia de carácter optativo debe estar orientada a dar a coñecer de primeira man os **textos dos principais autores da nosa literatura máis contemporánea**, o que non se pode levar a cabo na materia común *Lingua galega e Literatura II*. O alumnado deberá adquirir unha **capacidade crítica de recoñecemento e interpretación dos mesmos**. Durante todo o curso esa debe ser a premisa principal que presida as tarefas da aula e de fóra da aula no tocante a esta materia. Nesa dirección se encamiñan os **mínimos esixibles**, que podemos sintetizar nos seguintes ítems:

1. Comprensión xeral da Literatura Galega (XX-XXI) que permita responder a cuestións segundo as épocas, xéneros, temas ou autores.
2. Relacionar autores, obras e feitos literarios (XX-XXI) cos acontecementos sociais e culturais e literarios que conformaban o seu contexto histórico.
3. Analizar a narrativa galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os contextos e as influencias.
4. Coñecer os narradores e as tendencias máis relevantes da literatura ao longo do século XX e principios do XXI.
5. Analizar a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
6. Coñecer os poetas e as tendencias máis relevantes da literatura ao longo do século XX e principios do XXI.
7. Estudar os principais textos poéticos do período, determinando temas, motivos e estilo.
8. Analizar o teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
9. Coñecer as tendencias, obras e autores máis representativos do teatro galego ao longo do século XX e na actualidade.
10. Ler, analizar, interpretar e comentar criticamente textos literarios representativos dos diferentes autores e épocas.
11. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios.
12. Coñecer e analizar diferentes tipos de ensaios literarios e non literarios.
13. Coñecer e analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura con outras artes, principalmente o cinema.

14. Elaborar comentarios, recensións ou exposicións das lecturas escollidas do Programa de lecturas.
15. Recoñecer a importancia da literatura como unha fonte de coñecemento.
16. Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos diferentes contextos comunicativos.
17. Ser quen de empregar determinados recursos de literariedade nos propios textos.

7.4.- Metodoloxía.

Con carácter xeral podemos afirmar que se aplicará unha metodoloxía práctica que esperte o interese do alumnado e o seu traballo diario.

Tratarase de combinar as explicacións teóricas da docente coa práctica e exercicios que realicen os alumnos/as. Así mesmo procurarase variedade de materiais que fagan atractivo o traballo e o estudo, empregando as TICs de maneira habitual. O soporte do traballo será unha **aula virtual** creada expresamente para esta materia. Nela o alumnado levará a cabo todas as tarefas encomendadas e contará cun completo repositorio de recursos. Desta maneira, de darse unha situación de confinamento, o alumnado adaptarase perfectamente ao continuar coa mesma plataforma de aprendizaxe que no sistema presencial.

Ademais, teremos en conta, os diferentes aspectos mencionados no apartado de Metodoloxía para *Lingua galega e Literatura II*.

7.5.- Criterios de cualificación.

Ademais de ter en conta o esforzo, a capacidade de traballo e a actitude na clase, os coñecementos do alumnado valorarase a través dos seguintes instrumentos de avaliación, pactados previamente e coa unanimidade do alumnado que cursa a materia:

Expresión oral (discurso espontáneo e panificado na aula): **1 punto.**

Lectura de 2 libros en cada avaliación (control por escrito): **2 puntos.**

Elaboración e exposicións de traballos sobre tendencias, obras e autores obxecto de estudo en cada avaliación: **2 puntos**

Control do coñecemento dos distintos aspectos da literatura a través de probas específicas: **3 puntos.**

Traballo na aula: **2 puntos.**

O alumnado diagnosticado con necesidades específicas terá unha adaptación destes instrumentos conforme as súas necesidades: exames escritos con preguntas cerradas, claras e con vocabulario sinxelo, traballos e exposicións con esas mesmas pautas, máis tempo para os exames e probas escritas, e mesmo dividilas en dúas sesións.

A avaliación será continua, polo que o aprobado dunha avaliación implica a recuperación da anterior. A cualificación obtida na 3ª avaliación será a mesma que a da Avaliación Ordinaria.

O Departamento elaborará unha proba única por nivel para os exames extraordinarios de xuño na que se pedirán os mínimos esixibles e no que se debe alcanzar 5 puntos dos 10 en que se valorará a proba.

O alumnado que fose sorprendido utilizando métodos fraudulentos na realización dun exame obterá a cualificación de 0 nesa proba.

A cualificación mínima para aprobar a materia serán **5 puntos**. Ningunha cualificación por baixo de 3 puntos será reconsiderada mesmo no caso de que un alumno ou alumna suspenda unicamente esta materia.

7.6.- Materiais e recursos didácticos.

Existe unha aula virtual creada e administrada pola profesora que imparte a materia. Esta aula aloxará recursos informativos diversos que están en Internet a disposición dos usuarios que desexen compartilos.

Nesta disciplina utilizaremos unha aula virtual creada e administrada pola profesora que imparte a materia. Esta aula aloxará recursos informativos diversos que están en Internet a disposición dos usuarios que desexen compartilos. Tamén se gardarán as tarefas que o alumnado realice neste soporte.

Tamén se traballará cos materiais (obras, revistas, enciclopedias...) da biblioteca do centro e, sobre todo, cos moitos materiais que nos ofrece a rede. Ademais de obras de consulta de carácter xeral (dicionarios, editoras, etc.) e páxinas web de autores concretos, salientamos ligazóns ao blog de aula, que aloxa ligazóns aos recursos máis interesantes da Rede: [Verbas no tempo](#)

7.7.- Medidas de atención á diversidade.

Ver apartado co mesmo título na Programación de Lingua galega e Literatura para segundo de bacharelato.

7-8.- Accións para a educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.

Ver apartado co mesmo título na Programación de Lingua galega e Literatura para segundo de bacharelato.

7.9.- Accións de contribución ao plan Tic do Centro.

Ver apartado co mesmo título na Programación de Lingua galega e Literatura para segundo de bacharelato.

7.10.- Accións de contribución ao proxecto Lector do centro.

Cada avaliación o alumnado lerá 2 obras cuxos títulos elixirá entre unha serie de propostas da profesora. Unha obra pode ser actual, se así o desexa, e a outra debe ser unha elixida entre as que figuran a continuación:

LISTA DE AUTORAS E AUTORES de lectura e traballo.

Primeira avaliación

7. Ramón Cabanillas (poesía, teatro)
8. Manuel Antonio
9. Castelao (narrativa, teatro)
10. Otero Pedrayo
11. Vicente Risco
12. Dieste (teatro)

Segunda avaliación

13. Celso Emilio Ferreiro
14. Manuel María
15. Luz Pozo Garza
16. Xohana Torres
17. Uxío Novoneyra
18. Ánxel Fole
19. Eduardo Blanco Amor
20. Álvaro Cunqueiro (narrativa e teatro)
21. Neira Vilas
22. Ferrín (narrativa e poesía)
23. María Xosé Queizán
24. Roberto Vidal Bolaño (teatro)

Terceira avaliación

25. Luís Seoane
26. Ana Romaní
27. Manuel Rivas
28. Yolanda Castaño
29. María Reimóndez
30. Agustín Fernández Paz
31. Teresa Moure (ensaio)

7.11.- Temporalización.

Abordaremos esta materia optativa de Literatura por períodos cronolóxicos e tendencias, igual que a materia de referencia: Lingua galega e literatura II para optimizar e retroalimentar aprendizaxes.

Así pois, establecemos esta distribución:

1ª avaliación: A literatura entre 1916 e 1936: Irmandades, Grupo Nós e Vangarda.

2ª avaliación: *A literatura entre 1936 e 1975: poesía, prosa (incluíndo a Nova Narrativa) e teatro.*

3ª avaliación: *A literatura do exilio e a literatura de fins do S XX e comezos do XXI*

Os bloques *Aspectos comúns, Ensaio e A literatura e outras artes* serán tratados

en menor medida e incardinados cos xéneros e bloques de cada unha das avaliacións.

7.12.- Actividades complementarias e extraescolares.

Ver apartado co mesmo título na Programación de Lingua galega e Literatura para segundo de bacharelato.

O feito de tratarse dun grupo reducido de alumnos e alumnas que comparten hora con outros compañeiros de aula que asisten a outras optativas dificulta a programación específica de actividades complementarias, que en ningún momento poderían exceder a duración dunha sesión.

Así e todo, procurarase que o alumnado participe en todas as actividades de carácter literario do propio centro (certames, premios, charlas con escritores, obras de teatro) e de ser posible acudir mesmo a algunha actividade en horario non lectivo, nomeadamente algunha representación teatral ou proxección cinematográfica.

Por último trataremos de convidar algún autor ou autora para realizar unha charla-coloquio, entrevista ou obradoiro, segundo as lecturas e os traballos realizados polo alumnado.

D. PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Cunha periodicidade mínima mensual, celebrarase reunións de departamento nas que se fará unha análise polo miúdo do desenvolvemento do curso en cada un dos niveis e grupos. Tomarase nota das posibles modificacións a considerar no futuro e procurarase corrixir aqueles aspectos que poden ser obxecto de mellora. As fontes de información para a análise serán o propio alumnado, os resultados académicos acadados e calquera outra información facilitada por distintos membros da comunidade educativa que poida ser relevante na toma de decisións relacionadas coa programación do departamento de Lingua e literatura galegas.

Nesta avaliación da programación teranse en conta indicadores de logro dos seguintes compoñentes: planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación e motivación do alumnado.

Eis a táboa de indicadores de logro:

DIMENSIÓN	INDICADORES	1	2	3	4	5
	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe.					
	2. Programa a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro.					

Planificación	3. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.						
	4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.						
	6. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.						
	7. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.						
	8. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.						
	9. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).						
	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.						
DIMENSIÓN	INDICADORES						
Desenvolvemento	1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)						
	2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.						
	3. Amona predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.						
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento do Proxecto.						
	5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.						
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.						
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.						
	8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.						
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.						
	10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,...)						

DIMENSIONES	INDICADORES					
Seguimento e Avaliación	1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.					
	2. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.					
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.					
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.					
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.					
	6. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.					
	7. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.					
	8. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.					
	9. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.					
	10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.					
	1. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.					
DIMENSIONES	INDICADORES					
Motivación do alumnado	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.					
	2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).					
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.					
	4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.					
	5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses					

	do alumnado.					
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.					
	7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.					

Os INDICADORES DE LOGRO mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes indicadores cubriranse coas achegas do alumnado, aos que se lle poderá pasar unha a [enquisa de satisfacción académica](#) deseñada pola xefa de departamento e/ou coas achegas do profesorado que imparte as materias adscritas a este Departamento.

Pedirase ao alumnado que valore en escalas de 1 a 5, sendo 1 (mal), 2 (regular), 3 (suficiente), 4 (ben) e 5 (moi ben), cuestións que versan sobre os diferentes aspectos do desenvolvemento da programación curricular. En concreto, pregúntase directamente:

1. Como valoras o sistema de avaliación?
2. Como valoras os criterios de avaliación aplicados?
3. Como valoras a información subministrada sobre a programación e todo o relativo a revisión e reclamación sobre probas e avaliación final?
4. Como valoras os recursos empregados.
5. Como foi a información subministrada pola profesora?
6. A claridade na exposición dos contidos por parte da profesora estivo... ?
7. Como valoras a relación entre a información proporcionada pola profesora e as tarefas de avaliación ?
8. Como valoras a relación da profesora co alumnado e o clima de aula creado?
9. Como valoras a accesibilidade da profesora fóra do horario da clase de Lingua galega?
10. Como valoras a utilidade para a túa aprendizaxe da aula virtual?
11. Como valoras a utilidade para a túa aprendizaxe do blog de aula?
12. Como valoras para a túa aprendizaxe o libro de texto?
13. Como valoras para a túa aprendizaxe as actividades complementarias e extraescolares?
14. Como valoras a aprendizaxe obtida en relación cos teus coñecementos previos?
15. Como valoras a relación entre os coñecementos acadados e a cualificación outorgada pola profesora?
16. Como valoras o cumprimento das túas expectativas nesta materia?

Asinan esta programación as persoas compoñentes do Departamento:

D. Ignacio Rodiño Caramés

D.^a Olga Amigo Devesa

Noia, 14 de setembro de 2021